



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 6

Sesión plenaria
23 de setembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG18vHgAcu38
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 3. Comparecencia

1409 (11/PPP-000003)

Do Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 1849 (11/POPX-000001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a rectificación da xestión educativa tras o fracaso do Goberno galego no inicio do curso escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

6.2 1864 (11/POPX-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a disposición do presidente da Xunta de Galicia a un diálogo real para acadar un gran acordo de país que permita erguer Galicia nun momento excepcional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 1822 (11/PUP-000066)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e nove deputados/as máis

Sobre a resposta dada polo Goberno central á demanda da Xunta de Galicia de carga de traballo para Navantia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.2 1028 (11/POP-000053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dalgún tipo de axuda directa para as persoas autónomas e pemes que lles permita afrontar as consecuencias económicas derivadas da crise da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020



7.3 1231 (11/POP-000082)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar o empeoramento ou supresión do servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes, de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

7.4 884 (11/PUP-000047)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Porro Martínez, María Corina e seis deputados/as máis**

Sobre os criterios e a finalidade que tiveron as medidas de cribado para a detección da covid-19 realizadas a determinados colectivos nos últimos meses

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

7.5 975 (11/POP-000044)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a cifra exacta de rastrexadores existentes na actualidade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

7.6 1824 (11/PUP-000067)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre os erros que xeraron unha situación de contaxio masivo por covid-19 nas residencias de maiores, como nas do Incio e de Outeiro de Rei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.7 1827 (11/PUP-000069)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Armada Pérez, José Antonio e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da orixe e das causas dos distintos lumes que asediaron a provincia de Ourense na segunda fin de semana de setembro de 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.8 1831 (11/PUP-000070)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e González Albert, María**

Sobre a opinión da Consellería do Medio rural respecto das causas da reiteración dos lumes en Galicia, nomeadamente na provincia de Ourense, e as medidas previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.9 1202 (11/POP-000078)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre a consideración polo Goberno galego da posibilidade de reinvestir no propio sector marisqueiro a parte que poida quedar sen adxudicar do orzamento destinado á convocatoria de axudas da Consellería do Mar publicada na Orde do 4 de agosto de 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a rectificación da xestión educativa tras o fracaso do Goberno galego no inicio do curso escolar. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 8.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 9.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 10.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a disposición do presidente da Xunta de Galicia a un diálogo real para acadar un gran acordo de país que permita erguer Galicia nun momento excepcional. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 17.)

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica que a pregunta que figura en segundo lugar do punto sétimo da orde do día será formulada a continuación. (Páx. 18.)

Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dalgún tipo de axuda directa para as persoas autónomas e pemes que lles permita afrontar as consecuencias económicas derivadas da crise da covid-19. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 19.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 20.)

Réplica do autor: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 21.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 22.)



Comparecencia do Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 23.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 42.), *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 45.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 48.)

Réplica do Goberno: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 51.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 56.) Nesta rolda interveñen o señor Arangüena Fernández (S) (Páx. 56.), o señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 58.), a señora Prado del Río (P) (Páx. 60.) e o señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 63.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada. (Punto preliminar da orde do día.)

En cumprimento do previsto no artigo 7 do Regulamento, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia á nova deputada dona Teresa Egerique Mosquera. (Páx. 66.)

A señora D^a Teresa Egerique Mosquera presta o seu xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 67.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a resposta dada polo Goberno central á demanda da Xunta de Galicia de carga de traballo para Navantia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rey Varela (P).* (Páx. 67.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 68.)

Réplica do autor: *Sr. Rey Varela (P).* (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 70.)

Aprazamento dunha pregunta da orde do día

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a decisión de aprazar a pregunta que figura en terceiro lugar no correspondente punto da orde do día. (Páx. 71.)



Pregunta de D^a María Corina Porro Martínez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os criterios e a finalidade que tiveron as medidas de cribado para a detección da covid-19 realizadas a determinados colectivos nos últimos meses. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 71.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 72.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 74.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a cifra exacta de rastrexadores existentes na actualidade en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 75.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 76.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 78.)

Pregunta de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os erros que xeraron unha situación de contaxio masivo por covid-19 nas residencias de maiores, como nas do Incio e de Outeiro de Rei. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 79.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 82.)

Acumulación de dúas preguntas ao Goberno

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as preguntas que figuran na orde do día como puntos 7.7 e 7.8 para a súa formulación conxunta. (Páx. 83.)

Pregunta de D. José Antonio Armada Pérez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da orixe e das causas dos distintos lumes que asediaron a provincia de Ourense na segunda fin de semana de setembro de 2020. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e D^a María González Albert, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión da Consellería do Medio Rural respecto das causas da reiteración dos lumes en Galicia, nomeadamente na provincia de Ourense, e as medidas previstas ao respecto. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Armada Pérez (P)* (Páx. 83.) e *Sr. Rivas Cruz. (BNG)*. (Páx. 84.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 85.)

Réplica dos autores: *Sr. Armada Pérez (P)* (Páx. 87.) e *Sr. Rivas Cruz. (BNG)*. (Páx. 88.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 89.)



Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a consideración polo Goberno galego da posibilidade de reinvestir no propio sector marisqueiro a parte que poida quedar sen adxudicar do orzamento destinado á convocatoria de axudas da Consellería do Mar publicada na Orde do 4 de agosto de 2020. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 91.)*

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 91.)*

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 93.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 93.)*

O señor presidente, antes de finalizar a sesión, agradécelles aos deputados e ás deputadas o desenvolvemento desta primeira sesión e recórdalles que, segundo o Regulamento da Cámara, dentro do hemiciclo non se poden facer fotos nin gravacións. (Páx. 94.)

Remata a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día, retomamos a sesión co punto sexto da orde do día, que se corresponde con preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a rectificación da xestión educativa tras o fracaso do Goberno galego no inicio do curso escolar

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, di o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 31 que é de competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades. E o certo é que Galicia está fondamente preocupada polos problemas do inicio do curso escolar e pola falla de xestión por parte do Goberno autonómico. A partir de hoxe, 23 de setembro, arrancan as clases de secundaria, bacharelato e formación profesional, despois de que o Goberno tivese que rectificar as súas propias intencións de forma continua ante a súa incapacidade e fracaso polos seus plantexamentos.

¿Que fixeron vostedes, señor Feijóo, durante seis meses para organizar o inicio do curso escolar? ¿Onde estiveron os responsables de educación? Tras seis meses de pandemia e cun verán incluído, vostedes non fixeron o seu traballo, e xeraron unha fonda preocupación, desconcerto e falla de organización na comunidade educativa. Durante semanas negaron a realidade á comunidade, aos pais e ás nais, desprezaron o diálogo e o consenso e logo tiveron que improvisar. A súa xestión foi a improvisación continua para o inicio do curso escolar.

O 10 de setembro o presidente da Xunta dicía que se estaba iniciando o curso con total normalidade. Non se fixera o traballo de buscar profesorado extraordinario, contratación extraordinaria, o que posibilitaban os fondos da covid, como fixeron outras comunidades ao longo dese tempo —por exemplo, Castela-A Mancha, que preveu esa organización cos mesmos fondos de Galicia para 2.000 docentes máis—. Non fixeron un mapa dos espazos educativos. Non previnon a organización e a dotación de máscaras gratuítas para o alumnado. Non plantexaron un plan de necesidades educativas específicas reforzadas para o alumnado con máis dificultades.

Ese 10 de setembro vostede dicía que o curso se iniciaba con normalidade, pero houbo un rexeitamento e un plante total. Recibi vostede a carta de decenas de directores de centros de ensino secundario que lle dicían que o curso non podía empezar, e por iso tiveron que aprazalo. E por iso están agora 150.000 alumnos empezando entre hoxe, mañá e pasado a súa actividade, cunha situación na que o caso de Galicia é un caso sen parangón na mala xestión do inicio do curso escolar, soamente equiparable ao que fixo a Comunidade de Madrid.

Galicia estivo na cola das previsións, da organización. Mentres en Valencia no mes de xullo xa se falaba de protocolos con distintos escenarios e se plantexou nova contratación, así como



se barallou tamén o escenario de acordos coa comunidade educativa, aquí non houbo xestión. Vostede, señor Feijóo, abandonou a comunidade educativa. Vostede non fixo o seu traballo para reforzar un inicio de curso que é especialmente complexo. As cousas son complexas, pero, cando non se fai nada nin se acerta, entón as cousas son moito máis complicadas.

Pedímoslle que rectifique toda a súa falla de xestión ao longo destes seis meses para o inicio do curso escolar, que se poña ao carón dos pais e nais, da comunidade educativa, que pida desculpas polos erros e que contribúa a un novo escenario que permita posibilitar as maiores garantías posibles para os estudantes e para a comunidade educativa do noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, na última sesión de control, antes das eleccións, preguntábame vostede sobre o suposto fracaso da Xunta na xestión sanitaria. Agora vólveme preguntar sobre o fracaso da Xunta no ámbito educativo. Eu creo que o seu grupo sabe moito máis de fracaso que este grupo maioritario. Pero, en todo caso, se vostede quere falar de fracasos sen mirar o propio, eu non teño inconveniente en explicar as grandes dificultades que están pasando todas as comunidades autónomas no inicio do curso escolar.

Efectivamente, temos competencia nos temas educativos, dentro das bases que dite a Administración xeral do Estado. Iso di o Estatuto e a Constitución española de forma conxunta.

Creo que é atrevido falar de fracaso no inicio do curso escolar. Non soamente é atrevido senón que, ademais, é inxusto. Iniciar un curso escolar sempre ten dificultades, pero iniciar un curso escolar en plena pandemia non ten ningún antecedente en toda a historia próxima e recente de España. Polo tanto, señorías, nestes momentos, dende o 10 de setembro, en que hai máis de 250.000 persoas, entre escolares, profesores, persoal non docente e persoal de servizos xerais, que están impartindo clases de primaria e de infantil con normalidade e con aproximadamente 160 infectados —o que supón o 0,06 % do total—, dicir que este curso empezou de forma inaxeitada, e cando resulta, señorías, que temos estas porcentaxes no ámbito epidemiolóxico e cando do total de persoas infectadas en Galicia tan só o 3,7 % afecta o sistema educativo, é algo —insisto— inxusto.

Dicir que non fixemos nada, cando no mes de xullo presentamos o primeiro protocolo —o primeiro protocolo de España—, cando levabamos desde o mes de maio pedíndolle ao Goberno central que establecese un protocolo único para todo o sistema educativo español e non o conseguimos ata o 27 de agosto —fomos a primeira comunidade autónoma que traspuxo ese protocolo único do Estado ao ámbito territorial, e o 16 de setembro modificamos ese protocolo coas propostas do comité clínico—, cando fixemos un cribado a máis de 40.000 docentes para coñecer o seu estado epidemiolóxico e cando neste momento estamos con-



tratando máis de dous mil profesores, dicir que todo isto é un fracaso, señor Caballero, con todos os respectos, é, efectivamente, unha falta de respecto aos profesionais docentes, aos profesionais sanitarios e á comunidade educativa. *(Aplausos.)*

Señorías, hai comunidades autónomas do Partido Socialista que aínda non empezaron o curso escolar, e aquí houbo eleccións e cambio de goberno. E agora pídesenos que fagamos as cousas de forma distinta. ¿Houbo que modificar e rectificar determinadas cuestións? Sen dúbida. ¿Asumo esas modificacións e rectificacións? Tamén. Pero que veña dar leccións o Partido Socialista sobre o inicio do curso escolar non deixa de ser un sarcasmo.

Señor Caballero, mire, nós imos seguir sendo responsables e leais co Goberno central, aínda que o Partido Socialista en Galicia non sexa nin responsable nin leal coa comunidade educativa. E por iso mañá imos aprobar outra vez outra proposta, que é un plan de continxencia para a educación non presencial, ou semipresencial, con máis ordenadores, con máis formación e con máis medios.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Caballero, hoxe iníciase, precisamente, como vostede dicía, o curso na secundaria, en formación profesional e bacharelato, e imos seguir traballando como fixemos en infantil e na primaria. E por iso, señor Caballero, ten vostede moi pouca confianza no sistema educativo. Nós temos absoluta confianza no sistema educativo de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica do señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor Feijóo, nós temos toda a confianza no sistema educativo e na comunidade educativa, pero a comunidade educativa non confía neste Goberno e nesta Consellería de Educación. Por iso vostede recibiu ducias de cartas de directores de centros que dicían que non o estaban facendo ben. E cando, a pesar de que os pais e nais en Galicia estamos moi preocupados polo inicio do curso escolar, vostede responde que está moi tranquilo porque gañou unhas eleccións e iso é o seu éxito, o seu éxito non é o éxito dun país que está preocupado. Ese plantexamento, señor Feijóo, é errado. Porque o protocolo de xullo foi un protocolo errado e por iso tivo que mudalo de arriba a abaixo, e por iso non fixo os deberes mentres outras comunidades os facían. Por iso non sabemos no que gastou vostede os 93 millóns de euros que do fondo da covid lle chegaron a Galicia para educación. E, por certo, está ben que sempre plantexemos cambiar os criterios. Póñase vostede de acordo tamén coa súa homóloga da Comunidade de Madrid se quere cambiar eses criterios de educación, que nós imos traballar polos mellores criterios para Galicia cando agora se distribúa, en función do número de estudantes que hai no conxunto do país, en cada unha das comunidades. Non siga vostede botando balóns fóra e asuma o seu problema.



¿Como que non houbo unha crise? Vostedes plantexaron distintos números de profesores. Ao principio dicían que ía chegar con contratar 200 profesores máis, despois dixeron 800, agora 1.800 —que aínda non están nas aulas e que aínda non houbo nese inicio—. Dimi-tiron directores nos centros, houbo abandono das posibilidades de garantir aos concellos a limpeza dos centros que lle están reclamando. Hai unha falla de consenso coa comuni-dade educativa. Non contrataron os docentes con dilixencia, como se fixo noutras comu-nidades que si previñeron o inicio do curso escolar. Houbo, por iso, señor Feijóo, unha substitución na Consellería de Educación, que vostede motivou porque vostede sabe que fracasou na súa política educativa, e ademais constituíen un comité de expertos esta se-mana, cando xa o curso escolar tiña que estar empezado, para intentar poñer pequenos remendos pola súa falla de xestión. As súas solucións foron mamparas, liberdade para os centros e semipresencialidade. E para esa semipresencialidade ¿onde está un plan de di-xitalización que garanta a todos os alumnos de Galicia un ordenador e unha posibilidade de ter conexión a internet para este curso?

Tampouco houbo ningún avance significativo en seis meses de pandemia en materia edu-cativa. Aínda hai áreas, como a de Vigo, que seguen sen comedores escolares, co problema que implica isto para a conciliación. E non hai resposta, porque a súa resposta é a de enca-sillarse. O Goberno de España dotou con 93 millóns de euros extra a Comunidade Autónoma galega para este inicio de curso. ¿Cantos millóns de euros puxo vostede dos orzamentos da Xunta de Galicia —que educación é a súa competencia—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...para complementar as necesidades do inicio do curso es-colar? ¿Onde estivo ese compromiso coa contratación docente?

Señor Feijóo, nós temos toda a confianza na comunidade educativa —eu son membro desa comunidade educativa—, pero, con toda a confianza nesa comunidade, a comunidade sabe que quedou soa, que estivo abandonada, que non houbo unha Consellería de Educación que fixera os deberes a carón desa mesma comunidade. E por iso lle pedimos que asuma os erros cometidos e que afronte o futuro cun novo estilo de diálogo, de consenso e de cooperación cos pais, nais e coa comunidade educativa...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que lle están pedindo que aposte por unha educación pública de calidade para todos e para todas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: E máis neste inicio de curso escolar. Educación pública e gra-tuíta para todos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.



O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e traballo dende a Xunta de Galicia para poder salvar unha situación tan complexa...

Moitas grazas, señor Caballero.

(Aplausos.)

Peche desta pregunta.

Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, fala vostede das eleccións, eu non. Agora ben, se cre que as eleccións foron un éxito persoal do presidente da Xunta de Galicia, equívocase. As eleccións son unha vontade democrática —expresada nas urnas— do pobo de Galicia. Non é un éxito de ninguén, é o que quixeron os galegos e por iso votaron os galegos. Vostede na primeira pregunta fala de fracaso, señor Caballero, e o fracaso creo que non está nestas bancadas. E por iso lle digo, con total responsabilidade, que, se lle chegamos a facer caso a vostede, hoxe estaríamos en campaña electoral facendo as eleccións en setembro. *(Murmurios.)* Era a súa proposta, señor Caballero. *(Murmurios.)* Estaríamos facendo as eleccións no momento de maior irresponsabilidade en que se podían facer. A vostede non lle importaba nin o curso escolar nin que non houbera presidente nin que non houbera goberno nin que non houbera parlamento no mes de setembro, porque o único que lle importaba simplemente era meterlle medo á xente para que fose votar no mes de xullo. *(Aplausos.)* Por iso é sorprendente, señoría, que vostede veña falar de fracaso. *(Aplausos.)*

Mire, señor Caballero, eu respondo ante os galegos en todas as decisións que asumo e, por suposto, nas que me equivoco. Pero o que non é de recibo é que vostede me veña falar aquí de lealdade e de fracaso. Vostedes fixeron unha proposta. Teño aquí unha proposta do Partido Socialista de Galicia. Moi ben, ¿saben cando fixeron vostedes a proposta? Ao día seguinte de que o Goberno de España presentara o protocolo para iniciar o curso escolar. *(Murmurios.)* *(Risos.)* ¿Parécelle que isto é preparar o curso escolar, señor Caballero? ¿Preparar o curso escolar é facer unha proposta o 27 de agosto?

Mire, levamos desde o mes de maio todos os presidentes autonómicos solicitando un protocolo para o inicio do curso escolar, e o Goberno de España —con 22 ministerios— propono o 27 de agosto. ¿Sabe o que era fácil? O que fixeron vostedes, suspender todas as clases durante todos os meses desde o mes de marzo. Iso era o fácil. O difícil era iniciar un curso escolar en plena pandemia, e iso é o que fixo o Partido Popular, *(Aplausos.)* iniciar un curso escolar en plena pandemia. *(Aplausos.)*

Fala vostede, señor Caballero, dos fondos covid. Pero ¿de verdade que vostede vén defender aquí os fondos covid que lle trasladaron a Galicia cando resulta que temos o 10 % do gasto de comedores escolares de España e que, de cada 5 euros en transporte escolar en España, 1 se gasta en Galicia e que todo iso vale cero desde o punto de vista da repartición do finan-



ciamento do Partido Socialista? Señor Caballero, vostedes quitáronnos 36 millóns de euros para iniciar o curso escolar. Son 36 millóns de euros menos dos que nos corresponde por poboación escolar, por comedores e por transporte. E a pesar diso estamos contratando 2.000 profesores. ¿Sabe o que supón contratar 2.000 profesores e mais os gastos correntes que supón e as indemnizacións aos colexios concertados? Supón 96 millóns de euros só en nómina. ¿E dime que non investimos na educación? Vai ser o curso escolar con máis profesores da historia e probablemente con menos horas lectivas. Xa eramos a comunidade autónoma con máis profesores por alumno e agora subimos un punto máis.

Por tanto, señor Caballero, pídlle un pouco de respecto, en primeiro lugar, sobre o concepto de fracaso; en segundo lugar, sobre o concepto de responsabilidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A pregunta que eu lle fago, dende a máis absoluta humildade, é se vostede vai seguir con este plantexamento de oposición ou vai rectificar. A partir do 12 de xullo vexo que non, na primeira non. Despedíase vostede falando de fracaso sanitario e resulta que o Goberno de España di que unha das comunidades autónomas que xestionou mellor a pandemia foi Galicia. E agora inicia co de fracaso escolar e resulta que hai comunidades autónomas socialistas que aínda non empezaron —e nas que non houbo nin eleccións nin cambio de goberno—. ¿Hai algunha comunidade socialista que fixera o que vostede plantexa aquí? ¡Ningunha! Ningunha, señor Caballero.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por tanto, mire, nós... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por favor, se quere vostede recoller o que din os sindicatos en Valencia ou en Castela-A Mancha, teño aquí os recortes. Pero, como vostede non ten tempo nin sequera de velos, tampouco vou ter tempo eu de ensinalos.

Pero non hai ningún problema, señor Caballero. Mire, nós somos once consellerías. ¿Podemos cometer fallos? Por suposto. Somos a metade das que ten o Goberno. Habendo un goberno en España que se desentendeu da pandemia, que se desentendeu do inicio do curso escolar, que se desentendeu dos problemas que temos as comunidades autónomas en plena pandemia, que veña o seu representante en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a falar do curso escolar non deixa de ser simplemente unha broma. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Sabe unha cousa, señor Caballero? Teño moita máis confianza nos profesores ca vostede.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a disposición do presidente da Xunta de Galicia a un diálogo real para acadar un gran acordo de país que permita erguer Galicia nun momento excepcional

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Bo día.

Estamos vivindo unha situación excepcional que require previsión, anticipación e unha resposta á altura do desafío que temos por diante tanto desde o punto de vista sanitario como social e económico. Previsión e anticipación son sempre as obrigas dun goberno, pero é que son imprescindibles nun momento no que estamos vivindo unha pandemia. E era normal que ningún goberno estivese preparado en marzo, o que non é normal é que seis meses despois a improvisación siga sendo a marca do seu Goberno.

Hai improvisación na xestión das residencias de maiores, e, en vez de recoñecer os erros, o que fai é vetar unha comisión de investigación. Onte quedaron retratados os intereses que defende cadaquén. E hai improvisación nos rastrexadores e no inicio de curso. E eu quero facerlle un recoñecemento á comunidade educativa, ao profesorado e ás ANPA, que están co seu labor suplindo a incompetencia do seu Goberno. (*Aplausos.*) Sería bo que, en vez de escoitar tanto os sindicatos de Valencia, escoitara o que din os sindicatos en Galiza. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Non podemos permitir, señor Feijóo, que esta improvisación se instale tamén no ámbito da reactivación económica, porque temos en xogo o futuro de Galiza, o futuro da cidadanía deste país. Por iso hoxe desde o BNG queremos ofrecerlle que negociemos unha posición de país ante un asunto que é clave: o financiamento da reactivación económica de Galiza. Porque, mire, para que haxa reactivación necesitamos recursos, necesitamos un investimento público potente e non podemos permitir que Galiza fiquen discriminada ou reciba menos do que lle corresponde.

E esa comisión de país debe articularse neste momento en dúas fontes de financiamento que se están negociando agora mesmo: a primeira son os orzamentos do Estado; e a segunda, ese fondo covid europeo de 140.000 millóns de euros. Galiza non pode estar sen posición ante dous asuntos que son clave nun momento no que cada euro conta e nunha situación durísima, con consecuencias moi graves no noso tecido empresarial, no emprego, nos salarios e en moitos sectores económicos do país.

O que non podemos volver repetir, e menos no medio desta crise, son os recortazos. Xa tivemos abondo co recortazo de 442 millóns de euros co que se despedía Rajoy da Moncloa ou co recortazo de 750 millóns de euros que nos tiñan preparado o PSOE e Podemos neses or-



zamentos fallidos. E tampouco podemos permitir que, na repartición dos fondos europeos, o centralismo madrileño leve a parte do león e que a Galiza lle queden as migallas, porque iso xa o vivimos noutras negociacións da Unión Europea e así lle foi a este país. E, para evitalo, a mellor opción é que teñamos unha posición de país, que cheguemos a un acordo aquí e que nos comprometamos a defender en todos os foros e institucións o mesmo, a defender o mesmo en Madrid. Iso é o que nos fai fortes ante unha negociación co Estado.

Señor Feijóo, ten a oportunidade de demostralo e tamén de demostrarnos que non ía de farol con esa oferta de diálogo e consenso que expresou nesta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, fala vostede de improvisación e de non sei cantas cousas no inicio do curso escolar. Creo que xa lle respondín ao secretario do Partido Socialista. O que si é certo, señoría, é que vostede fala de compromiso con Galicia pero o que fai o BNG é alentar unha folga no inicio do curso escolar antes de coñecer nin sequera o protocolo de actuación nas aulas. Iso é defender o país, ¿verdade?, facer unha folga. Antes de coñecer sequera o protocolo pactado en Madrid, trasposto aquí e axustado a Galicia, vostedes plantexan e alentan unha folga. Evidentemente, a maioría dos profesores non lles fixeron caso. E fala vostede dos rastreadores ignorando o que fai o persoal de atención primaria, o que fai o persoal de medicina preventiva nos hospitais, o que fan os equipos das catro xefaturas territoriais de Sanidade, o que fai o centro de seguimento de contactos. Miles de persoas están traballando e rastreando, e por iso nos datos epidemiolóxicos de Galicia de momento somos a segunda comunidade autónoma con menor ocupación en camas e a segunda comunidade autónoma con menor ocupación en UCI. Vén vostede aquí simplemente a tirar pola borda o traballo que estiveron facendo miles de persoas durante todas estas semanas e durante todos estes meses. Tamén fala vostede de non sei que da comisión das residencias. Pero onte xa quedou claro: ¿non imos constituír unha comisión de reactivación? Falemos do que queiramos falar. ¡Pero se vostedes se negaron a facer unha comisión de investigación non do que pasou nas residencias senón de cantos mortos houbo en España! ¡Se o único deputado do BNG no Congreso dos Deputados votou a favor do Partido Socialista e de Podemos simplemente dicindo que non se pode nin investigar o número de falecidos en España! Vén falar aquí de que temos que facer unha investigación nas residencias. ¡Todas as que queira, sen ningunha dúbida! Mire, sabemos exactamente cantos faleceron nas residencias. Sabemos que neste momento o 1,1 % das 25.000 persoas residentes están contagiadas —o 1,1 %—. Por iso, señora Pontón, se lle interesa realmente o país, debería protexelo, non criticalo, non vilipendialo de forma continuada.

Dime se estamos dispostos a un diálogo real. A resposta é moi sinxela: ¡si! Pero non soamente estou disposto, é que estou convencido de que é necesario. E por iso hoxe mesmo iniciamos o diálogo social cos sindicatos ao saír deste pleno. E por iso a semana pasada acordamos cons-



tituír unha comisión de reactivación por acordo dos grupos parlamentarios. E por iso eu mesmo lle reiterarei por carta o meu compromiso de iniciar esa comisión. Espero e desexo que o BNG veña a esa comisión en serio e non veña á comisión, por exemplo, coa mesma postura que na Mesa do Pacto Demográfico, levantándose dela; ou na comisión de sanidade que vostedes plantexaron e que nós aceptamos, da que tamén se levantaron; ou, señoría, como no recente debate de investidura, plantexándome que colla as propostas anticuadas do BNG fronte a unha pandemia, como é un banco público, unha tarifa eléctrica, un concerto económico... Comprenderá, señora Pontón, que se collo isto estou traizoando a maioría dos votantes de Galicia.

Por tanto, señoría, nós queremos diálogo, sen dúbida; e tamén produtivo. E estamos dispostos a falar con vostedes de todo o que sexa necesario. O que lle pedimos, señora Pontón, é que o BNG non inicie cunha man o diálogo e coa outra man convoque folgas de forma indiscriminada, porque iso non é dialogar, señoría. Iso é enganar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E ao Parlamento non se vén enganar a ninguén. Se vostede quere diálogo, haberá diálogo. Se vostede quere acordo, pode haber acordo. O que non é razoable é que vostede fale aquí de diálogo e na rúa de folgas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, o que non podemos ver é como aquí se repite mimeticamente o mesmo papel. Vén aquí facer de oposición da oposición e vén continuamente intentar esconderse detrás dos profesionais, que están facendo un labor, desde logo, que nós recoñecemos. Cada vez que se lle fai unha crítica a vostede, á incapacidade do seu goberno, o que non pode é intentar desprestixiar e atacar os profesionais do sistema educativo; por exemplo, como o está facendo vostede agora mesmo. Paréceme absolutamente deshonesto que, cando hai un profesorado que está dando a cara, traballando, deixando a pel para sacar a adiante a situación dos seus centros, veña vostede aquí a atacalos. É, desde logo, absolutamente deshonesto, señor Feijóo, deshonesto. (*Aplausos.*) Esa non pode ser a súa carta de presentación, porque o que tería que facer sería pedirllas desculpas precisamente aos profesionais da sanidade, aos profesionais do sistema educativo e aos pais e ás nais pola súa improvisación e os seus bandazos continuos. ¿Que estivo facendo durante estes seis meses, señor Feijóo? ¿Que estivo facendo en vez de iniciar o curso escolar con todas as garantías? ¿Como pode seguir na mentira dos rastrexadores, de que hai seis mil rastrexadores neste país? É falso, señor Feijóo. E o que a nós nos preocupa é que Galiza teña os peores datos á hora de localizar os focos de contaxios. E iso é o que lle debería de preocupar a un presidente responsable que non estea única e exclusivamente instalado na propaganda no medio dunha pandemia.

Mire, nós falámoslle de dous temas que van ser cruciais para o futuro da reactivación económica —porque non vai poder haber reactivación económica sen recursos—, e non fixo



nin tan sequera mención a eles. Parece que a vostede non lle interesa dialogar nun asunto tan importante e no que estamos poñendo en xogo o financiamento da reactivación. Vostede ¿que vai apoiar?, ¿os intereses do centralismo madrileño representados en Ayuso —que xa nos dixo que Madrid tiña que estar privilexiada— ou quere conformar unha posición de país para que non se repita a historia que xa nos pasou e que xa sabemos as consecuencias que ten, que é unha Galiza discriminada? Nós ofrecémoslle a man para traballar por Galiza. Deixe de facer de oposición da oposición e lidere realmente o país, porque estamos nun momento en que Galiza necesita un presidente e non un presidente submisos aos intereses de Casado e de Madrid.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non crea, señora Pontón, que eu veño aquí faltarlles ao respecto aos profesionais educativos. Non, eu veño aquí defendelos. (*Murmurios.*) Si, si, vostedes plantexan a súa ideoloxía nas aulas, nas ANPA, nos lugares docentes. Nós non, nós vimos aquí defender que antes de iniciar un curso escolar traballemos todos. Nun país cunha pandemia os señores do BNG alentan unha folga antes de coñecer nin sequera os protocolos sanitarios para abrir as aulas. Esa é a crónica do que ocorreu en Galicia. E é lamentable, señora Pontón. É lamentable que vostedes nin sequera en pandemia se poñan arredor das institucións sanitarias e docentes para ver como podemos traballar xuntos. E iso xa está no seu inicio de lexislatura: unha folga no ensino —cunha porcentaxe de participación do 12 %—. Pero ¡alá vostedes!, prosigan.

E consideran que os rastrexadores en Galicia son un desastre. ¡Pero como que un desastre, se temos os mellores datos epidemiolóxicos de España, xunto con Asturias e Valencia! ¿Como podemos ser un desastre cando resulta que temos o control da pandemia —dentro das dificultades de controlar unha situación como esta— moi por riba do resto de España?

Mire, señora Pontón, en España o número de infectados por día, por cada día, é o dobre de todos os que temos en Galicia dende que empezou a pandemia. Pero ¡como pode vostede vir falar aquí de que os rastrexadores non están cumprindo o seu labor! Pero ¡que irresponsabilidade é esta! ¿Como podo aceptar, como presidente de Galicia, a deterioración na sanidade pública na que vostede segue insistindo incluso en plena pandemia? Non o vou aceptar, señora Pontón. Porque, se o aceptase, nin sería presidente da Xunta nin sería un bo galego. (*Aplausos.*) E por iso, señora Pontón, non imos mirar cara a outro lado.

Señora Pontón, mire, fala vostede do centralismo madrileño e critica o Partido Socialista e a Podemos, cos que vostede goberna en todas as institucións. Pero ¡que cinismo é este! ¿De verdade que imos empezar a lexislatura criticando agora incluso os seus socios?

Pero, señora Pontón, vostede estivo calada cando da covid no ámbito educativo nos sacaron 36 millóns de euros, que nos corresponden por poboación, transporte e comedores. Estivo



calado o nacionalismo galego. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E estivo calado cando no ámbito sanitario volveron facer as contas do gran capitán, efectivamente, para favorecer a Madrid e a Cataluña. O nacionalismo galego, calado. (*Aplausos.*) Por iso, señora Pontón, mire, a oposición en Galicia vai ter máis posibilidades ca nunca para facer unha oposición construtiva. Son votedes os que teñen que escoller o camiño, o camiño da maioría dos galegos, que é ir xuntos, ou o camiño que levan facendo durante os últimos once anos.

E a Xunta ten unha man tendida, sen dúbida. Eu diríalle que as dúas, non vaia ser que cunha man falemos co BNG e coa outra man o BNG convoque folgas en todos os sectores produtivos. Hai que decidir, señora Pontón. Nós estamos para pactar con vostedes. Vostedes ¿están para pactar coa maioría de Galicia ou para dicir que pactan e simultaneamente crear conflitos? Señora Pontón, pídlles que teñan con Galicia a décima parte da xenerosidade que teñen co Goberno de España. Dixéronlle que si á sesión de investidura, dixeron que ían conseguir cousas maravillosas: incrementar os presupostos no país, baixar as peaxes da AP-9, a transferencia da AP-9... Pero, señora Pontón, esta é a súa tarxeta de presentación. Se vostedes teñen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a décima parte de xenerosidade con Galicia da que teñen co Goberno do Partido Socialista e de Podemos, non teña ningunha dúbida de que podemos acordar. Agora ben, se vostedes en Madrid din unha cousa e en Galicia a contraria, a maioría dos galegos seguiremos tomando nota.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Continuamos coa orde do día.

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Hai unha alteración agora na orde do día. Como saben, fórmase agora unha pregunta ao Goberno. E explico, sobre todo para os deputados novos, que nas preguntas ao Goberno, así como no outro hai unha certa flexibilidade, somos moito máis estritos co tempo. Son tres minutos, tres minutos, dous minutos e dous minutos. Non, aquí, xa digo —porque isto tradicionalmente sempre foi así—, non hai marxe. Aos tres minutos eu corto. As preguntas xa se coñecen máis ou menos.

Entón comezamos.

Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dalgún tipo de axuda directa para as persoas autónomas e pemes que lles permita afrontar as consecuencias económicas derivadas da crise da covid-19

O señor PRESIDENTE: Cando queira.



O señor FRANCISCO RIVERA: Si, bo día a todos e a todas, deputados e deputadas.

Señor Conde, antes de nada quero felicitalo pola súa designación como vicepresidente segundo da Xunta de Galicia, continúa vostede ademais á fronte da Consellería; por tanto, xa coñece datos... *(Pausa.) (O señor Francisco Rivera fai unha pausa no seu discurso para agardar a que se incorpore ao escano o vicepresidente segundo, señor Conde López.)*

Espero que me corte o tempo. O señor conselleiro non está. ¡Ah!, ¿está ocupado?

O señor PRESIDENTE: O tempo segue.

O señor FRANCISCO RIVERA: Pois nada, estaba dirixíndome a el cara ao escano.

O señor PRESIDENTE: Non, pero vostede formule a pregunta, xa lle responderá...

O señor FRANCISCO RIVERA: Si, pero tereille que formular a pregunta ao conselleiro...

O señor PRESIDENTE: Pero, perdoe, é que a pregunta lla vai responder outro membro do Goberno.

O señor FRANCISCO RIVERA: Si, claro. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: É que lle vai responder outro membro do Goberno, non é o señor Conde. *(Murmurios.)*

O señor FRANCISCO RIVERA: ¡Ah!, está ben, está ben.

O señor PRESIDENTE: Xa sabe que o Goberno pode responder calquera pregunta.

O señor FRANCISCO RIVERA: Está ben. Correcto.

O señor PRESIDENTE: Descontareille un pouco ese tempo. Está desculpado. Perfecto.

O señor FRANCISCO RIVERA: Pois nada, felicitamos igualmente o señor Conde dado que foi designado como vicepresidente segundo do Goberno.

Os datos económicos en relación con Galicia eu non os vou repetir, están na iniciativa. É unha situación absolutamente dramática a que se está vivindo neste momento, cunha caída importante de todos os datos económicos, que afectan fundamentalmente a emprego autónomo e, fundamentalmente, ás pemes, ás pequenas e medianas empresas. E dentro dese ámbito loxicamente hai sectores da actividade moi afectados, especialmente o que ten que ver co ocio, o que ten que ver tamén cos vendedores autónomos ambulantes, o que ten que ver coa cultura, o que ten que ver coa hostalería. En definitiva, en Galicia hai 203.000 autónomos, o 20 % da taxa de ocupación, e hai 197.000 pemes, das cales o 50 %, máis ou menos, non teñen empregado ningún. Isto dá pé a entender cal é a importancia dos autónomos e das pemes no tecido produtivo de Galicia e na creación de emprego.



Diante desta situación dramática requírese unha intervención masiva e ampla dos poderes públicos, con inxección de liquidez, cunha inxección de cartos públicos na economía. Así o fixo o Goberno do Estado con máis de 300 millóns de euros ao mes en nóminas pagadas en Galicia nestes últimos cinco meses a 85.000 autónomos e a 270.000 traballadores acollidos a ERTE —esforzo que tamén fixeron os concellos, algúns de dimensión importante, nas cidades, e outros máis pequenos, e algunhas comunidades autónomas do Estado español, que tamén fixeron o esforzo de prestar axuda directa aos autónomos e ás pemes—.

E dado que o señor Feijóo tamén falaba agora de que o Goberno do Estado se desentendeu do sistema educativo en Galicia, eu pregúntolle ao conselleiro respectivo se a Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia, se desentendeu ou non dos autónomos e pemes dado que non estableceu ningún tipo de axuda directa a estes?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

Responde a conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Ben, gustaríame comezar a primeira intervención nesta Cámara como conselleira saudando a todas as súas señorías e a agradecendo a cuestión que se plantexa ao Goberno, así como desculpar o vicepresidente segundo, que ten agora mesmo unha conferencia co Goberno do Estado e por iso respondo eu. O Goberno creo que é solidario e podemos contestar as cuestións das súas señorías de xeito que nos complementemos.

Ben, a cuestión, como digo, agradézoa desde o Goberno, é unha cuestión máis que acertada, de gran interese non só para os membros desta Cámara senón de interese para toda a comunidade galega. Vou tentar responder coa máxima claridade posible.

En primeiro lugar, quero transmitir a miña máis sincera consideración por todos os traballadores e as traballadoras de Galicia. Desde a Xunta esforzámonos ferreamente para mellorar as súas condicións laborais nun contexto tan complexo como o actual. A crise derivada da pandemia pola covid-19 posúe, efectivamente, unhas consideracións e unhas dimensións aínda descoñecidas. Por iso desde o Goberno galego nos adiantamos a ela, e antes de coñecer as súas especificidades xa tiñamos un plan sobre a mesa. Desde o comezo desta crise tentamos poñer un pouco de orde na incerteza existente e conseguimos ser pioneiros e exemplo para seguir en moitas das actuacións realizadas ao longo destes meses. Porén, temos que ter en conta que en moitos aspectos é o Goberno central o que debe poñer luz. Aínda así trasládolles que a Xunta é consciente de que tanto os autónomos como as pequenas e as medianas empresas son un dos colectivos máis afectados polas consecuencias desta crise —e tamén sabemos que constitúen en si mesmos unha peza fundamental para a economía e para o emprego galegos—, cuxa resiliencia é digna de admiración. E digo isto porque ante as condicións tan adversas que provocou a pandemia



foron capaces de incrementar o seu número. Falamos de máis de 1.200 novos autónomos e autónomas só durante os meses de xullo e de agosto en Galicia.

Na Xunta de Galicia, dende o primeiro momento, adoptamos medidas —como lles dicía— encamiñadas a poñer á disposición dos autónomos a liquidez necesaria para afrontar os seus gastos. É máis, brindámoslles, e seguiremos facéndoo, os apoios requiridos para facilitar a súa recuperación a través do plan de reactivación económica aprobado no Consello da Xunta o día 5 de xuño e a través da nova Axenda de emprego de Galicia.

E para que se poidan facer unha idea, direilles que as medidas xa contempladas para o ano 2020, as medidas ordinarias para autónomos, tiñan un investimento de 24,5 millóns de euros, aos que se sumaron as novas liñas de axudas para autónomos por valor de 97,5 millóns de euros. É dicir, a Xunta de Galicia puxo á disposición dos autónomos e autónomas da nosa comunidade preto de 127 millóns de euros a través das seguintes liñas de actuación: o paquete para autónomos 2020 —os 24,5 millóns de euros dos que lles falo—; o Cheque autónomo seguimos adiante, que eran e son 16 millóns de euros; o plan Reactiva comercio, turismo e servizos, 16 millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira, terminou o seu tempo. Ten outro turno despois.

Grazas.

(Aplausos.)

Réplica do señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Si, grazas.

Non sabía que me ía contestar vostede a pregunta, pensei que me ía contestar o conselleiro de Economía. En todo caso, grazas.

Vamos ver, fala vostede dun plan. Este plan xa nos foi explicado na Comisión de Economía a semana pasada, e é un plan que non se sustenta orzamentariamente e polo tanto non ten hoxe en día base de execución de ningún tipo. Incluso nesa comisión se falaba dunha axuda a autónomos de 197 millóns de euros. E nós preguntamos se efectivamente eses 197 millóns de euros están consignados, porque se están consignados no orzamento é o momento adecuado de utilizalos. Nós entendemos que a situación dos autónomos, a situación das pemes —base fundamental do tecido produtivo deste país— está en risco evidente. E é o momento de que os poderes públicos, como así ten feito o Estado, como así teñen feito os concellos —que non teñen competencias no ámbito da promoción económica e o están facendo dispoñendo do seu orzamento e modificándoo—, axuden os pequenos negocios e manteñan o emprego neses ámbitos, e é o momento de que o faga tamén a Xunta de Galicia, igual que o están facendo o resto das comunidades autónomas no conxunto do Estado.

O que sucede é que o papel aguanta todo, señora conselleira, e este plan de tres mil millóns eu creo que é un plan máis dos que a Xunta de Galicia ten anunciado neste país e que ende-



xamais se executan. A Xunta ten capacidade orzamentaria suficiente para dar resposta neste momento ás necesidades dos autónomos. Nós na iniciativa indicámoslle que é posible modificar partidas orzamentarias, que é posible utilizar os fondos europeos con máis amplitude, que é posible utilizar o fondo de continxencia. En definitiva, que é posible, e que a Xunta ten capacidade orzamentaria para dar resposta a un problema que neste momento é moi serio e que se non se aborda pois o será aínda máis para autónomos e pemes.

Nada máis e moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

Peche desta pregunta, conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Fala vostede de que a Xunta ten capacidade para mover os cartos entre as partidas, fala do fondo de continxencia. Eu soamente quero recordar que, primeiro, as competencias sobre as políticas pasivas de emprego son do Estado. Segundo, que os cartos actualmente están no Estado e a definición dos sectores económicos afectados coido que é unha competencia e unha obriga por parte do Estado.

Da totalidade dos fondos dos que fala vostede, Galicia recibiu actualmente a cantidade exacta de 268 millóns para sanidade e 93 millóns para educación. Aínda non sabemos —e espero firmemente que na conferencia sectorial do próximo día 30 de setembro teñamos máis información— o que vai pasar cos fondos finalistas, o que vai pasar cos fondos covid en canto ao fomento do emprego —e en particular, no que a min me toca, do emprego autónomo—, e en canto ao mantemento das pemes.

Di vostede que nós non fixemos nada, que non reestruturamos os fondos europeos. Veño de falarlle dunha serie de medidas; entre outras, do Cheque autónomo, por exemplo, que supuxo a utilización do Fondo Social Europeo, que xa estaba dentro da Comunidade Autónoma. Nós si temos feito cousas cos fondos que están na Comunidade Autónoma pero —repito— hai fondos no Estado que non chegaron á Comunidade Autónoma.

Nós, o Goberno galego, dotamos o noso plan con medidas específicas e prioritarias para o colectivo autónomo. Imos chegar a beneficiar máis de cincuenta e cinco mil autónomos e autónomas. O contexto no que empeza esta lexislatura non é doado, pero quero enviar unha mensaxe a todos os traballadores e as traballadoras de Galicia, empregados ou non por conta allea. O futuro semella complexo pero hai futuro; un futuro no que —repito— se investirán máis de tres mil millóns de euros no ámbito público e privado co Plan de reactivación e dinamización, co fin de afrontar o *shock* económico da pandemia, co fin de darlles viabilidade ás medidas de reactivación da economía e co fin de acelerar a transformación económica; e, xunto con isto e complementando isto, a nova axenda de emprego.

Remato a miña intervención non sen antes reiterar a miña preocupación —insisto— pola incerteza coa que se está a tratar esta situación por parte do Goberno do Estado, pola im-



provisación e pola vacilación; preocupación por un futuro onde parece que as comunidades autónomas estamos quedando relegadas. Esperamos —repito— que rectifiquen na conferencia sectorial do vindeiro xoves 30 de setembro, e que, dunha vez por todas, aporten solucións válidas e realistas. Porque sen dúbida é necesario tender as mans e colaborar fronte a crise evitando trabas que impidan impulsar a economía, adaptando os nosos traballadores e traballadoras a un novo entorno e afrontando os cambios que se están a producir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Volvemos ao punto terceiro, que é o de comparecencias.

Comparecencia do Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para comezar esta comparecencia, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo, efectivamente, e teño a honra de facelo —como acaba de dicir o presidente— iniciando a rolda de comparecencias, todas por petición propia, que os conselleiros e conselleiras do Goberno da Xunta de Galicia imos facer para explicar as liñas xerais de actuación, cada un na esfera das nosas competencias, e despois tamén de que o presidente da Xunta xa fixera a exposición xeral de cales serán estas liñas no debate de investidura.

É a cuarta vez que me toca, como membro do Goberno, facer esta comparecencia por petición propia ao principio da lexislatura. Sen dúbida é a comparecencia máis atípica e tamén sen dúbida —sempre eran momentos difíciles, todos o son— nun momento especialmente difícil —creo que todos estaremos de acordo— e nun momento triste por moitas circunstancias. É triste polos falecidos na pandemia da covid-19 e triste polas súas familias. E, polo tanto, dende aquí quero comezar esta comparecencia trasladando o apoio e a solidariedade de todo o Goberno galego a eles, ás persoas que hoxe están nos hospitais loitando contra esta pandemia e ás que loitan contra as secuelas desta enfermidade. Ao mesmo tempo, quero trasladar a solidariedade e tamén o apoio, unha vez máis, do Goberno galego a todo o persoal sanitario que loitou e que segue loitando contra esta pandemia nos centros sanitarios galegos e a todo ese persoal que segue tendo unha participación moi importante, mesmo decisiva, na loita contra a pandemia. Dígoo porque se segue dende algúns partidos políticos poñendo en dúbida, por exemplo, a intervención, para nós fundamental, das forzas e corpos de seguridade do Estado e de tantos colectivos que xa foron mencionados moitas veces e probablemente nunca dabondo recoñecidos. Eu quéroo facer unha vez máis e comezar así a miña comparecencia.



A partir de aí —entrando en materia xa— estruturarei esta comparecencia, para darlle sentido e intentar explicar todo o que quero facer no tempo do que dispoño, en dous aspectos fundamentais. Un —na esfera das competencias que son da miña responsabilidade— é explicar como pretendemos continuar adaptando e mellorando os servizos públicos a esta nova situación, recuperar todo o traballo e todo o que non se puido facer durante os meses de pandemia e ser capaces de saír —esa é a nosa intención— con todo isto potenciado. E o segundo é explicar como, dende a esfera das competencias da vicepresidencia primeira, pretendemos contribuír á reactivación da nosa economía en todos os sectores nos que nos toca traballar, e especialmente no que se refire á competencia de turismo, que vai ser tamén fundamental neste momento.

Todo isto quero facelo, señorías, por suposto, dende o máximo respecto e dende a perfecta consciencia da obriga de render contas a esta Cámara, intentando recoller todas as aportacións e poñéndome xa ao principio desta comparecencia á disposición de todos os deputados e deputadas. escoitar e dialogar —dicímolo moitas veces, despois hai que demostralo con feitos— vai ser a miña intención dende o principio desta lexislatura.

Entrando xa en materia, na primeira parte, como dicía, quero explicar como pretendemos dende a Vicepresidencia primeira adaptar os servizos públicos que son da nosa competencia a esta nova situación. Quero empezar por un servizo público fundamental. Dicímolo moitas veces: se funciona ben a xustiza, funcionan moi ben outras moitas cousas. E, polo tanto, a xustiza, que se viu afectada, como todos os servizos básicos, pola situación da pandemia, xa está tendo e vai necesitar de aquí en diante un apoio especial.

Saben vostedes que durante a pandemia a situación da Administración de Xustiza se viu loricamente afectada. Funcionou, porque tiña que funcionar como servizo esencial, en todo aquilo que era necesario para un axeitado funcionamento da sociedade —insisto no papel fundamental da xustiza neste aspecto—, e para iso necesitou que a Xunta exercese as súas competencias. Dende o primeiro momento aportamos os equipos de protección individual que eran necesarios e os servizos de limpeza que tamén eran necesarios para garantir que a actividade xudicial que se estaba producindo non se parase. Hoxe son arredor de setecentos mil euros investidos en reforzos de servizos de limpeza nos edificios xudiciais e arredor de medio millón de euros en equipos de protección individual. E aí abranguese todo: dende mascarar ata mamparas, hidroxel e todo aquilo que é necesario no día a día onde traballan case tres mil funcionarios.

Durante case tres meses saben vostedes que funcionaron os servizos esenciais, aqueles cuxa tramitación non se podía deter en ningún momento. Houbo unha comisión de seguimento —por certo, impulsada polo presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia— que creo que demostrou xa dende o primeiro día a súa utilidade, pero moito máis agora cuns meses de perspectiva. E nela participabamos todos: a Xunta de Galicia —a mesma Vicepresidencia e a Consellería de Sanidade—, todos os operadores xurídicos e xudiciais —colexios de avogados, de procuradores e a Fiscalía— e todos aqueles que tiñan algo que aportar no día a día dunha situación moi complicada. Cando pasou o estado de alarma seguimos traballando. Fixémolo tamén, por certo, en estreita coordinación —e isto quero destacalo tamén— co Ministerio de Xustiza, que ía aprobando plans conxuntamente e en diálogo permanente



coas diferentes comunidades autónomas. Ao final aprobamos o 7 de xullo un plan para o tempo posterior ao estado de alarma, do que xa estamos na primeira fase. Decidiuse que aqueles órganos xudiciais, aquelas xurisdicións que tiñan que ter un apoio máis inmediato eran as máis afectadas por esta situación, xurisdición social e xurisdición mercantil, polas razóns que todos entendemos. Identificáronse vinte e seis xulgados sobre os que era necesario facer unha especial actuación de reforzo, tamén en persoal e tamén no persoal cuxa xestión lle corresponde á Xunta de Galicia. Ademais propuxemos crear novas unidades xudiciais e decidimos de común acordo, na comisión mixta entre o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Xunta de Galicia, que os novos xulgados que se creen este ano, unha vez que o Ministerio de Xustiza lle dea luz verde á creación, serán, en todo caso, xulgados do social. Recórdolles que lles dá luz verde o Ministerio de Xustiza e os custea a Xunta de Galicia, que pode decidir non facelo. Nós sempre decidimos facelo e este ano farémolo tamén. Teño que dicirles que hoxe só o custo —por certo, sen que se produza ningunha transferencia do Estado, pois acordamos co Ministerio pero estes acordos despois teñen que ser sufragados en exclusiva pola Xunta de Galicia, a pesar de que son gastos a maiores derivados directamente da situación da pandemia— ten suposto arredor de un millón de euros en custos de capítulo I por reforzo de persoal nestes xulgados do social e do mercantil que lles dicía. Cremos que é necesario facelo, é inescusable. A xustiza ten que funcionar e, polo tanto, a Xunta fará ese esforzo —insisto— en coordinación con todos os operadores xudiciais e en coordinación co Ministerio de Xustiza, e seguiremolo facendo. E cando o Ministerio de Xustiza lle dea luz verde á segunda parte deste plan, circunstancia que aínda non se produciu —falaba o Ministerio de que se faría no último trimestre deste ano e que estaría ademais directamente enfocado á xurisdición contencioso-administrativa, eido no que se prevén moitos recursos e moita actividade derivada de toda a normativa e de todas as situacións novas para todo o mundo que se deron durante estes meses—, pois haberá que facer tamén un especial reforzo nesta xurisdición, e aí tamén estará a Xunta de Galicia.

Polo tanto, ademais dos plans xerais que temos para a lexislatura, cremos que o máis inmediato é actuar, e actuar de xeito directo para que un servizo tan esencial como a xustiza o siga facendo sen ningún problema. Creo ademais que todo o esforzo que fixo a Xunta de Galicia estes dez anos co plan de infraestruturas xudiciais agora se está revelando como acertado, e mesmo como necesario. Se non se fixesen esas obras de infraestrutura xudicial, poderían estarse dando problemas de espazo en moitos xulgados. Agora vese que están dando lugar a moitas solucións, que podemos ubicar as novas necesidades e podemos establecer as novas organizacións porque temos espazos físicos amplos, modernos e axeitados para poder facelo. Ese plan está practicamente rematado. Queda unicamente como gran obra —á parte das de mantemento, que por suposto seguiremos facendo nestes catro anos, como fixemos nos anteriores— rematar a Cidade da Xustiza de Vigo, que se finalizará na primeira parte do ano que vén. Por certo, poñerémonos en contacto co Concello de Santiago para ampliar, nesta lexislatura, se chegamos a un acordo respecto dos terreos, as dotacións que se fan necesarias —que sempre llelo pedimos aos concellos— para ampliar as instalacións que agora mesmo ten o Instituto de Medicina Legal de Galicia, porque cremos que o traballo que vén facendo, e sobre todo o que ten que facer, e o crecemento que está experimentando nestes últimos anos requiren unha infraestrutura máis moderna, máis ampla. Esa é a nosa intención, executala —insisto— en colaboración co Concello de Santiago durante esta lexislatura, ademais dalgún edificio xudicial máis que haberá que facer.



Pero, se me permiten, respecto a infraestruturas, a nosa prioridade é rematar este plan, nesta última infraestrutura, cun investimento final moi superior ao que estaba previsto inicialmente. Investimos, nestes dez anos, máis do dobre —case o triplo— do que se investira nos vinte anos anteriores, dende que a Xunta de Galicia ten a competencia de xustiza. Imos rematala. E, por suposto, naqueles partidos xudiciais —son moi poucos xa— que poderían requirir unha obra de infraestrutura xudicial consistente e un investimento importante, plantexarémolo durante a lexislatura.

Seguiremos, por suposto tamén, coa modernización tecnolóxica: Plan Senda. Cincuenta millóns de euros —dise pronto— investidos nestes últimos anos en modernización tecnolóxica e en Administración de xustiza, que boa falta facía. Creo que tamén, igual que nas infraestruturas —e se cadra aínda con máis intensidade—, se viu o acerto destes investimentos nas novas tecnoloxías, que agora son tan necesarias para o traballo diario e, polo tanto tamén, para o traballo na Administración de xustiza.

No día de hoxe, todos os partidos xudiciais teñen xa sistema de videoconferencia —isto non pasa en todas as comunidades autónomas; en Galicia, si—. Seguiremos poñendo en marcha as salas de vistas dixitais, e iso é o que realmente permite un paso adiante fundamental e cualitativo nunha administración de xustiza realmente moderna. Están implantadas, no día de hoxe, 44 salas de vistas dixitais, e a nosa intención é rematar, entre o primeiro e o segundo trimestre, este plan de implantación —polo menos, na súa primeira fase— e duplicar este número, chegar case a noventa salas dixitais na primeira parte do ano 2021.

Estamos poñendo en marcha un sistema para poder realizar vistas telemáticas. Esta é unha reclamación que xa se nos facía —agora con moita máis forza, e entendémolo perfectamente— dende o poder xudicial, onde se poderán celebrar vistas en formato absolutamente dixital, de xeito que incluso se implante unha sala de espera virtual na que o maxistrado que dirixa o xuízo poderá mesmo dicir quen ten acceso e quen non. Trátase de ir modulando, en definitiva, de ir dándolle corpo, pouco a pouco, a esta realidade que se ten que implantar e de poder aproveitar as novas tecnoloxías na Administración de xustiza.

A Axencia Galega de Novas Tecnoloxías—e aquí dependemos do Ministerio de Xustiza— fixo xa esas propostas para introducir melloras —que agora se ven máis necesarias que nunca— no sistema de xestión procesual —tanto no Minerva como no Fortuny—, para facilitar, aínda moito máis, a comunicación electrónica de todos estes sistemas, para poder incluír o visor do procedemento xudicial e para poder facer moitas cousas que, a pesar de que o Minerva ten a capacidade de facer, aínda non están implementadas. Aquí —insisto— dependemos moito do Ministerio de Xustiza, como vostedes saben.

Tamén insistiremos moito na necesidade de dixitalizar a porta de entrada en todos os xulgados, que son as oficinas de rexistro e repartición. Estableceron unha especie de portelo único de entrada de toda a documentación, o que vai permitir, ademais, dixitalizala e poder seguir despois o expediente xudicial electrónico.

Xa fixemos pasos importantes dende o ano 2014, pero insistiremos moito na expurgación, é fundamental. Se falamos dunha xustiza moderna, de edificios modernos, de dixitalización



dos procedementos xudiciais, hai que facer procedementos de expurgación, que non se fixeran practicamente en moitísimos anos. E hai moitos sitios —estou falando doutras comunidades autónomas e do territorio do Ministerio— onde a expurgación segue sendo unha tarefa, un cometido, permanentemente adiado. En Galicia, non, faise dende o ano 2014. No día de hoxe son máis dun millón os expedientes xudiciais que estaban en papel e que se clasificaron, mentres que aqueles que, polo seu valor ou polas razóns que fora, había que conservar, así se fixo. A inmensa maioría foron destruídos seguindo todos os protocolos e con todas as autorizacións. Isto libera un montón de espazo nos xulgados e, sen dúbida, abre a porta á implantación dos expedientes xudiciais electrónicos. Imos seguir facendo este plan de expurgación durante esta lexislatura. Creo que xa está en moitos lugares en velocidade de cruceiro, pero, sen dúbida, agora colleraa en moitos partidos xudiciais.

E, por suposto, deixo para o final a parte máis importante: cos traballadores e traballadoras da Administración de xustiza, na parte que lle corresponde á Xunta de Galicia —todo aquilo que non son letrados, xuíces e fiscais—, imos seguir en diálogo, implantando melloras. Este mesmo ano xa hai dotación, e chegouse a un acordo cos sindicatos USO, UXT e Comisións Obreiras, para comezar a implantar a carreira profesional —este era un compromiso derivado dos acordos que pecharon a folga da carreira profesional—. Xa hai presuposto este ano e, en tres anos, temos o compromiso de implantar a carreira profesional na Administración de xustiza, igual que se fixo co resto do persoal da Xunta de Galicia.

Por darlles outro dato máis: son case catrocentas máis as persoas que integran a Administración de xustiza en Galicia dende o ano 2009. Estou falando de 400 persoas estruturais, en plantilla. Isto é derivado dos reforzos que se consolidan, dos órganos xudiciais —moitos foron abríndose estes anos— e dos acordos aos que se vai chegando cos sindicatos. E a isto hai que engadir, a maiores, todos os reforzos de persoal interino que teñen carácter circunstancial. E porque lle damos moitísima importancia e coidamos de xeito especial a quenda de oficio, seguiremos en permanente diálogo co Consello Galego de Avogacía e cos sete colexios de avogados.

Aumentamos as aportacións. Sabemos que son necesarias e sabemos que isto é algo sometido a permanente revisión, pero creo que se fixo un esforzo importante, non só nas cantidades, senón tamén na reforma dalgúns procedementos que non estaban englobados na quenda de oficio e agora, si.

Aumentamos as cantidades que se aportan aos colexios para o mantemento dos sistemas de quenda de oficio e as axudas especiais. Este ano fíxose un esforzo especial, en colaboración cos colexios, tanto de avogados como de procuradores, para adiantar as liquidacións do primeiro trimestre, mesmo antes de que remataran, e pagar inmediatamente as do segundo trimestre e fíxose unha aportación especial ao Colexio de Procuradores para unha axuda a gasto corrente polos gastos que se estaban tendo durante a pandemia. En definitiva, fixemos todo aquilo que cremos que é necesario para algo tan importante e tan fundamental nun estado de dereito como é a quenda de oficio.

Seguiremos tamén, no proceso de implantación e mellora das oficinas de atención á vítima, escoitando —especialmente aquí— o Ministerio Fiscal, que ten moitas cousas que aportar e



que ten feito correccións; por suposto, son os que máis entenden dese asunto, e esas correccións serán atendidas.

E, por último, seguiremos impulsando a mediación. Xa está implantada a mediación actualmente en todas as cidades galegas e nalgúns órganos xudiciais, especialmente de familia. Seguiremos implantándoa, á espera desas modificacións lexislativas que se nos anuncian dende o Ministerio de Xustiza —longamente anunciadas— e que nunca chegan, o cal condiciona o que se pode facer. E sempre cunha premisa que eu lles repito moitas veces aos operadores xurídicos: o labor dunha administración en canto á mediación ten que ser, sobre todo, de impulso, pero, despois, debería ser un procedemento que funcionara por si só. Cremos firmemente que pode contribuír, sen ningunha dúbida, a mellorar e a axilizar os procedementos xudiciais, pero isto ten que ser un convencemento non só da Xunta de Galicia, senón tamén do resto dos operadores xurídicos. En todo caso, seguiremolas apoiando, polo menos nesta lexislatura.

Cambiando de apartado, e falando doutro servizo público fundamental, voume referir agora ás emerxencias, que tanta importancia tiveron e tan fundamentais foron durante esta época de pandemia. ¡Sono sempre! Acostumamos dicir que, ás veces, non se lles presta a debida atención aos servizos de emerxencias ata que realmente son necesarios, e aí dámonos conta do importante e do fundamental que é ter uns servizos de emerxencia preparados, ben dotados e ben motivados. Vímolos —insisto— nun momento tan crítico como foi a pandemia e seguímolos vendo... E aquí tamén vemos —humildemente o penso— que eses esforzos, ás veces calados, ás veces non tan visibles para a opinión pública, pero si efectivos, que veu facendo a Xunta de Galicia e outras administracións, ao final, pagan a pena.

Centrámonos estes anos en ir despregando un novo mapa de emerxencias, con esa intención fundamental de que calquera galego, viva onde viva, teña un servizo de emerxencias profesional a unha distancia axeitada para poder ser atendido como merece e como é necesario para que esta asistencia sexa efectiva; centrámonos en ir renovando os equipamentos, en darlle formación ao persoal e tamén en coordinarnos, cada vez máis, con todas as administracións, porque todas as administracións temos competencias en materia de emerxencias.

Quérome parar na coordinación, porque tamén vai ser unha das cousas que vai presidir o noso labor en emerxencias nesta lexislatura. Creo que temos que pechar, durante estes catro anos —e todos os profesionais de emerxencias coinciden en que ten que ser así—, o paso definitivo para completar o mapa de emerxencias, que é a comarcalización dos parques das grandes cidades. Estamos permanentemente en diálogo coa Fegamp e resérvase unha cantidade no Fondo de Cooperación Local, pero, polas razóns que sexa, ata o de agora só en Ferrol foi posible e eu creo que están as conversacións moi avanzadas para poder facelo en Ourense e en Santiago, cando menos. A disposición da Deputación da Coruña —polo menos así me consta do seu presidente— é moi favorable a este sistema, que se demostrou que funciona onde xa está implantado e que creo que ten toda a lóxica do mundo para completar a extensión dos servizos profesionais de bombeiros en todas as áreas metropolitanas das sete cidades galegas.

Tamén é necesario pechar definitivamente o xiro que se produciu no modelo de consorcios provinciais. Creo que este é un modelo —valla a redundancia— de colaboración entre ad-



ministracións, catro deputacións e a Xunta de Galicia, aportando dende hai moitos anos co-financiamento para un servizo que antes non existía e que agora se revela como fundamental. Ninguén pode imaxinar agora que desapareza un parque de bombeiros dos case trinta que hai por toda a xeografía galega, nas cabeceiras de comarca onde están instalados; polo tanto, isto ten que seguir e ten que seguir evolucionando.

A Xunta de Galicia —coñecen vostedes a nosa postura— non nos opuxemos. Puxemos as condicións para que se mudara o sistema de xestión, unha vez que xa estaba implantado. Isto estase facendo impulsado polas deputacións provinciais, pero é necesario que as deputacións que aínda non o fixeron tomen unha decisión definitiva sobre os prazos en que se quere facer este cambio de modelo de xestión para que siga sendo homoxéneo nas catro provincias. Está moi avanzado nas da Coruña e Lugo; moito menos, no día de hoxe, nas de Pontevedra e Ourense. É certo tamén que a de Ourense, dende o principio, manifestou que non era un asunto... Igual que a Xunta de Galicia poñía as mesmas condicións para que se cambiara, isto non era algo que se considerara absolutamente prioritario para facelo inmediatamente. A de Pontevedra dixo que si, pero é certo que aínda non se produciron avances, e era bo saber cal é a disposición para facer un avance homoxéneo nun sistema ao que —insisto— a Xunta de Galicia, se se cumpren as condicións que estableceu, non se opón.

Inmediatamente convocaremos unha comisión de seguimento para seguir redefinindo —porque isto é algo que estaba fóra do previsto— o mapa dos GES, dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal. Isto queremos facelo como o fixemos ata o de agora —e eu agardo que o sigamos facendo como tamén o fixemos ata o de agora—, con diálogo e chegando a acordos coa Fegamp. Hai que constituír tres novos GES, reubicar outros tres e modificar algún servizo municipal de emerxencias que está dando cobertura a varios concellos. Insisto, isto pretendemos facelo inmediatamente para que estea implantado durante o ano que vén.

Seguiremos equipando os servizos de protección civil. Señorías, son case dezaseis millóns de euros os que a Xunta de Galicia ten investidos nestes dez anos para renovar e en moitos casos dotar por primeira vez, do xeito que merece, un voluntariado que dedica moitas horas ao servizo aos demais; teñen que estar ben equipados. Pero aquí pedímoslles, sobre todo ás deputacións, que colaboren con nós no esforzo. O 95 % —e quedo curto— do material que teñen as agrupacións de voluntarios de Protección Civil que existen en Galicia é material aportado pola Xunta de Galicia, cando a competencia en emerxencias é unha competencia tamén municipal e das deputacións. Polo tanto, eu aproveito esta ocasión para dicir que a Xunta de Galicia non vai renunciar nesta lexislatura a seguir facendo este esforzo, pero cremos, por moitísimas razóns, que ten que ser un esforzo compartido.

Seguiremos tamén potenciando a Central de Emerxencias 112 na súa ubicación. Creo que foi un acerto a concentración que se fixo —e viuse durante a pandemia clarísimamente— dos servizos de emerxencia, tanto do 061 como do 112, nun só edificio, con todas as características de amplitude física e, sobre todo, posibilidades tecnolóxicas que antes non existían. Viuse —insisto, e isto daría para un debate moito máis longo— que hai moitísimas evidencias de que foi un acerto facer este traslado, con todos os inconvenientes que —somos conscientes— supuxo ao principio. Pero, unha vez que está consolidado, o que hai que facer agora é seguir ampliándoo, dotándoo tecnoloxicamente, seguir estes procesos de integración, se-



guir potenciando o grupo especializado que ten o Centro de Emerxencias 112 para intervir en grandes catástrofes, postos de mando avanzados, grandes cisternas, equipos para inundacións, para verteduras... Todo iso hai que seguir potenciándoo; é un material custoso pero moi efectivo, e, polo tanto, seguiremos potenciándoo e adquirindo novo material durante esta lexislatura.

E seguiremos, por último, consolidando a Academia Galega de Seguridade Pública como gran centro de formación en seguridade pública, non só de Galicia, senón —se mo permiten— de todo o noroeste de España. Conseguimos, despois de moitos anos de diálogo, facer realidade esa vella aspiración dos concellos —sobre todo no relativo aos profesionais da Policía— de centralizar os procesos de selección de Policía Local. Actualmente, o 70 % dos concellos, en seis das sete cidades que teñen Policía Local, teñen delegada esta competencia na Xunta de Galicia. Xa se teñen producido procesos de selección, xa están a punto de rematar as primeiras promocións e vén agora outra promoción que vai ser a máis numerosa na historia da Policía Local en Galicia. Polo tanto, eu creo que isto é un logro e un exemplo de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos.

Seguiremos tamén insistindo nos plans de prevención. Hai moitos plans de prevención feitos, pero necesitan ser renovados continuamente, e tamén é necesario establecer plans de risco e plans sectoriais de prevención en sectores onde aínda non existían. Poño un exemplo moi concreto no que estamos traballando; é un plan sectorial de protección civil para atender o peregrino, dende o punto de vista da protección civil, no Xacobeo 2021, que estamos ultimando e que, por suposto, estará rematado antes de que comece o Ano Xacobeo 2021. Neste plan vai ter unha intervención moi importante, moi fundamental, a Unidade de Policía Adscrita, a chamada Policía Autonómica. A nosa intención é crear un grupo policial específico para atender todas as circunstancias derivadas, por suposto, en coordinación coas forzas e corpos de seguridade do Estado, durante o Xacobeo 2021: fluxo de visitantes, seguridade nos albergues e nos camiños, mesmo un plan específico de control da violencia sexual ou do acoso sexual no Camiño. Todo isto queremos facelo a través da Unidade de Policía Adscrita, con ese empeño de seguir facendo realidade o que é unha afirmación que todo o mundo ten na cabeza: que facer o Camiño é seguro. Dende logo, non hai esa sensación, e que non haxa esa sensación responde a unha circunstancia real de que existe inseguridade. Facer o Camiño é seguro, ten que seguir sendo seguro, e para iso hai que facer plans que así o garantan. Vai ser moi necesario seguir insistindo —eu agardo o apoio desta Cámara tamén— diante do Ministerio de Interior en que hai que completar a plantilla da Unidade de Policía Adscrita. Dirixinme ao ministro de Interior en dúas ocasións dende que tomou posesión poñendo de manifesto esta circunstancia e dicíndolle que é moi urxente ampliar a plantilla da Policía Autonómica, da Unidade de Policía Adscrita. Agora mesmo, dos 500 membros que tiñan que integrala, a situación no día de hoxe é de que son arredor de 375. Polo tanto, hai unha parte moi importante da plantilla que non está cuberta e cremos que é polo incremento das competencias que está desenvolvendo, sobre todo polo que se vai plantexar e polo que acabo de expoñer respecto do Ano Santo. Completar esta plantilla é moi importante porque, ademais, descarga tamén de moitas tarefas que, se non, teñen que ser realizadas por outros corpos e forzas de seguridade do Estado. Xa que logo, eu agardo que á parte das boas palabras, que teño que dicir que sempre me manifestou o Ministerio de Interior e o ministro do Interior e o seu equipo respecto desta materia, pasemos das palabras aos feitos.



No ano 2012 e 2013, cando a situación económica era moi complicada, tivo lugar a implementación das vacantes que existían naquel momento, un número similar ao que temos hoxe, e chegamos aos 500 efectivos da Policía Autonómica. Durante estes anos foi diminuíndo. É momento outra vez de estar á altura das circunstancias. Agardo que o Ministerio do Interior o faga e se poidan outra vez completar os efectivos da Policía Autonómica.

E, por último, en materia de interior, de servizos públicos relacionados coas competencias en interior, traeremos a esta Cámara, durante o primeiro semestre do ano que vén, despois de aprobar no Goberno da Xunta o proxecto de lei dunha nova Lei de xogo —que, por moitas razóns, é necesaria: por abordar o xogo responsable, por abordar as novas formas de xogo e abordar toda a problemática que, somos conscientes, se está producindo neste eido—, unha lei que teña todas as previsións que a obsoleta lei —xa tiña moitos anos, agora mesmo en vigor— non podía contemplar.

En materia de espectáculos, seguiremos desenvolvendo a Lei de espectáculos aprobada non hai moito tempo por esta Cámara, que requiría un desenvolvemento regulamentario que xa comezou e que ten que seguir, e moito máis agora, adaptada ás circunstancias e a todo o que estamos vendo que sucede relacionado cos espectáculos e co ocio nos establecementos abertos ao público durante a pandemia.

Aquí quero facer unha mención especial ao ocio nocturno, á situación tan difícil que están atravesando agora mesmo. Somos perfectamente conscientes —porque temos unha relación fluída cos representantes do ocio nocturno, aos que lles escoitamos a súa situación— de que é unha situación dura e de que, polo tanto, require o esforzo de todo o mundo. O ocio nocturno, por unha decisión adoptada polo Ministerio de Sanidade en coordinación coas comunidades autónomas, é unha actividade especialmente afectada por todas estas circunstancias sanitarias e, polo tanto, tamén require unha atención especial. Estanse producindo tres reunións semanais para ir informándoos da evolución da pandemia, das posibilidades e do horizonte, que, ao final, é o que eles piden; sobre todo piden ter un horizonte para saber a onde os pode levar esta situación e saber cando se pode empezar, respecto da súa actividade, a ver un pouco a luz ao final do túnel. Disto é do que estamos falando. Entenderon dende o principio —e, dende logo, a Xunta teno claro— que a situación sanitaria e as garantías sanitarias son o primeiro, pero tamén entendemos que este é un sector que require unha especial atención —e así o estamos facendo— e tamén un especial apoio —e así o estamos plantexando—.

Respecto da Administración local e das relacións desta Consellería da Vicepresidencia cos concellos, teño que dicir, señorías, que o primeiro que agardo é que a leal colaboración que tivemos coa Federación Galega de Municipios e Provinciais, por enriba de cores políticas —eu creo que son máis ben plantexamentos, circunstancias competenciais e cumprir os intereses que cada administración representa—, ten que ir moito máis alá de enfrontamentos, de posturas maximalistas e de bloqueos iniciais. Tivemos unha magnífica relación cos compoñentes dos órganos de goberno da Federación Galega de Municipios e Provinciais na súa etapa anterior e eu agardo que siga sendo así durante estes anos. Somos conscientes de que hai que reformular moitas das relacións tradicionais que a Xunta de Galicia vén mantendo coa Administración local, porque somos conscientes tamén de que as situacións e as necesidades son moi dife-



rentes, empezando polas necesidades económicas. Xa adianto aquí que o Fondo de Cooperación Local, que supón un esforzo importante para a Xunta de Galicia, é unha participación nos tributos da Comunidade Autónoma que se transfire de xeito incondicionado, que ten un mínimo moi alto, que está case totalmente garantido por lei e que así vai seguir, e ten que ser negociado e négociase cada ano en permanente diálogo coa Federación Galega de Municipios e Provinciais, identificándoo, como estamos facendo xa, en materia de emerxencias, en materia de loita contra a praga da *velutina*... Ben, nunha serie de cousas concretas, ten que ser consensuado para esa parte incondicionada e para aquelas partes que se decida atender dun xeito fundamental.

Creo que este é o camiño: o diálogo, chegar a acordos e despois implementalos. É todo o contrario do que estamos vendo —por certo—, do que está pasando cos remanentes, co decreto falido e coa derrota no Congreso. Creo que as cousas, se se fan sen diálogo, se se fan non entendendo que o municipalismo ten moitísimas sensibilidades e que, polo tanto, hai que atendelas todas, ao final, leva á situación de bloqueo que estamos vendo cos remanentes. Eu non sei —sinceramente non sei se alguén aquí o sabe— como vai acabar o tema dos remanentes e da relación do Ministerio de Facenda estatal cos concellos de diferentes signos políticos, pero eu, dende logo, adianto aquí que a postura da Xunta de Galicia é totalmente diferente, e todo o que teña que ver cos fondos que se lles transfiren dende a Comunidade Autónoma aos concellos se fará en permanente diálogo para evitar situacións de bloqueo e situacións non desexables que estamos vendo agora mesmo respecto deste asunto a nivel estatal.

Polo tanto, seguiremos en permanente diálogo co Fondo de Cooperación Local e seguiremos mantendo dende a Vicepresidencia todas as liñas de axuda que vimos publicando ano tras ano e que ano tras ano seguen tendo eu creo que unha gran aceptación por parte de todos os concellos. Estou falando do fondo para facer pequenas infraestruturas locais, á parte do Fondo de Compensación Ambiental, que se adica, en concorrencia competitiva, aos proxectos que presentan as entidades locais e tamén dese fondo para realización de actividades para asociacións de veciños, que leva tres anos implementado e que cada ano experimenta un aumento moi grande, un aumento enorme, en proporción ao ano anterior, respecto das solicitudes, o cal quere dicir que está ben plantexado e que é un fondo moi necesario.

Ao mesmo tempo, seguiremos desenvolvendo todos os acordos que temos, que se foron acadando, na Comisión Galega de Cooperación Local, e por iso quería empezar por aí a miña intervención neste eido. Agardo que poidamos seguir impulsándoos polo interese común e por riba de rivalidades políticas ou de instrucións externas. Estou falando de todo o que se fixo en materia de prevención e loita contra a violencia de xénero, antes falei tamén da selección e formación do persoal das policía locais, de todo o que ten que ver coa problemática —creo que agora resolta en parte, nunha parte importante— respecto da cobertura das prazas de habilitados nacionais nos concellos —que non podían dispoñer dun profesional e que lles era moi necesario—, da Axenda Social Única, da loita contra o cambio climático, da xestión das franxas de protección contra o lume, do patrimonio cultural, da Administración electrónica e transparencia —tamén é moi importante a colaboración que estamos mantendo neste eido— e do fomento da atracción de investimentos a través dos concellos emprendedores. Non me paro agora —xa por razóns de tempo— no acordo, que creo que é unha plas-



mación, é unha evidencia práctica, de para que serve esta coordinación no acordo ao que chegamos para a loita contra a *vespa velutina*, que supuxo que no día de hoxe case 290 concellos estean adheridos a este convenio e que se centralizada unha necesidade que nos trasladan moitos concellos. No día de hoxe hai máis de once mil niños de *velutina* retirados e máis de vinte mil avisos atendidos, e creo que este foi un bo exemplo da plasmación desa coordinación á que aludo.

Todo isto —na réplica teremos ocasión, se vostedes o estiman oportuno, de profundar algo máis en todo isto— respecto dos servizos xestionados pola Vicepresidencia e da orientación que lles queremos dar nesta lexislatura e, especialmente, nas circunstancias actuais de loita contra a pandemia.

A outra parte á que me refería na primeira parte da miña intervención é a reactivación económica e a contribución que ten que facer a Vicepresidencia primeira respecto das súas competencias e especialmente respecto da competencia de turismo, que é no que me quero deter agora.

Para contribuír á reactivación económica, señorías, sen ningunha dúbida, volvo apelar, porque creo que é fundamental, á colaboración e á coordinación que temos que ter co resto das administracións. Xa me referín á Administración local, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, e quero facer unha pequena alusión tamén á coordinación que é evidente e que resulta imprescindible ter tamén coa Administración xeral do Estado.

Vaia por diante que nas relacións institucionais da Xunta de Galicia seguiremos observando o principio de lealdade. Podemos ter os nosos diferentes puntos de vista, de feito témolos, pero o que nunca imos facer é interromper as canles de diálogo, que seguen sendo fundamentais. Sen ter unhas canles de diálogo é imposible chegar a ningún acordo e mesmo é imposible mostrar as lexítimas diverxencias que se poidan ter. Polo tanto, imos seguir insistindo en que é necesario normalizar as conferencias de presidentes. É certo que se fixeron durante a época da pandemia e é certo que tivo lugar unha —eu mesmo asistín, acompañando o presidente da Xunta— na Rioja, a finais do mes de xullo, pero tamén é certo que dende entón se anunciara unha en materia de educación e ao final non tivo lugar; dende entón non se produciron. Polo tanto, volvemos poñer de manifesto que non ten ningunha lóxica unha presenza abrumadora da Administración xeral do Estado durante os primeiros meses da pandemia e unha retirada, igual de abrumadora na miña opinión, nunhas circunstancias que seguen sendo moi difíciles.

Polo tanto, manteñamos abertos estas vías de diálogo e entendamos que a Conferencia de Presidentes ten que ser un cauce normal de relación ao máximo nivel, iso si, con ordes do día, con planificación e con acordos, máis alá de declaracións programáticas ou de comentarios da situación xeral, que está ben sabelos pero, loxicamente, e máis neste momento, é necesario moito máis. Iso é o primeiro.

E tamén anuncio que Galicia ten a súa propia senda bilateral coa Administración xeral do Estado. Polo tanto, reclamaremos encontros bilaterais para tratar moitísimos asuntos, pero eu creo que hai algúns fundamentais que están enriba da mesa e que non admiten máis



adiamento. Estou falando das cantidades que se seguen debendo a Galicia e que reclamamos moitas veces. É que non é ningunha solución non querer falar do tema e pensar que o tempo vai facer que a Xunta de Galicia se canse de reclamar o que é noso, o que é de todos os galegos e galegas. Polo tanto, séguense debendo cantidades á Comunidade Autónoma de Galicia, é dicir, aos galegos e ás galegas, por parte do Estado e queremos falar de a ver cando se van pagar esas cantidades. Desde logo, o paso do tempo non vai facer que a Xunta desista desa pretensión, que é unha pretensión que vai no interese xeral desta comunidade autónoma e, polo tanto, queremos unha reunión bilateral ou as reunións bilaterais que sexan necesarias para falar deste tema e para falar tamén do traspaso de competencias, empezando polo traspaso da titularidade da AP-9. Foi un consenso xeral. Parece ser que algún grupo político aquí o tiña absolutamente pechado, mesmo se deron uns prazos no acordo de investidura, pero eses prazos están superados sobradamente e nada se sabe. Xa que logo, a Xunta de Galicia como comunidade autónoma e como lexítimos representantes de todos os galegos e galegas pediremos tamén que se nos informe, máis alá da información que nos poida aportar —que é ningunha— un grupo político que di que tiña este asunto pechado. Pasaron meses e pechado non hai nada.

Tamén nos gustaría saber o estado real e as previsións reais respecto de algo tan fundamental para Galicia, como é, por exemplo, o remate xa definitivo —e máis entrando no ano que imos entrar— das obras do AVE.

Hai moitos asuntos que teñen que ser tratados bilateralmente. Cremos perfectamente e sempre apoiamos os foros de cooperación multilateral, pero tamén cremos que hai asuntos que deben ser tratados desa maneira.

Faremos tamén un especial fincapé —isto é fundamental— na presenza de Galicia nas negociacións e institucións a nivel europeo. Aquí hai moitas fronteas abertas que creo que teñen que ser atendidas, penso que de xeito urxente, xa nesta primeira parte da lexislatura. Estou falando primeiro da negociación dos fondos de cohesión para o período económico que xa está comezando —de feito, xa está comezado de xeito formal; non está pechada a negociación, pero este é un asunto moi importante que hai que deixar sentado canto antes—. ¿Canto lle vai corresponder a Galicia nos fondos de cohesión neste novo período económico? Eu recordo que no anterior período, no 2014-2020, había tamén unha previsión dunha perda moi importante duns fondos tan fundamentais para nós como os fondos de cohesión. Creo que actuamos de xeito intelixente, buscando alianzas con outras comunidades autónomas e con outros territorios europeos que naquel momento estaban nas mesmas circunstancias. O Goberno de España, que é quen ten ao final a última palabra e que ten capacidade negociadora, botou tamén unha man moi importante —o que tiña que facer, por outra parte, para corresponder con Galicia— e ao final conseguimos que a merma fose practicamente mínima. Polo tanto, imos a unha cantidade moi importante de fondos de cohesión. Volvemos encontrarnos na mesma situación e volvemos ter as mesmas incertezas.

Saben vostedes que hai pouco tempo —e isto é a demostración de que hai cousas que están por riba de cores políticas— establecemos unha alianza cunha comunidade autónoma das que hai en España que se atopa nunha situación parecida á de Galicia a este respecto, que é a Comunidade Autónoma de Asturias. Os dous presidentes tiveron un encontro para falar



deste tema, faláron claramente e agora tamén lle corresponde ao Goberno de España facer a súa parte en Bruxelas e asegurar —hai mecanismos para facelo, outra cousa é a vontade política, a capacidade negociadora e a forza que se teña como país e como goberno— que hai mecanismos para garantir que a Galicia veñan uns fondos, que son imprescindibles.

Polo tanto, ofrecemos toda a leal colaboración do Goberno da Xunta de Galicia, igual que o fixo o Goberno de Asturias, para asegurar que este obxectivo fundamental se cumpra. E, ademais, estamos no tempo límite para poder facelo.

Insistiremos moito tamén na necesidade de que as comunidades autónomas —e, polo tanto Galicia— teñan unha participación activa. A isto comprometeuse —xa digo que eu estaba diante na última Conferencia de Presidentes— o presidente Sánchez, a darlles unha participación ás comunidades autónomas na distribución dos fondos que van chegar da Unión Europea. Este é un compromiso e, polo tanto, agardamos que este compromiso sexa atendido. O certo é que no día de hoxe nada saíu, máis alá desa declaración formal, de empeñara súa palabra —polo menos, así o vin eu—, que fixo o presidente Sánchez, pero xa tamén é tempo, xa que estamos en fase de elaboración de orzamentos, de saber que se pensa facer para materializar este compromiso público.

E, por último, tamén seguiremos loitando pola inclusión da provincia de Lugo no Fondo de Transición Enerxética Xusta. Xa está a provincia da Coruña, e cremos que, polas circunstancias nas que estamos agora mesmo, deben estar todas as zonas de Galicia, onde é necesario, e na provincia de Lugo, sen dúbida, faise necesaria esta inclusión.

Seguiremos insistindo na relación dunha política propia de acción exterior, por suposto, coordinada coa do Goberno de España, que é quen ten a competencia exclusiva, pero as comunidades autónomas tamén podemos facer cousas en materia de política exterior. Saben vostedes que había un proxecto de lei aprobado polo Consello da Xunta que chegou a entrar neste Parlamento e que decaeu coa convocatoria de eleccións. Volverá entrar inmediatamente para poder tramitalo e, se é o caso, aprobalo como lei e darlle capacidade de manobra a Galicia para manexarse nas súas relacións exteriores; insisto, en coordinación co Goberno de España, pero aproveitando todas as vantaxes que temos como rexión transfronteiriza, todos os fondos POCTEP, 130 millóns obtidos no período económico que agora remata —por iso falaba da importancia de que se nos diga como se vai garantir o mesmo nivel de fondos de cohesión neste novo período—, todo o que ten que ver con esa situación privilexiada, pero que tamén supón problemas que hai que resolver co norte de Portugal e, en definitiva, todo o que ten que ver coa nosa acción exterior e tamén coa cooperación para o desenvolvemento. Creo que a colaboración mantida durante todos estes anos coas ONGD galegas, que demostraron a súa profesionalidade e vese no nivel de execución —practicamente o cen por cento de todos os proxectos que en concorrencia competitiva lle foron adxudicados—, o que nos di é que no novo plan de cooperación que queremos aprobar no ano 2021 temos que seguir por esta liña, e temos que seguir sendo conscientes de que os pequenos esforzos que se fan dende aquí teñen un efecto multiplicador enorme e moi necesario en territorios que necesitan, seguen necesitando, esta axuda. Dende logo, aproveitan, agradecen e multiplican os efectos benéficos por moitísimos díxitos respecto do pequeno esforzo, insisto, en comparación cos resultados que se poden facer desde aquí, e a Xunta de Galicia vaino seguir facendo.



Hai comunidades autónomas que diminuíron moitísimo a súa cooperación no exterior. Nós mantivémola nos momentos máis difíciles e queremos seguir aumentándoa nese compromiso que temos coa coordinadora das ONGD, sempre por riba do que suban os orzamentos da Xunta de Galicia. Ese é o noso compromiso, cumprímolo en momentos moi difíciles e queremos seguir cumpríndoo na vindeira lexislatura.

E, por último, señorías, deixo para o final todo o que ten que ver coas competencias de turismo, recentemente asumidas por esta vicepresidencia, coa consciencia de que son un reto pero tamén unha enorme oportunidade, e moito máis nestes momentos. A miña intención é continuar creo que o magnífico labor que se estaba facendo polo responsable anterior, por Román Rodríguez, e adaptarse ás novas circunstancias, ás novas perspectivas. As novas circunstancias son o momento no que nos atopamos. O turismo en Galicia estaba ofrecendo unhas cifras francamente esperanzadoras e que nos tiñan que encher de orgullo. Estamos falando da evolución nos últimos anos, na que subiron moi por riba da media, batendo récords de visitantes, de turistas, que elixían Galicia como o seu destino vacacional e estando esas cifras por riba do 10 % do PIB, do 11 % do emprego en Galicia. En definitiva, creo que as cousas se estaban facendo ben e a previsión —así o dicía o sector—, cos cambios, coas modificacións e cos fallos que houbera que corrixir, eran francamente optimistas.

Chegou a situación de pandemia, chegaron todas estas circunstancias e todos estamos de acordo en que o turismo é, sen dúbida, un dos sectores máis afectados e, polo tanto, un dos sectores que teñen que recibir unha especial atención e un especial apoio por parte das administracións e, por suposto, tamén por parte da Xunta de Galicia. Xa o fixemos. O 30 de abril apróbase o Plan de reactivación do sector turístico e cultural. Case 60 millóns de euros —58— foron xa investidos nunha gran parte, porque era un plan inmediato para solucionar situacións nese momento —e agora tamén, pero concretamente nese momento— especialmente urxentes, situacións que permitisen solucionar problemas de liquidez que se estaban dando, problemas de perda de emprego e problemas para un tecido empresarial, moitas veces con moitos autónomos, con moitos pequenos empresarios que estaban sufrindo unha situación inédita e unha situación que lles complicaba moitísimo o que estaba por vir, que era a temporada estival que estaba á volta da esquina —estou falando do mes de abril, cando se aprobou este plan—.

Tivemos claro dende o principio, falando co sector, que era moi importante consolidar agora a evolución. Unha vez que rematou practicamente a temporada estival, demostrou que esa aposta era acertada para consolidar Galicia como un destino seguro. Coas circunstancias actuais, que tanto están complicando a mobilidade, que tanto estaban cambiando os planteamentos de moitísima xente á hora de facer turismo, era fundamental que se vise que Galicia era un destino, desde ese punto de vista, cunha situación privilexiada para ser elixido por moitas persoas. Insisto nese concepto de destino seguro, que é, sobre todo, no que nos insisten os profesionais de turismo.

Acaban de saír os datos do INE respecto do turismo esta mesma mañá, polo tanto, terán que ser analizados, pero os datos dos que dispoñemos xa nos din que, primeiro, a situación foi moi difícil e, polo tanto, tivo unha repercusión nada positiva fronte ao que era esperado se non se producise esta situación de pandemia, pero é certo tamén, comparativamente co con-



xunto das cifras a nivel nacional en materia turística, que son cifras que moven a unha certa —e digo certa— esperanza. A evolución é de 22 puntos, case unha cuarta parte superior á media do resto de comunidades. Baixamos un 50 % respecto das previsións, e o conxunto na media nacional ten unha baixada de máis do 85 %. Fomos a quinta comunidade con máis turistas en toda España. Abriron non o 100 %, pero si unha cifra moi importante —máis do 85 %— dos hotéis durante a época estival, e o que é máis importante —e esta é unha cifra sempre que hai que ter moi en conta—, as tarifas hoteleiras sempre se mantiveron estables, non baixaron apenas, menos do 1 % de media, cando en España a baixada media foi de máis dun 15 %.

Polo tanto, isto quere dicir que o turismo galego está nunha situación moi complicada, e ademais certos sectores do turismo están especialmente afectados, estou falando das axencias de viaxes, estou falando de todo o que ten que ver co turismo de congreso e estou falando dos hotéis máis eminentemente urbanos, que están especialmente afectados. Pero o turismo galego no seu conxunto amosa unha maior capacidade de resistencia, que temos que aproveitar e que temos que coidar. E temos tamén que pedir —tamén a Xunta de Galicia ten que facer a súa parte, e farémolo— implicación de todas as administracións, como das deputacións, que teñen competencias en materia turística. Á hora sobre todo de coordinarnos, ao final, todos temos o mesmo destino e, polo tanto, a todos nos interesa que haxa turismo en Galicia, cada un na esfera territorial que é da súa competencia, pero buscamos todos o mesmo e tamén queremos que o Estado, que ten moitísimas cousas que dicir nesta materia, as diga tamén e as diga rápido, que o está a pedir o sector.

Hai varias medidas, señorías, que levamos meses reivindicando e das que aínda non temos a certeza de que se vaian facer, e son competencia do Estado. Ao Estado tamén lle interesa, loxicamente, que exista turismo e, polo tanto, interesáralle que exista turismo en Galicia, que, ademais, como digo, hai unhas comunidades autónomas que están mostrando unha maior capacidade de resistencia neste eido.

Polo tanto, precisamos que os ERTE no sector se amplíen como mínimo ata Semana Santa e precisamos que haxa esta certeza, porque ademais o sector o está reclamando para facer as súas planificacións. Tamén é necesario e fundamental que, polo menos de xeito temporal e mentres dura esta situación, se reduza o IVE nas actividades turísticas ao 4 %. Necesitamos tamén que exista unha política fiscal de desgravación dos gastos turísticos para aquelas persoas que fagan turismo nesta renda do ano 2020 e tamén consideramos preciso, igual que está facendo a Xunta de Galicia, que se establezan medidas alternativas. Acabamos de coñecer xa a suspensión definitiva de toda a actividade que desenvolvía o Imserso. Polo tanto, cremos que non é aceptable que se diga que non vai haber viaxes do Imserso e non se pense, dende a órbita do Estado, en ningunha solución alternativa que lles diga aos establecementos turísticos algo máis que que non vai vir o Imserso e que, polo tanto, teñen que apechugar con esta situación. Ten que haber alternativas e ten que haber mecanismos que fagan viable a permanencia dos establecementos, polo menos dunha parte que esperaban ou tiñan depositadas esperanzas lexítimas na actividade que desenvolvía o Imserso.

E tamén necesitamos, igual que estamos facendo na Xunta de Galicia, que se lle preste unha especial atención á hostalaría, ao sector da hostalaría, especialmente damnificado pola pan-



demia; estou falando do ocio nocturno. Polo tanto, as comunidades autónomas claro que temos que facer cousas, pero eu volvo recordar que a decisión de peche do ocio nocturno é unha decisión que plantexa o Ministerio de Sanidade e, polo tanto, o que non pode ser é que a Administración central diga que todo o que ten que ver coa repercusión desta decisión é cousa exclusiva das comunidades autónomas. Dígoo porque as cousas así, loxicamente, non van poder funcionar.

Isto, con respecto á situación inmediata. Respecto das previsións de futuro, todos estamos de acordo e esperamos que canto antes —dende logo, é o noso desexo, é a nosa esperanza— todo se volva normalizar —agardamos que canto antes— e que o horizonte sanitario nos permita volver a unha vida normal —tamén agardamos que canto antes—. Todos estamos convencidos —estou seguro de que as súas señorías tamén— de que cando isto sexa posible a xente terá —teremos— ganas de volver viaxar, ganas de volver relacionarnos, e aí ten que estar Galicia posicionada dun xeito privilexiado; ademais, aproveitando toda a experiencia destes meses, desta época tan difícil, para consolidarse xa definitivamente nesa marca de destino seguro e de destino sostible que agora estamos empezando a consolidar.

¿Que temos que facer? Eu creo que moitas cousas, e vou estruturalas —vou rematando xa, señor presidente— en tres aspectos fundamentais:

Primeiro, hai que avanzar nesa articulación integral e definitiva do sector turístico galego e implementar agora as reformas que xa teñen que quedar para o futuro.

Segundo, hai que seguir insistindo nesa desestacionalización da que falamos tantas veces e que agora se fai máis necesario e máis evidente que nunca que hai que implementala e nesa innovación tamén que é necesaria no sector turístico galego no seu conxunto.

E, por último —deixo isto para o final—, hai que impulsar e tamén reformular, porque vai ser necesario, o Xacobeo 2021 e ter unha perspectiva máis longa, pero sen renunciar en ningún caso á oportunidade singular, única e especialísima que supón para Galicia o ano que vén dende este punto de vista.

No que se refire á articulación integral do turismo galego, temos moitísimas medidas en marcha. Isto está en diálogo co sector. Tamén depende moito da evolución da pandemia e, polo tanto, tampouco imos facer nada no que non esteamos de acordo con eles, que son os realmente afectados e os primeiros que saben as súas necesidades.

Polo tanto, isto, se mo permiten, será tamén obxecto no seu momento dunha comparecencia específica neste Parlamento. Pero, por adiantarlles algunhas das medidas que queremos facer: hai que elaborar un plan estratéxico de turismo sustentable para Galicia e hai que dicir o horizonte que lle queremos dar, un horizonte de catro anos ou un horizonte máis longo —tamén nisto queremos escoitar o sector—; hai que seguir regulando parcelas do turismo, sectores do turismo, igual que fixemos coas vivendas turísticas; hai que regular o turismo rural moito máis —isto pídeo o sector—; e hai que consolidar o turismo activo, é dicir, todas estes xeitos, todas estas maneiras, estes nichos de turismo emerxente en Galicia xa dun xeito definitivo e moito máis regulado.



Temos que seguir potenciando a enorme vantaxe que supón a imaxe de Galicia como destino turístico no exterior, e moito máis agora como destino seguro ao que antes me refería. Polo tanto, seguiremos insistindo e dando axudas para acadar esas certificacións de calidade turística. No día de hoxe somos a segunda comunidade autónoma con máis certificacións e temos que intentar —¿por que non?, agora que é máis importante que nunca— conseguir ser a primeira. Non renunciamos a ese obxectivo porque agora, cando se dean estas certificacións de calidade, se terán moi en conta as novas circunstancias que hai que desenvolver na actividade turística, dende o punto de vista da garantía sanitaria, e, polo tanto, se o conseguimos e seguimos avanzando, teremos dado un paso fundamental.

Seguiremos mellorando na accesibilidade das instalacións turísticas, na mellora. Para iso seguiremos asinando convenios con institucións e con concellos que teñen monumentos, que teñen lugares de especial interese turístico e que, polo tanto, necesitan ese apoio da Administración autonómica para seguir mellorando.

Seguiremos profundando nunha xoia que existe en Galicia, que ten aínda moitas posibilidades, que xa é un referente a nivel internacional, pero que ten que selo moito máis aínda, que é no Centro Superior de Hostalaría de Galicia, coas novas previsións e cos novos avances que se están anunciando, cos novos proxectos que existen coa Universidade de Santiago e cos novos pasos que hai que seguir dando para consolidalo definitivamente como o gran centro de formación turística da península Ibérica.

E insistiremos moito tamén na dixitalización do turismo galego, que é unha asignatura en permanente evolución. Fixéronse moitas cousas, creo que se avanzou moitísimo durante a pandemia dentro deste plan de intervención de 60 millóns ao que antes me refería, e o Igape fixo un esforzo moi importante para potenciar a dixitalización co chamado Cheque Dixital. Case 700 empresas turísticas accederon a el durante os meses de abril e maio. O que pretendían era facer todas as implementacións custosas, dende o punto de vista económico, que eran necesarias, dende o punto de vista dixital, para adaptarse á situación de pandemia. Estou falando de plataformas de reserva *on line* e estou falando dunha serie de circunstancias que era necesario acelerar; que xa eran necesarias antes da pandemia, pero que agora se fan moito máis evidentes. Por exemplo, no turismo rural, no turismo enolóxico, trátase de facilitar moito máis todo o sistema de reservas *on line* e de darlle unha volta completa e durante o tempo que sexa necesario ao turismo de congresos tamén neste plan de dixitalización. Non hai que renunciar a facer congresos, o que hai que facer é reinventalos e, polo tanto, agora se os congresos plantexados ao xeito tradicional, coa presenza de moitas persoas congresistas, con gran afluencia —que era bo, que era moi necesario e, dende logo, estamos posicionándonos sobre todo de cara ao Xacobeo XXI nunha posición privilexiada—, non son posibles polo de agora, non renunciemos a seguir sendo unha marca identificable como destino de futuro de congresos e, polo tanto, impulsemos novas formas de seguir facendo estes congresos. Estou falando do pulo do turismo MICE e do turismo de reunións, congresos e feiras a través de sistemas dixitais. Saben vostedes que, en colaboración coa patronal do sector, temos instalado na Cidade da Cultura, no Gaiás, un plató para poder facer estes congresos de xeito dixital e non renunciar a seguir facéndoos e, sobre todo, para non permitir a desconexión que xa se está producindo noutros destinos tradicionais de turismo de congresos. Cando sexa posible volver facelos como se facían sempre, probablemente sexa moi difícil volver re-



tomalo. Polo tanto, non queremos perder esa conexión cos organizadores de congresos e queremos que se sigan facendo, aínda que agora haxa que facelos doutra maneira e esa outra maneira sexa a realización dixital con esa plataforma que está establecida no Gaiás.

Seguiremos profundando en novas modalidades de turismo nas que Galicia ten moitas oportunidades. Estou falando, por exemplo, de turismo de raíces. Xa hai moitísimos galegos e galegas no exterior de segunda e de terceira xeración que queren seguir vindo a Galicia, a coñecerla, a ver a terra dos seus pais ou dos seus avós e que veñen aquí facer turismo. Polo tanto, ese é un nicho de mercado que temos que captar para que poidan converter en realidade ese desexo de vir a Galicia, de coñecer a terra da que tanto escoitaron falar e tamén de facer turismo, porque moitas veces estamos falando de xente que ten un poder adquisitivo e busca un turismo de calidade que nós temos que captar.

Seguiremos explorando e potenciando as enormes posibilidades do turismo de saúde, especialmente do termalismo e especialmente do termalismo nesa posición punteira na que se colocou a provincia de Ourense. Os expertos sanitarios coinciden agora mesmo en que en tempos de pandemia e en tempos de explorar novos xeitos de turismo todo o que ten que ver con isto e todo o que ten que ver... Hai pouco tiveron a honra de estar na inauguración do Congreso de Termatalia; congreso organizado tamén de xeito dixital pero que podía non celebrarse. Eu creo que foi un acerto que se celebrase, e celebrouse baixo esa modalidade á que antes me refería. Todo isto hai que aproveitalo moitísimo de cara ao futuro porque estamos moi ben posicionados.

E respecto da desestacionalización, tan importante, como dicía, temos falado moitas veces da súa necesidade. Esta é unha aspiración non só de Galicia, eu creo que de todas as comunidades autónomas. En España, como destino tradicional turístico, concéntrase o turismo sobre todo nos meses estivais do ano. Aquí temos moitas posibilidades de que, sen renunciar a esa especial afluencia neses meses, veñan turistas durante todo o ano, e para iso hai que facer moitas medidas dende o sector e tamén dende a Administración, como o Bono Turístico, que no día de hoxe ten unhas cifras respecto do persoal sanitario e sociosanitario moi apreciadas, de 20.000 posibles solicitantes. Xa temos máis de 14.000 solicitudes do Bono Turístico. É unha maneira de desestacionalizar e de darlles actividade a moitos establecementos que, se non —e máis nestes momentos—, non a terían de aquí ao mes de decembro, que é o prazo de vixencia. Outra maneira sería co programa Elix Galicia, para promocionar 4.500 estadias a determinados colectivos, en parte apoiados economicamente pola Xunta de Galicia. Referíame un pouco antes á necesidade de que o Estado habilite fórmulas alternativas á supresión das viaxes do Imsero. Pois o programa Elix Galicia é un bo vieiro, un bo camiño que lle marcamos dende a Xunta de Galicia a iniciativas como esta. Axudaría moitísimo tamén ao sector turístico en Galicia e evitaría que este esforzo o estivera facendo no día de hoxe a Xunta de Galicia exclusivamente. Igual que os outonos gastronómicos, que acaban de empezar. É dicir, son todas elas iniciativas que teñen que ver con conseguir que siga habendo turistas durante todo o ano e ofertas acaídas a cada mes no que pretendamos que esta afluencia se produza.

E, por último, está o que ten que ver co Xacobeo. Xa digo que estamos en pleno proceso de reformulación, e, polo tanto, isto creo que ten ser obxecto dunha comparecencia especial.



Simplemente quero adiantarlles o que acabo de dicir. Primeiro, que todo o mundo entende que as previsións que estaban feitas respecto do Xacobeo —polo menos nesta fase inicial—, loxicamente, terán que ser reformuladas. Onte falaba disto o presidente da Xunta co alcalde de Santiago no encontro institucional que tiveron. No día de hoxe son implantexables as grandes aglomeracións, no día de hoxe son implantexables as circunstancias de mobilidade, que apuntaban a que unha vez máis se ía bater o récord de presenza de peregrinos durante o Ano Santo. Non renunciámos a todo isto, por iso é tan importante insistir na necesidade de prolongación do Xacobeo pensando en que tamén terá que haber meses normais cando todo isto pase, pero mentres hai que adaptarse ás circunstancias e non pensar que non temos que aproveitálas. Aínda así, non hai que quedar de brazos cruzados esperando a que todo isto pase; o Xacobeo segue sendo unha gran oportunidade.

O Plan estratéxico do Xacobeo xa nos indicaba o camiño polo que había que ir mesmo cando a pandemia non estaba presente; e o camiño é espallalo moito máis por todos os concellos de Galicia —iso imos facer—, facer moitos máis actos, aínda que sexan máis pequenos pero que impliquen moito máis a poboación local e profundar moito máis nos valores e na percepción de contacto coa natureza, con espazos abertos e con outro tipo de turismo diferente no que moitísima xente pensa cando fala espontaneamente das características do Camiño de Santiago e do Xacobeo. Todo iso é o que hai aproveitar agora e, polo tanto, imos facelo.

O Xacobeo segue sendo un motor, segue sendo un trampolín e segue sendo unha plataforma de impulso de Galicia que imos aproveitar. Non perdemos o tempo durante estes meses. Había un plan de mellora e de acondicionamento de todos os Camiños que xa rematou co último Camiño de Inverno; polo tanto, os Camiños están acondicionados. Veuse facendo estes últimos anos un esforzo moi importante na construción de novos albergues e na mellora dos que xa existían. Existe un plan agora que tamén imos executar para mellorar e construír outros alí onde a demanda demostrou estes anos que era necesario. E seguiremos en diálogo, por suposto, coa Igrexa e coa catedral de Santiago para mellorar os accesos e para mellorar todo o que ten que ver cos sistemas de control na afluencia e na xestión do fluxo de visitantes.

Faremos e estamos elaborando xa con grupos de expertos plans de continxencias sectoriais por se se producise algunha circunstancia relacionada coa pandemia cos peregrinos que xa están vindo agora mesmo, sobre todo pola afluencia que se espera no exterior, para poder reaccionar rapidamente e con protocolos establecidos. Xa o estamos facendo pero temos agora tempo para protocolizalo moito máis. E colaboraremos tamén moito máis —xa o estamos facendo— coas asociacións dos Camiños de Santiago, que son as que teñen experiencia —teñen un coñecemento de todo isto que temos que aproveitar— para, precisamente, profundar moito máis no que lles dicía antes. E hai que implicar —creo que esta é unha asignatura aínda un pouco pendente, e temos que aproveitar estes meses de refundación do Camiño para conseguilo— absolutamente a todos os concellos polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago e tamén a aqueles polos que non discorren pero que dun xeito ou doutro se ven afectados dunha forma beneficiosa por esta circunstancia.

Ao final, os Camiños de Santiago pasan por Galicia, con independencia dos concellos concretos polos que transcorran. E a potenciación, a oportunidade e o orgullo que creo que temos



que sentir todos polo Xacobeo e polo que significa iso segue intacto, segue indemne, a pesar das circunstancias. Creo que temos que ter a intelixencia suficiente, e nisto estamos todos implicados porque todos, nós e as diferentes forzas políticas que gobernan os concellos, ao final estamos de acordo en que temos que ser rápidos na adaptación durante estes meses e en que temos que ser rápidos na preparación para esa eventual prórroga e para cando todo volva ser normal. Segue sendo un elemento fundamental. Xa digo que será obxecto dunha comparecencia ou de moitas comparecencias e de moitas intervencións especiais, pero creo que este é un tema fundamental e que esta é unha oportunidade única para Galicia que non imos desaproveitar.

Polo tanto, señorías, isto é o que quería dicir nesta comparecencia. Os servizos públicos fundamentais teñen que adaptarse ás novas circunstancias, teñen que saír potenciados, teñen que recuperar todo o traballo que non se puido facer e as oportunidades fundamentais. Galicia ten moitísimas posibilidades como destino turístico. O turismo era unha das pancas de recuperación económica de Galicia ata o momento da pandemia, e teno que seguir sendo e teno que seguir sendo moito máis cando todo isto pase.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, quero comezar desexándolle ao señor Rueda — como fixo na sesión de investidura Gonzalo Caballero respecto do señor Feijóo — todo o éxito e acerto do mundo, porque nestes tempos difíciles na que pode ser a lexislatura máis complicada da democracia o seu acerto vai ser imprescindible en beneficio de todos. ¡Sorte, éxito e acerto, señor Rueda!

Pero permítame que empregue un anaco da miña primeira intervención nun pleno deste Parlamento para dicir que é para min unha auténtica honra estar aquí falándolles no lugar polo que pasou tanta xente que militaba no socialismo galeguista, ou que, sen militar no socialismo, como tantos outros, aceptou formar parte das súas listas, como podemos mencionar a Carlos Casares, Benxamín Casal ou Ramón Piñeiro. É altamente indicativo que todos eses persoeiros que representan a mellor tradición de compromiso galeguista e de intelectualidade de Galicia se incorporaran no seu momento a esa casa común do progresismo que era e será o PSdeG.

É unha honra estar nun lugar cheo de símbolos que son para min altamente edificantes, comezando pola vidreira que nos preside — co permiso do señor Santalices — e da que foi autor Isaac Díaz Pardo, que militou nos seus anos mozos nas Xuventudes Socialistas Unificadas e que in-



cluso foi nalgunha lista do meu partido. Fillo dun pai fusilado ou —como dicía o propio Díaz Pardo— inmolado por defender certa idea de Galicia polo franquismo, no que militou e do que foi ministro o fundador do partido que goberna hoxe esa mesma Galicia. ¡Que maior mostra de reconciliación, de concordia e daquilo que dicía Azaña: «paz, piedade e perdón», que estar presos pola obra de Díaz Pardo, fillo dunha vítima do franquismo feroz e corrupto!

Esa vidreira instalada na lexislatura do Goberno bipartito é a obra dun home que emprendeu incansablemente a prol de Galicia, que, partindo da súa historia e da súa cultura, tratou sempre de modernizala e que, xunto con Luis Seoane, fundou o Laboratorio de Formas, esa versión autóctona da Bauhaus alemá. Falando da Bauhaus e de concordia, quero poñer en valor un artigo no que se fala de recuperar esa senlleira institución cultural que publicou esta fin de semana unha teórica correligionaria dos señores do PP —e digo o de «teórica» porque na práctica o PP está a anos luz do civilizado conservadurismo alemán—, Ursula von der Leyen, presidenta da Comisión Europea. Ela publicou —como digo— un artigo titulado «Cambiamos as cousas», que é unha invitación —moi fácil de aceptar— a superar a grave crise na que nos atopamos, facendo da necesidade virtude, aproveitando a ocasión para transformar a economía e, de paso, toda a sociedade europea, meténdonos niso que algúns chaman ou definen como terceira revolución industrial e afrontando, ao mesmo tempo, a emerxencia climática na que vivimos, esa da que Barack Obama dixo hai algúns anos que constitúe a maior ameaza para a humanidade e á que o señor Feijóo no seu longo discurso de investidura fixo referencia nunha única e exclusiva ocasión, talvez porque estea aínda influído polo negacionismo climático do curmán do seu admirado Mariano Rajoy.

¡Que distancia sideral entre os plantexamentos dunha Ursula von der Leyen e os dos señores e señoras do Partido Popular! Porque esa chamada a cambiar as cousas por parte da presidenta conservadora da Comisión Europea contrasta enormemente co inmovilismo que vostedes practican e do que é mostra o discurso hoxe do señor Rueda. Porque vostedes non xestionan, vostedes deixan pasar o tempo, e o tempo que vostedes deixan pasar sen facer nada é tempo perdido para Galicia; tempo gañado para vostedes, pero tempo perdido para Galicia. Mentres o mundo se move, Galicia tende á inmovilidade, porque vostedes fan que fan pero non fan nunca nada, á parte de botar balóns fóra.

Señor Rueda, é vostede o responsable dunha administración autonómica que funciona con base na repartición de competencias entre Estado, comunidades e concellos, froito daquilo que o que foi deputado do PSdeG nesta Cámara, Ceferino Díaz, relatou nun libro titulado de xeito esclarecedor *A esforzada conquista da autonomía*. Custou moito esforzo conquistar a autonomía de Galicia para que vostedes se adiquen ultimamente a escapar ou a abdicar dela. (Aplausos.)

Nalgúns casos levan facéndoo dende hai once anos, sinaladamente en materia económica e de política industrial, porque non existiu tal cousa como unha política económica e industrial activa, a non ser que entendamos como tal deixar pasar o tempo ou prometer barcos e centros loxísticos de Pemex dos que nunca se tivo noticia. Pero ultimamente descubriron vostedes dúas cousas novas. A primeira, que todo o que vai mal ou medio mal en Galicia é culpa do Goberno central —casualmente desde que é o seu presidente Pedro Sánchez, antes non—, en cambio, todo o que vai medio ben é mérito seu. Idearon vostedes unha especie de inimigo



exterior que sería o Goberno central que mantería unha especie de conspiración xudeuma-sónica contra Galicia, que non fai falta dicir que só existe nas mentes dos seus publicistas.

O segundo descubrimento que fixeron vostedes é que o núcleo fundamental das competencias que acadou esforzadamente esta comunidade, a maior parte do orzamento da Xunta de Galicia —sanidade, educación, servizos sociais—, é, en realidade, desde que se iniciou esta pandemia, un problema e responsabilidade do Estado. A pesar de que o Estatuto de autonomía de Galicia establece con meridiana claridade que son competencias plenas de Galicia e que leva exercéndoas décadas, nesta pandemia descubrimos que a culpa dos problemas da sanidade, da educación e das políticas sociais en Galicia é do Estado e que hai que pedirlle ao Estado que resolva os problemas, exactamente igual que os problemas industriais de Galicia, que levan décadas larvándose. Tamén din con algo menos de frecuencia que o problema das residencias é responsabilidade do Estado, a pesar de que o Estado non ten ningún tipo de capacidade nesa materia e a pesar de que teñen vostedes a competencia e a obriga de organizar o sistema das residencias, de inspeccionar e de sancionar, cousa que non fan porque parece que lles interesa máis que determinados imperios xeriátricos sigan obtendo enormes beneficios en Galicia a custa da saúde e da dignidade dos nosos maiores e pagando os seus impostos en paraísos fiscais.

Lembro aquela proposta de Administración única que fixo don Manuel Fraga no ano 1992 que se vinculaba entón co federalismo de execución. Pois ben, manexando como hipótese que, como di o profesor Blanco Valdés, o noso sistema autonómico é un certo tipo de sistema federal, o señor Feijóo e vostede, señor Rueda, superando moi de lonxe a aportación do señor Fraga, van pasar á historia do pensamento político por ser os impulsores dunha nova corrente de pensamento político administrativo que me permito bautizar como «federalismo de escape». O federalismo de escape que vostedes inventaron e practican consiste en escapar das competencias propias e abdicar do seu exercicio tratando de convencer a todo o mundo de que en realidade son outras administracións como o Goberno central ou os concellos os que teñen as responsabilidades. Tamén consiste en invitar a facer determinadas cousas, pero pedir que esas cousas as paguen outros; é dicir, invita a Xunta de Galicia pero pagan o Goberno central ou os concellos, a pesar de que manexan vostedes un orzamento para Galicia que supera o do Estado e o dos concellos de Galicia xuntos.

Señor Rueda, ten vostede a responsabilidade crucial de garantir o adecuado funcionamento da Administración autonómica galega; non se pode infravalorar a envergadura desa responsabilidade. Nas últimas tres lexislaturas os seus discursos están nesta Cámara pragados de referencias á calidade ou á eficiencia da Administración. Sen embargo, nestes once anos non se implantou pola súa banda ningún tipo de control de xestión minimamente significativo e eficaz da Administración pública galega, que carece hoxe de mecanismos reais para avaliar se as políticas que leva a cabo están ben ou mal feitas ou se poden facer doutra forma ou con máis ou menos recursos. Por iso, ante un escenario de forte crise económica e de escaseza de recursos públicos, aproveito para preguntarlle: ¿pensan vostedes implantar algún tipo de mecanismo de control de xestión no ámbito das políticas públicas para garantir que sexan moito máis resilientes e eficientes ante o que temos por diante? En caso afirmativo, ¿cal vai ser ese mecanismo?

Señor Rueda, outra das competencias da que vostedes escapan é a de xustiza. Tiven a ocasión de escoitar o outro día na Comisión 1ª como o director xeral de Xustiza dicía que, en



realidade, Galicia non ten competencias en materia de xustiza, que só ten funcións; «transferencias de funcións», dicía. Pero, sen embargo, teñen vostedes a programación e a xestión dos medios materiais e persoais da Administración de xustiza, o cal é tanto como dicir que é súa a competencia principal da xustiza en Galiza. E a pesar de que levan vostedes once anos no poder, a situación da xustiza en Galiza foi a peor durante todo ese tempo, no cal o prazo de tramitación dos procedementos foi alongándose cada vez máis, situación que empeorou coa folga dos funcionarios de hai dous anos, que durou nada menos que 114 días —case catro meses de folga— e que se veu agravada pola pandemia, respecto da cal vostedes non están dotando recursos necesarios para facerlle fronte.

En materia de turismo, anunciaron un plan de reactivación dotado con 58 millóns. Tendo en conta que o turismo e a cultura conxuntamente representan o 13 % do PIB de Galicia, é manifestamente insuficiente esa cifra, cando a Xunta manexa un orzamento de 11.000 millóns de euros, tendo en conta o impacto da pandemia neses sectores.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Vou concluír, señor presidente.

Non dubide vostede, señor Rueda, da nosa predisposición ao diálogo nunha situación tan difícil e inédita como a que imos afrontar nesta lexislatura e que vai requirir máis que nunca altura de miras por parte de todo o mundo, como vai requirir que fagan vostedes cousas substancialmente diferentes das que fixeron nos últimos once anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Bos días, señor presidente.

Señorías, señor profesor, as primeiras verbas —como pode ser doutra maneira, pero non vai ser— van para as vítimas da covid, para as súas familias e para os traballadores e traballadoras que demostraron ser esenciais durante esta pandemia. E tamén quería lembrar un día como hoxe as vítimas e os familiares do accidente de Angrois. Rematou a instrución penal, pero non podemos seguir xogando a pensar que a responsabilidade penal ou a responsabilidade civil, máxime na área de xustiza, é igual que a responsabilidade política. A responsabilidade política debería dilucidarse neste Parlamento, nuns foros análogos.

Eu estou nesta *rentrée*, nesta volta a este abril. A última vez que estiven na bancadas azuis había outra serie de persoas, honestas, comprometidas e leais con este país. Penso, xa que o Goberno é solidario, que sexa solidario entre si e que sexa solidario cos galegos e coas galegas, pero transmítalle os meus mellores desexos e que sirvan esas persoas que estaban



aquí —penso eu— como exemplo e como conduta que se debe seguir e, desde logo, que teñan sorte na súa función, que será a sorte de todos e todas nós.

En todo caso, teña por seguro que terá unha oposición moito máis leal e construtiva que a que tiveron eses antecesores aos que eu me refiro. (*Aplausos.*) Iso si, hai cousas que nesta Cámara non mudaron. Por aí había un señor, o señor Fraga; hoxe está o seu sobriño. A verdade é que se o parentesco, en lugar de ser colateral, chega a ser ascendente, isto xa parecería a Deputación Provincial de Ourense, onde os postos van en liña de pais a fillos. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

En todo caso, e como aquí se manifestou en reiteradas ocasións, créame, señor Rueda, terá en nós unha oposición leal, dialogante e propositiva. (*Murmurios.*)

Si, eu no seu discurso, persoalmente, vindo dende Ourense, botei de menos calquera iniciativa sobre a reactivación, non económica, a reactivación democrática. (*Aplausos.*) E eu inicialmente, cando tiña ideada esta posible comparecencia, pensaba en pedirlle só unha cousa; agora teño que pedirlle dúas. Unha, faga do Parlamento o centro da actividade política. Isto non pode ser un apéndice de San Caetano. Busque aquí os consensos e os acordos, que nós, dentro da distancia ideolóxica, estamos dispostos e dispostas a ofrecer e a participar, polo ben dos galegos e das galegas. E, sobre todo, muden un pouco eses mantras e eses argumentarios, polo menos despois do que pasou en San Xoán de Río. Hai que darlles unha revisión a eses argumentarios.

Dicía na Comisión 1ª, creo que con pouco éxito —eu non serei intelixente, pero teimudo sonlle moito—: fagan un xiro copernicano. O poder polo poder non é o obxectivo; o obxectivo non pode ser o poder, o obxectivo ten que ser o benestar dos galegos e das galegas, o futuro de Galiza. E dígolle iso vindo dende Ourense. Xa repetimos neste pleno algunha que outra vez e mais nos medios de comunicación que en maio de 2019 o presidente da Xunta dicía que o señor Pérez Jácome ía ser letal para Ourense, ía ser un alcalde letal para Ourense —maio do 2019—. En xuño do 2019 fixérono alcalde. Ben, conservouse a Deputación, asegurouse que non ían ter un rival máis nas eleccións galegas. Pero, ¿que estamos a vivir? Unha situación de parálise un ano máis. É un concello que ten potencialidades, que ten liquidez, que ten un PXOM absolutamente paralizado e moitas concesións por aprobar. Vén unha pandemia e o Concello de Ourense, como consecuencia dese pacto letal onde vostedes cogobernan, ou cogobernaban ata hai uns días, nada de nada, nin resposta para os autónomos, nin resposta para o pequeno comercio, nin resposta para os servizos sociais; nada de nada.

Mire, e agora rachan o goberno por feitos —lamento que non estea un compañeiro seu da fila de atrás—, por un dosier que xa coñecían no momento que investiron a ese señor alcalde. Asuman as responsabilidades e, sobre todo, agora que a Xunta de Galicia é un goberno solidario, non rache as negociacións co Concello de Ourense. Non prexudican o alcalde, prexudican os ourensáns e as ourensás. (*Aplausos.*) Manteñan a interlocución con Ourense, manteñan a interlocución cos ourensáns e as ourensás, non nos castiguen máis.

Mire, eu pediría, para rematar sobre isto, que rectifiquen, e dado que Baltar é un especialista en mocións de censura, aínda que probablemente con outras finalidades e con outros medios,



provoquen unha modificación no Goberno local e que Ourense teña a xestión que merece ou, polo menos, que saia desta parálise terrible.

Respecto da xestión da pandemia e da colaboración, aínda que me referirei posteriormente a iso, eu creo que a valoración a fixeron vostedes cesando o conselleiro de Sanidade, cesando a conselleira de Ensino e rectificando a toda a cúpula do Sergas. Xa está un pouco feita a valoración. Despois deixaron algunhas fotos un pouco tristes, pero tamén criticadas por si mesmos. Deixaron unhas fotos moi tristes, repartindo material en mal estado e simplemente cunha foto preelectoral. Reflexionen e rectifiquen. Eu creo que iso non é o que se pode esperar do Goberno da Xunta de Galiza.

Pero tratando de ir no ton construtivo que prometín... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, síntoo, pero creo que teño a obriga de falar en nome dos ourensáns e das ourensás, dalgúns polo menos. No ton construtivo do que falaba, eu pediríalle, primeiro, que teñan un pouco de ambición na reactivación da Comisión Mixta de Transferencias. (*Aplausos.*) Na época na que levan gobernando non hai ningunha transferencia, e isto non é unha teima nacionalista, isto é porque xestionar nós o noso terá máis posibilidades de acerto que que o xestionen outros, que as decisións as tomen noutras latitudes e outras persoas totalmente alleas a este país.

E mire, falaba exclusivamente da AP-9. Ben, eu, sinceramente, con honestidade —sempre falan do Néstor Rego, do único deputado—, dígolle que se realmente queren a transferencia da AP-9 polo menos non molesten. Xa non lle pido que colaboren, pero non molesten. (*Aplausos.*) E se a única esperanza da AP-9 para Galiza é don Néstor Rego, pois recíbano ou colaboren con el, xa lles dirá o que teñen que facer en cada momento..., (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) se realmente o que importa é a transferencia ou simplemente meterlle o dedo no ollo ao Goberno de Madrid.

Pero hai outras transferencias, hai transferencias en inspección de traballo, en salvamento marítimo, en tránsito e seguridade viaria. Nós non temos as mesmas infraestruturas terrestres e temos a metade dos núcleos de poboación que o Estado español, pois probablemente a seguridade viaria na Galiza é diferente á que pode ser en Extremadura; nin mellor nin peor, distinta. Polo tanto, necesitamos esa transferencia.

Tamén, en materia da Administración de xustiza —xa vexo que non me vai dar tempo—, vostede dicía que nos últimos anos se crearon moitos órganos xurisdiccionais. Dígame cales (*Murmurios.*) —si, dende o 2009; si, si estou disposto—. En todo caso, e como dicía, ¿non cre que unha competencia en planta e demarcación xudicial a temos que reclamar nós? Mire, hai quince anos, cando andaba por aquí, reclamabamos o xulgado mixto número 2 de Sarria e seguen a reclamar os sindicatos o mesmo xulgado. Simplemente como exemplo. Pero se nós temos as necesidades, nós temos as demoras da Administración de xustiza, nós pagamos, dos sete funcionarios mínimos, cinco, nós pagamos as infraestruturas, ¿por que non seremos nós quen de decidir que xulgado se crea e onde se crea? É totalmente normal. ¿Por que non reclamamos esa transferencia?

Mire, eu creo —sinceramente o creo— que a Administración de xustiza probablemente non dea votos, eu non vexo que a Administración de xustiza teña moito interese, simplemente



do que se trata é de tratar de influír en quen administra xustiza, senón ¿como se entende que a designación dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial estea paralizada? Bueno, eu non entendo nin sequera que se poida «cambalachear» —con perdón pola expresión— o sistema de nomeamento, que se poida pactar entre dúas forzas políticas exclusivamente, non o entendo. E, sobre todo, ¿por que? Porque ese Consello Xeral do Poder Xudicial designará tres maxistrados para a Sala 2 do Tribunal Supremo, a Sala do Penal, a sala que xulgará os recursos contra a Gürtell, os recursos contra os ERE e seguramente xa empezará a esperar pola Kitchen.

Mire, ¿por que o Parlamento de Galiza non pode propor tamén —proponer, facultade de proposta, non lle pido modificación da Constitución, senón facultade de proposta— eses vogais para o Consello Xeral do Poder Xudicial? ¿Por que non participar na designación dos membros do Ministerio Fiscal que atinxen a Galiza? ¿Por que non? ¿Por que non ser...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...ambiciosos nese sentido?

Quedo moi colgado para a segunda intervención.

Mire, creo que a reestruturación da Consellería non é un acerto, ou vostedes están a minusvalorar turismo ou están a minusvalorar xustiza. Pero na súa intervención —e seguramente ten unha preocupación grande polo tema— non se falou case nada da violencia sobre a muller. Resulta que está nunha consellería que seguirá estando en xustiza, e incluso a Valedora do Pobo no seu informe manda certos deberes —deberes moi razoables—, pero a separación desta área de igualdade, esa depreciación —entendo eu, e dígoo con respecto— da dependencia orgánica da Secretaría Xeral de Igualdade non é un acerto, e ao seu discurso me remito.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés. Terminou o seu tempo.

Ten outro turno despois.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado Del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, quero que as primeiras verbas da miña primeira intervención nesta lexislatura sexan de solidariedade e cariño para todas as familias e seres queridos das vítimas da pandemia da covid-19; unha enfermidade que mudou a nosa forma de relacionarnos, a forma de educar, a forma de traballar, de divertirnos e mesmo a forma de despedirnos dos nosos seres queridos. Pero eu resístome a deixar que esta pandemia mude tamén a nosa forma de sentir e de amosar os nosos sentimentos. Xa non están entre nós, pero o seu recordo sempre



estará presente, como tamén o están as persoas que hoxe están padecendo a enfermidade ou mesmo as súas secuelas. Para todas elas, o noso cariño.

Eu non vou contestar ao mitin do señor Arangüena, simplemente vou dicir que é unha mágoa, señor Arangüena, que os socialistas de hoxe non aprenderan nada deses socialistas de antes, dos que vostede veu falar aquí; simplemente —vostede díxoo—, hai unha distancia sideral, realmente hai unha distancia sideral, e a súa intervención é a mostra diso perfectamente.

Eu desculpo, xa que vostede é deputado novo, que confundira unha comparecencia da Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia cun discurso de investidura. Vostede falou aquí de todo menos do que veu falar o vicepresidente da Xunta. Agardo que na súa segunda intervención nos diga se o Partido Socialista de Galicia ten algo que dicir de xustiza, de emerxencias, de interior, de turismo... Vostede tivo dez minutos aquí para falar de moitas cousas, pero non falou de nada do que realmente lles importa aos galegos e ás galegas; é dicir, de resolver os problemas da xente, porque aquí é do que vimos falar, de resolver os problemas da xente. (*Aplausos.*) Non sei se coa súa intervención considera vostede que aportou algo, algunha solución, aos problemas da xente.

E, señor Tabarés —aproveito xa e fago un bloque para os dous—, que veña vostede intentar dar aquí leccións de lealdade e de espírito construtivo coa intervención que tivo non deixa de sorprender, pero, bueno, non pasa nada, tamén lle digo que entendo que esta é a súa primeira intervención e igual aínda está coa mente en Ourense. Pero isto non é un apéndice nin da Deputación de Ourense nin do Concello de Ourense. Isto é o Parlamento de Galicia e aquí fálase de cuestións como das que veu falar o vicepresidente, se a vostede lle importa algo a xustiza, as emerxencias, as cuestións de interior, a Unidade de Policía Adscrita, o turismo, o Xacobeo como motor para a recuperación económica, etc. Se vostedes teñen algunha proposta nese sentido, eu agardo que na súa segunda intervención falen algo diso. Os seus compañeiros aplaudírono moito, están en plena lúa de mel, pero, bueno, son os herdeiros das Mareas de Podemos, teñen moito fillo pródigo e coidado que non lle fagan un Amio 2012, simplemente o advirto. Pero alégrome de que estean de lúa de mel.

Señor vicepresidente, eu agradezo moito a súa comparecencia, a información que nos trasladou aos grupos parlamentarios e que nos dixese a folla de ruta que vai seguir o Goberno galego no seu departamento, que nos permite facer reflexións e achegas, a algúns sobre todo; outros, polo que se ve, viñeron a outra cousa. O ideal sería que esas achegas fosen en positivo e que non se viñese aquí criticar todo, non da súa área, por desgraza, senón que viñeron falar doutras cousas, e sorprende bastante que non haxa nin unha soa medida das que vostede acaba de describir, nin unha soa, que lles valla aos grupos da oposición.

Falou vostede de máis investimentos en infraestruturas xudiciais, da nova sede do Imelga, do investimento na modernización tecnolóxica da Administración de xustiza, da aprobación do sistema da carreira profesional do persoal de xustiza de Galicia, do incremento da remuneración na quenda de oficio, da aportación extra que se fixo na pandemia, da ampliación de persoal nas oficinas de atención ás vítimas e da ampliación de supostos na mediación. Falou vostede, no eido das emerxencias, de que contamos con máis e mellores medios e do mapa de emerxencias, dos bombeiros, de protección civil, dos GES ou mesmo da formación na Academia Galega de Seguridade.



No ámbito da recuperación económica, señor vicepresidente, conte con este grupo para apoiar o Goberno na demanda para que se manteñan eses fondos de cohesión ante as institucións europeas. Eu agardo que os grupos da oposición teñan altura de miras e sexan capaces de poñer a Galicia por riba dos intereses partidistas, xa que somos conscientes do valor que dan as institucións europeas ás demandas que proveñen dos territorios acadadas por consenso de todas as formacións políticas. Ao mellor, teñen algo que dicir na súa segunda intervención.

No eido do turismo, falou da posta en marcha do Plan de reactivación do sector turístico e cultural. Nós aplaudimos ese plan de recuperación e cremos que o turismo en Galicia ten que ser tamén, xunto co Xacobeo —que vén aí, nuns meses—, un motor fundamental para a reactivación económica.

Sorprende que se diga aquí que a Xunta só está reclamando ao Goberno central cartos e queixándose e culpabilizando o Goberno central. Vostede acaba de dar aquí un dato moi importante: a Unidade de Policía Adscrita ten no día de hoxe 375 axentes, cando son 500, ¡500 axentes que precisa Galicia! O único momento en que Galicia tivo a todos os axentes da Unidade de Policía Adscrita foi en 2011, baixo ese goberno maligno de Mariano Rajoy, señor Arangüena. Pois, mire, si. ¿E que fai o señor Sánchez por dotar a Galicia de unidade de policía adscrita ao cen por cento? (*Murmurios.*) Si, vostedes din así, pero este grupo presentou iniciativas tamén cando estaba o Goberno de Mariano Rajoy. A nós non nos importa quen está gobernando Madrid; a vostedes si, a vostedes si. (*Aplausos.*) A nós non, porque nós poñemos os intereses dos galegos e das galegas por riba dos intereses partidistas.

Está nerviosa, señora Rodil, eu entendo que, ao mellor, o señor Tabarés non a representou na súa intervención, pero ¡que lle imos facer! Vostedes elixen os seus voceiros, non os eliminamos nós.

Conte con nós, señor vicepresidente, para seguir apoiando esta demanda a Madrid. Parécenos moi interesante esa nova unidade da que falou vostede para prevención e control da violencia sexual do Camiño. Eu agardo que ese goberno tan feminista que temos en Madrid tamén teña esta sensibilidade e acceda a esas peticións que lle está facendo o vicepresidente. Dúas cartas dixo que lle remitira ao señor Marlaska. Esperemos que non teñan que ser nin tres nin catro. Ao mellor, algunha das feministas dese grupo igual tamén pode axudar a impulsar esta cuestión en Madrid.

No ámbito da xustiza, facía referencia aquí á intervención do director xeral de Xustiza na pasada comisión, pero ninguén dixo que o director xeral de Xustiza o que dixo foi que esa primeira fase que aprobou o Goberno de España para a reactivación da xustiza en España, e en Galicia en concreto, vai de setembro a decembro, e xa vai un mes e dixo o director xeral de Xustiza que aínda non se dotou a Galicia dun só euro nin dunha soa das medidas que se estableceron. Hai tres medidas: creación de novos xulgados —competencia do Estado, señor Arangüena—; posta en marcha da aprobación de xornada dunha parte do cadro persoal dos órganos xudiciais, dos que competen ao Estado, que son competencia exclusiva do Estado, señor Arangüena—; e funcionamento dun xulgado bis, é dicir, un reforzo externo —competencia do Estado, señor Arangüena—. Xa que o ministro de Xustiza presume de que vai dotar de medidas e medios para a



reactivación da xustiza, estaría ben que todas esas medidas as puxeran en marcha canto antes, porque son catro meses e xa vai un alá. A ver se non temos que esperar moito máis e non temos que estar todos os días reivindicando que o Goberno do Estado faga o seu traballo, porque, xa lle digo: pirotecnia de anuncios e cero euros e cero medias en marcha.

Polo tanto, seguiremos reivindicando, nós non vimos aquí defender as medidas do señor Sánchez se non son boas para Galicia, vostedes si. (*Murmurios.*) Vostedes apoiárono e vostedes puxérono alí, señora Presas; vostedes puxérono a el e ao señor vicepresidente, de Podemos.

Mire, o 12 de xullo os galegos e as galegas falaron alto e claro, si, falaron alto e claro, e dixeron que querían uns representantes que representaran a Galicia, aos galegos e ás galegas, que defenderan os seus intereses e non os intereses partidistas nin o indefendible dun goberno que está constantemente agravando os galegos e as galegas. Vostedes estano defendendo, están defendendo que non aporte os 200 millóns de IVE dos galegos e das galegas, que son nosos; non son do señor Sánchez nin da señora Montero —non, señor Arangüena, non— os 100 millóns que quitaron dos cartos da formación para desempregados. ¿Vostede está de acordo con que eses cartos os leve o señor Sánchez para o que sexa? Son dos galegos. ¿Vostede está de acordo con que non nos dean 36 millóns de euros máis para o Plan covid de educación? ¿Están de acordo? ¿Están de acordo con que a Galicia lle quiten eses cartos? Están todo o día defendendo o señor Sánchez e o señor Iglesias.

Miren, nós, señor vicepresidente, queremos colaborar, queremos tender a man á oposición, se é posible, porque vostedes din: non, queremos consenso, queremos concordia..., e despois veñen aquí e falan de todo menos do que realmente veu falar o señor vicepresidente. Vostedes non fixeron nin unha soa proposta alternativa en materia de xustiza, nin unha soa proposta alternativa en materia de emerxencias, nin unha soa proposta alternativa en materia de turismo, nin unha soa proposta alternativa en materia de interior. ¿De que veñen vostedes falar aquí? ¿De que? ¡Díganme! E o que vostedes dixeron, ¿impórtalles aos galegos e ás galegas? ¿Realmente cren que iso lles resolve os problemas? ¿Si? Bueno, pois sigan así, que outros viñeron antes e agora xa non están.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, o señor vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Arangüena, señor Tabarés, primeiro quero agradecerlles os seus bos desexos, porque, ademais, estou seguro de que son sinceros. Desexaban que acertara e non me equivocara.



Bueno, eu volvo reafirmar aquí o meu compromiso, que dixeran ao principio da miña comparecencia, igual que nas comparecencias anteriores no inicio de cada lexislatura. Eu vou vir aquí contar o que quere facer o Goberno —é a miña obriga, por suposto, contarlle á Cámara—, dar contas aquí e escoitar suxestións. Polo tanto, se vostedes desexan que acerte e ese desexo é sincero —insisto, estou seguro de que é así—, o lóxico é que me comenten o que lles pareceu o que plantexei, e teño que dicirlles sinceramente que ningún dos dous fixo iso. Polo tanto, parece moi difícil aportar, aínda que sexa dende a discrepancia.

Se eu veño falar aquí de Administración local, de emerxencias, de xustiza, de recuperación económica, de turismo, de reactivación, de relacións institucionais, e vostedes me falan de todo menos diso, un dos dous non está facendo ben o seu cometido. E eu, sinceramente, creo que poden estar de acordo ou non co que quere facer o Goberno, pero o noso cometido é vir aquí dicir o que queremos facer, e o seu —entendo eu, e enténdanme que son moi libres de dicir o que queiran; alá vostedes se eu falo de todo isto e vostedes me falan de cousas que non teñen nada que ver, na miña opinión, con aspectos moi importantes—, se prefiren deixar pasar o tempo e falar do que faláron, ¡alá vostedes! A xente estaos escoitando e ve a importancia que lles damos cada un ás cousas que están pasando. E tamén ve o que lle importa ao Goberno acertar coas cousas que temos entre mans, que son as cousas que lles preocupan aos galegos e ás galegas —é a nosa obriga— e ve a importancia que lles dan vostedes. Eu, sinceramente, celebro que aquí veñamos sincerarnos todos, tamén niso.

Polo tanto, señor Arangüena, vostede, despois de facer unha introdución —insisto, moi respectable, cada un aquí vén falar do que estime oportuno— e dicir o que dixo na primeira parte da súa intervención —todo o mundo o estaba escoitando—, que foi a máis grande, ao final rematou dicindo que o Goberno está perdendo o tempo e non fai nada porque non exerce as súas competencias. Se non lle dedica un minuto a falar das competencias que eu vin contar aquí, entenderá que é moi difícil respostarlle e ter un debate parlamentario, dígollo sinceramente. Eu estaba apuntando e fáiseme moi difícil. Eu non vin aquí atacar o señor Pedro Sánchez. Se incluso recoñecín... Na parte que me toca a min, a xustiza, vostede fala das competencias que vostede di que non temos. Non entendín moi ben o que dixo. O director xeral de Xustiza pódolle asegurar que non dixo —porque eu tamén vin esa comparecencia, estaba véndoa no meu despacho—... Outra cousa é que vostede queira entender o que entendeu. ¿Como non imos ter competencias en xustiza? ¿Como non imos estar preocupados pola parte que nos toca a nós nesa distribución competencial? Outra cousa é que nos gustara que cambiara, que se reformulara, porque se pode funcionar mellor, pero estamos exercendo dende hai moitos anos e facendo un esforzo en investimentos moito maior do que se fixo nos anos anteriores porque, vólvolle dicir, se funciona ben a xustiza, funciona ben todo o demais. Polo tanto, claro que estamos traballando e claro que queremos seguir tendo a colaboración do Ministerio de Xustiza.

É certo —dicíao a señora Prado— que pedimos cartos, porque está moi ben chegar a acordos e que todas as obrigas económicas sexan para as comunidades autónomas, que é o que está pasando no plan para afrontar a pandemia da Administración de xustiza, pero, bueno, asumímolos porque isto non pode parar. Polo tanto, eu non veño aquí atacar a ninguén. Así que vostede non se sinta na obriga —como fai sempre o seu líder, o señor Caballero— de pensar que todo o tempo parlamentario que vostedes teñen é para defender o señor Pedro



Sánchez, cando eu non o estou atacando para nada. Polo tanto, sexamos útiles todos no que estamos facendo.

E non me pode dicir —e se mo di non o podo entender— que tivo que chegar a pandemia para descubrir na Xunta de Galicia —ou iso dicimos— que o Goberno ten moitas competencias. Oia, que no estado de alarma se arrogaron todas as competencias, ¿ou que era o estado de alarma se non? Non consistía... E, claro, é que, entón, non entendemos nada. Cando se declarou o estado de alarma —non sería porque o señor Pedro Sánchez non nolo dixera en todas as súas comparecencias—, todo dependía do Estado —foi o que lle dixen eu, o que intentei transmitir na miña comparecencia—. Durante un tempo, nada fóra do Estado, e cando se levantou o estado de alarma, isto non ía para nada co Goberno central. E nin unha cousa nin a outra. Polo tanto, non me diga que descubrimos de repente que as competencias... ¡Home!, é que nolo dixi, así o aplicou e para iso é o estado de alarma. O que pedimos é esa correlación, esa relación institucional, que poidamos falar das cousas que lle importan a Galicia cada un na esfera das súas competencias, pero falar sempre; a cogobernanza, que vostedes sempre repiten e despois nunca exercen.

Polo tanto, iso é o que veñen facer aquí. Eu creo que dixera o que dixera eu vostede me ía contestar o que dixi —insisto, con todos os respectos—. Realmente, é moi difícil establecer un diálogo sobre competencias cando vostede nin fala de xustiza, nin fala de Administración local... Non falou de nada realmente na súa intervención. E se vostede cre que esta é a maneira de intentar que todos acertemos no final —vostede desde a súa óptica, nós desde a nosa—, así é francamente difícil. Entón, eu seguirei falando do que creo que é a miña obriga, e cando vostedes queiran entrar nesas materias porque as consideren máis importantes que o que dixeron agora —que eran moito máis importantes que as materias das que eu falei, ou, polo menos, foi o que eu entendín—, pois entón poderemos falar de todo iso.

Señor Tabarés, exactamente o mesmo. Vostede si que entrou, afortunadamente, e facilítame un pouco a contestación nalgunha cousa —a verdade é que en moi poucas—, porque tamén hai outros asuntos que lle importan moitísimo máis que o que eu vin expoñer aquí como obxectivos de lexislatura. Agradézolle tamén as boas palabras, os bos desexos. Son mutuos tamén, que vostede acerte no seu labor de oposición.

Dicíame —ou eu lle entendín iso e, perdoe, porque non acabei de entendelo; se non é así, desculpe— que lles transmitira saúdos aos que estiveron aquí sentados cando vostede era deputado, que, se non me engano, foi na época do Bipartito. Bueno, non están aquí porque perderon as eleccións, niso estamos de acordo tamén. *(Aplausos.)* Esa é a primeira cousa. *(Aplausos.)*

A segunda é que a nosa percepción —e tamén a da xente que votou nas eleccións do 2009— é que moi ben non se levaban. Eu intentarei transmitirlo ao presidente Touriño, que o vexo algunha vez. Non sei se lle traerá bos recordos aquela época ou se esa concordia que vostede dicía vai espertar cando lle recorde cando estaban aquí sentados. Eran un bipartito, dous gobernos absolutos. Eu transmítolle o que vostede queira; estaban aquí, perderon as eleccións e marcharon; e agora estamos gobernando nós, por iso eu vin explicar aquí as cousas que quero facer. Entón, claro, é moi difícil falar tamén cando vostede dedicou todo o tempo



que dedicou a falar de cousas que non teñen nada que ver coas competencias desta vicepresidencia, a falar de cousas que non teñen nada que ver co sector turístico, que o está pasando tan mal e que espera que entre todos acertemos para reactivalo, co sector do ocio nocturno, coas emerxencias, coa xustiza, coa Administración local... Para vostede todo iso, igual que para o señor Arangüena, é secundario. ¿Para que imos perder o tempo falando diso nunha comparecencia que é para marcar os obxectivos de goberno niso? Imos falar doutras cousas e, se despois lle dá un pouco de tempo, toca algún tema —eu agradézollo, por iso lle dicía que mo facilite un pouco máis—.

Di: «fala vostede da creación de órganos xudiciais, ¿cantos e onde?». Eu supoño que iso foi un lapsus; supoño que foi un lapsus. De todas formas, voulle deixar ao presidente aquí a lista. Son 25, e aquí están detallados todos, cantos e onde; aquí ten a resposta. Quero pensar que vostede o sabía e que tivo un lapsus á hora de preguntar iso, e que non se está enterando por min de que nestes últimos anos cando moitas comunidades autónomas renunciaban a crear órganos xudiciais a Xunta de Galicia creou 25, mais as prazas de maxistrado, mais todos os apoios, mais 400 funcionarios de xustiza estruturais que acompañaban a creación deses órganos xudiciais, á parte destes órganos. Estou seguro de que vostede todo iso o sabía, pero, por se acaso, déixolle isto aquí, porque para entendernos nesta lexislatura —se vostede vai ser o voceiro destes temas e, polo tanto, teremos que debater moitas veces— é bo que teña esta información; e toda a que non teña e lle sexa necesaria podémoslla aportar sen ningún problema. Creo que isto é fundamental. Polo tanto, voulla deixar para facilitarnos a vida aos dous.

E despois, respecto da creación de órganos xudiciais, preguntame por que non temos esa competencia. Primeiro, porque na Constitución se di que a xustiza é unha competencia exclusiva, outra cousa é despois a distribución que se fixo respecto dos medios materiais. E, en todo caso, encántame que me saque ese tema porque non sei se vostede é consciente de que o Goberno que apoian en Madrid o ano pasado desbotou por primeira vez na historia a petición acadada por unanimidade entre o Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia para crear un xulgado do social en Lugo; dixo que non. E está aínda por explicar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Aínda estou esperando a que o seu famoso deputado no Congreso diga algo ao particular. Estivo calado e sen dicir nada. (*Aplausos.*) Houbo que volver facelo este ano. Polo tanto, non diga vostede nada, ¡home, por favor! (*Aplausos.*)

E respecto das transferencias, di vostede que non estorbemos. Mire, ¡para nada!, agora, entón, déannos información. Vostedes teñen no pacto de lexislatura que neste ano 2020 —estamos rematando o terceiro trimestre— se ten que aprobar a proposición de lei para facer a transferencia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), xa vexo que empezan a recuar respecto do que asinaron, veremos se está aprobada. Xa empezamos a ver que desde as bancadas do Parlamento de Galicia empezan a matizar e, ao mellor, non se vai cumprir esa aprobación no Congreso da proposición de lei para facer a transferencia. (*Murmurios.*) Xa nos van avisando, señor Bará.

¡Home!, non sabemos nada, e xa van as tres cuartas partes do prazo e todo segue igual. Eu empezo a escoitar que, ao mellor, non lles contaron a verdade. (*Murmurios.*) É que, ao mellor, as cousas non van como vostedes crían. Todo iso tiña que estar xa avanzado para rematar



antes do 31 de decembro deste ano coa aprobación no Congreso da proposición de lei para a transferencia. Iso é o que pon no seu papel. E, evidentemente, vostedes agora teñen que empezar a explicar o inexplicable, que non hai un só avance e que lles tomaron o pelo —na miña opinión—. por iso lle digo que a Xunta de Galicia, que representa a todos os galegos e galegas —tamén aos que votaron ao BNG— o vai intentar, vai pedir esa comisión de transferencias e vai tamén pedir esa bilateridade para os temas urxentes. ¿Por que non din nada vendo que somos discriminados nos fondos covid? ¿Por que cando ven que temos unha porcentaxe moi inferior ao que nos correspondería, ao que lles están dando a outras comunidades autónomas —ás que o Goberno cre que hai que atender mellor que a Galicia—, nunca levantan a voz? ¿Por que fronte a esa transferencia do IVE coa que quedou o Estado, que reclamamos todas as comunidades autónomas —tamén Galicia, que lideramos nós— e da que falaba na miña intervención, ao señor Arangüena e ao señor Tabarés lles deu igual? E non iamos quedar calados e o paso do tempo non ía botar aí un manto de silencio. ¿Vostedes non din absolutamente nada? ¡Bótennos unha man no Congreso tamén! (*Murmurios.*)

Se teñen tanta forza, teñen que empezar a falar diso, e teñen que empezar a falar con forza porque son moitísimos cartos. Se queren falar de transferencias e de facer forza para as cousas que lle interesan a Galicia, diante do Goberno de Madrid, aí poñerémonos de acordo; e, se non, vai ser realmente difícil.

Miren, eu non renuncio —e remato, señor presidente, este turno de intervencións— a intentar sacar algo en limpo desta comparecencia entre todos. Pola miña parte, quero deixar claro o que hai. Eu veño aquí debatelo; se non queren debatelo e queren falar doutras cousas, oportunidade perdida.

Eu volvo dicir que temos moitísimos retos por diante, que agardo que as relacións coa Administración local sigan sendo fluídas —e á parte de influencias partidistas, como foron na lexislatura pasada—, agardo que poidamos seguir mellorando a xustiza e agardo que o Estado nos dea os cartos que nos prometeu para eses gastos a maiores que estamos tendo. Agardo tamén que as emerxencias teñan o pulo definitivo, en coordinación coas administracións que teñen realmente as competencias, que son os concellos e sobre todo as deputacións, e que sigamos dialogando como o fixemos durante todos estes anos. Agardo que esas relacións institucionais vaian máis alá de proclamas políticas, e se lle están tomando o pelo en Madrid ao seu deputado, que pida apoio á Xunta de Galicia, porque, ao final, temos os mesmos intereses. (*Risos.*) A soberbia de crer que o conseguiron todo non os pode levar a pensar que quen gañou as eleccións por cuarta vez non ten algo que dicir representando aos galegos tamén aí. Pero, ben, alá vostedes, porque é unha pena; é unha pena porque, ao final, veremos os resultados.

Insisto moitísimo en que o reto que temos por diante dese turismo —10 % do PIB, 11 % do emprego en Galicia— merece algo máis que o absoluto silencio pola súa parte. Non lle dedicar nin 10 segundos nas súas intervencións, e non lles digo que sexa o tema que máis lles preocupa, que está claro que non, pero que sexa un tema que non lles preocupa en absoluto, cando centrou a metade da miña intervención, é algo do que espero que tomen nota os que nos estivesen vendo. Espero que cando veñamos aquí falar do Xacobeo que temos por diante, espero que cando pidamos a colaboración de todo o mundo, aínda que sexa para dar



opinións discrepantes, esta vez si que lle dean importancia a este tema, porque seguro que teñen moitas cousas que dicir.

Miren, a Xunta de Galicia quere aprobar un plan estratéxico da década xacobeá. Temos o Xacobeo 21 a tres meses nas circunstancias actuais, pero imos ter dous xacobeos máis nesta década e, polo tanto, imos intentar darlle unha orientación a longo prazo que non consista unicamente en actuacións illadas, que non consista unicamente en pensar que temos a oportunidade do 2021, senón en pensar que vai haber dous xacobeos máis antes de que remate esta década. Polo tanto, actuemos con esa óptica, actuemos con esa perspectiva e actuemos todos xuntos. Cando presentemos o Plan estratéxico da década do Xacobeo, cando creamos que todos os sectores económicos teñen que ter esa perspectiva que se lle dá a Galicia, espero que vostedes lle dediquen algo máis que o silencio absoluto.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Antes de nada, parece que non poden vostedes omitir —entendo que estamos a inicio de lexislatura e que isto irá mitigándose— e repetir con reiteración que gañaron as eleccións. Cada vez que o din parece que dan mostras vostedes de estar absurdamente contentos, radiantes, felices incluso; calquera diría que é o único que lles preocupa, ter gañado as eleccións e manterse catro anos máis na Xunta de Galicia. Coa que está caendo, é dicir, co sufrimento que está padecendo a cidadanía, a sociedade, cos problemas que atravesamos todo o mundo, absolutamente todo o mundo, cos problemas que ten tamén a Administración galega, os funcionarios..., en fin, co que temos por diante, eu penso que é tempo de deixar atrás esa compracencia e é tempo de asumir. Nós sabemos que vostedes saben contar, somos plenamente conscientes de que vostedes saben sumar; somos tamén plenamente conscientes de que gañaron as eleccións e sabemos o que iso implica. O que non implica é que teñan razón; implica que teñen a obriga, a responsabilidade e a lexitimidade de gobernar, pero non de dicir que porque gañaron as eleccións iso lles dá a vostedes algún tipo de plus adicional da razón, porque non é así.

E o autobombo e a autocompracencia —sei que isto non é un discurso de investidura, pero o señor Rueda é o responsable da coordinación da Administración e, por tanto, hai moitas cuestións xerais nas cales podemos debater con el e debemos debater con el—, cando a situación non é soamente dramática polos efectos sanitarios, en vidas humanas, da pandemia, senón polas previsións económicas e de todo tipo e polo que isto permite albiscar no horizonte, non son, dende logo, o mellor punto de partida para facer fronte a esta crise.



Falei antes limitadamente de xustiza, e o que dixen foi que hai un atasco que, a pesar de todas as cifras estatísticas que vostedes poidan retorcer, se incrementa dende hai once anos, e a resolver ese atasco, a desastascar e a facilitar que se resolva ese atasco non contribuíu a folga de 114 días dos funcionarios, que —vostedes corríxanme se eu estou errado— me parece que é un récord de España en materia de folga de funcionarios. Debe ser que non opinan o mesmo de vostedes respecto das dotacións de medios e do ben que tratan á xustiza. Por certo, por motivos profesionais estiven moito tempo traballando no ámbito da xustiza, pisei moitos xulgados e sei cal é a opinión maioritaria dos operadores xurídicos. A opinión maioritaria é que a Xunta pasa da xustiza porque simplemente é unha cuestión que non lle interesa, e iso sería moi bo tratar de remedialo. Para iso, evidentemente, hai que dotar de cartos, hai que poñer cartos enriba da mesa. Iso non se está facendo, e incluso a Xunta de Galicia —diría moito máis— está a incumprir o establecido no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria, que establece a obriga de adoptar medidas para evitar a coincidencia masiva de persoas, cousa que se está producindo reiteradamente nos xulgados, tanto de traballadores como de clientes ou usuarios nos centros de traballo durante as franxas horarias de previsible maior afluencia. Isto non se está solventando nos xulgados e é responsabilidade e competencia súa adoptar medidas para a reincorporación progresiva de forma presencial aos postos de traballo e a potenciación do uso do teletraballo. Por certo, non se fai nin na xustiza nin no ámbito da función pública en xeral. E xa presentamos algunha iniciativa nese sentido que esperemos ver como evoluciona. Cando pola natureza da actividade laboral sexa posible, teletraballo, e non se está facendo.

Tamén incumpre o establecido na Orde de xustiza 394/2020, en relación coas medidas de protección colectivas en atención ao público, permitindo que se acceda aos edificios xudiciais sen ningún tipo de control. A pesar do exposto anteriormente, exíxese ao persoal de xustiza que desenvolva o seu labor con normalidade de forma presencial; unha irresponsabilidade impropia dunha administración que debe velar polo coidado dos cidadáns, incluíndo os funcionarios.

E eu preguntolle tamén, como responsable da coordinación: ¿van vostedes implantar un mecanismo obxectivo e transparente, como fan as deputacións socialistas, para que os fondos que distribúe a Xunta de Galicia entre os concellos deixen de darse a dedo, casualmente sempre ou case sempre aos mesmos concellos, en beneficio dos concellos do Partido Popular? ¿Vano facer? Eu tamén lle pregunto como responsable de coordinación e como responsable do edificio administrativo da Xunta: ¿a substitución da totalidade da cúpula da Consellería de Educación —conselleira incluída—, da cúpula da Consellería de Sanidade —conselleiro incluído—, do director xeral de Maiores, que é o responsable das residencias, xunto coa directora xeral de Familia da Consellería de Servizos Sociais —é dicir, 2 conselleiros e 7 directores xerais nas tres consellerías máis directamente implicadas na xestión da pandemia—, é o recoñecemento de que a súa xestión da pandemia foi manifestamente mellorable? ¿Considera que isto é así ou é simplemente unha circunstancia do azar que se reemprace a todas as cúpulas dos sectores implicados na xestión da pandemia?

Para rematar, falei antes de predisposición ao diálogo. Dígolle agora que non é unha predisposición meramente retórica, senón que demostramos con feitos esta predisposición; sen ir máis lonxe, hai dous anos, cando acadamos con vostedes un acordo importante sobre as necesidades da política forestal, que se plasmou en 123 recomendacións...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...das cales no día de hoxe parece que non se lembran. Seguimos mantendo esa predisposición ao diálogo. Imos facer un esforzo de consenso. Agardamos que ese esforzo de consenso sexa recepticio. En todo caso, estaremos aí cunha condición: que abandonen vostedes o escapismo e a inacción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: O da rexeneración democrática importoulle ben pouco. Despois das eleccións e da campaña electoral de 2009 eu esperaría de calquera outra persoa que falara dela, menos de vostede. *(Risos.)*

Mire, respecto das unidades xudiciais, fálame de 25 nun período indeterminado, imaxino que son once anos. Para este ano —mire a situación da xustiza— o seu sindicato máis próximo pide 17. E eu non sei se benintencionada ou malintencionadamente, pero non é certo que fora a primeira vez que Madrid negase o social de Lugo, o que pedimos aquí. Non, non, habitualmente Madrid —porque a competencia non é nosa, porque a decisión non é nosa— é quen decide por nós. Por iso lle pido que invertamos esa situación.

Despois, outra cousa. Mire, é raro que pase iso nunha persoa que leva tanto tempo na Administración de xustiza, dirixíndoa, pero non é o mesmo a quenda de oficio que a xustiza gratuíta, vostede confúndeo. Por certo, fale sobre eses 300 euros que ofrecía aos avogados da quenda de oficio, que, ademais, os avogados da quenda de oficio —e eu estaba na quenda de oficio penal, en estranxeiría— non estamos pola retribución. Os mellores penalistas de Ourense, por exemplo, porque é o meu colexio, están na quenda de oficio por compromiso social e polo dereito de todas as persoas a unha defensa digna. Polo compromiso, pola defensa e polo dereito de todas as persoas a unha defensa digna, por iso están na quenda de oficio. Por iso os 300 euros a todos os letrados e letradas que estaban na quenda de oficio non son a solución ao problema; o problema son os autónomos e o problema é a avogacía no seu conxunto, non a quenda de oficio. Non estamos nin están na quenda de oficio pola retribución. Por exemplo, pídesse dende os colexios que se retribúa porque tamén teñen dereito ao servizo xurídico penitenciario, que existe e ben organizado en Ourense e en Pontevedra, pero non hai retribución, aínda que non se está na quenda de oficio —que non é o mesmo que a xustiza gratuíta— pola retribución.

Despois fala de mediación. Pero, vamos ver, efectivamente, a mediación, a heterocomposición é un sistema para evitar ese colapso que se prevé. ¿Que medidas tomaron? Pois suprimiron o servizo de mediación no ámbito familiar. Fálase de que os conflitos de familia van medrar nun 41 % e vostedes supriméno.



¿E o idioma galego na Administración de xustiza? Non fala diso. Polo menos, pedimos como proposta que descarguen o programa no Minerva para que poidan os funcionarios traballar en galego nas mesmas condicións que en castelán, que non está. (*Aplausos.*)

Sobre as emerxencias, nós falamos dun sistema público integral e polivalente e da xestión pública e directa do 112, dun novo marco normativo que xa se tiña anunciado, da comarcalización dos parques de bombeiros e da policía galega. Cumpran a lei do 2007. Non falamos da Unidade Adscrita, (*Aplausos.*) senón dun corpo galego con competencias propias, e na medida que Néstor Rego vaia conseguindo transferencias para Galiza esa policía incrementará en número e tamén en funcións. (*Murmurios.*)

E tamén, respecto da policía, dígolle un vello proxecto que existía: primen o carácter preventivo sobre o carácter represor. Efectivamente, ten que perseguir delitos, pero tamén pode ser un axente social para coñecer a realidade dos barrios, a realidade..., ben, o que chaman «policía de proximidade». Vaian por aí.

Respecto da acción exterior, ¿cooperación exterior no compromiso do 0,7 %? Non, simplemente lle dicimos que a ver se ao final da lexislatura chegan non ao 0,1 %, que xa sería un avance, senón ao 0,5 %. Nós queremos que Galiza teña voz propia e poida participar naqueles foros onde se deciden cousas que a Galiza lle atinxan, pero que non estea subsidiada ao Estado español, nin dependente do que digan en Madrid; que teña voz propia para defender os seus propios intereses e tamén un mundo máis xusto.

Respecto do turismo, eu non entendo, se ten tanta importancia, por que o mesturan con xustiza, con presidencia, con interior, con relacións institucionais..., con todo. Non. Efectivamente, é unha porcentaxe no PIB moi importante, son máis de 130.000 postos de traballo. Non o mesturen, déanlle un espazo propio, ou ben unha consellería propia ou ben un espazo importante nunha consellería.

O turismo ten que ser unha actividade transversal, ten que implicar o transporte, a planificación territorial, urbanística, paisaxística, termal... ¡Si, home si!, fagan algo porque en Ourense —xa sei que non lles gusta falar de Ourense— ardeu un balneario e aínda nada. É dicir, non hai moito desenvolvemento en infraestrutura termal, e iso que é a capital termal. Iso tense que facer cunha planificación e cunha nova estratexia de turismo profesionalizado e de calidade, cun observatorio turístico de Galiza que poida analizar estes *big data*, todos eses datos. Ben, creen un observatorio e un órgano de inspección para que poida cumprir ou vixiar o cumprimento deses obxectivos. E na concesión de subvencións establezan, como non establece a Deputación de Ourense, un plan único, as subvencións con carácter obxectivo, en concorrencia competitiva, non esas subvencións que dá a impresión de que son a dedo, e que despois o Parlamento de Galiza poida fiscalizar o retorno deses investimentos de recursos públicos, porque son investimentos de recursos públicos.

Colaboren coa Fegamp, asuman o Pacto local de 2006, que tempo tiveron, asuman as competencias impropias, subvencionen ou axuden aos sobrecostos que a pandemia está a provocar nos concellos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...de Galiza. A Fegamp non pode ser a trágala. Teñan capacidade de diálogo e teñan capacidade de chegar a consensos.

E despois unha cousa, teño para min que se algunha conclusión podemos tirar desta pandemia é que, ao mellor, a organización provincial non é a máis acaída para o noso territorio. É unha organización que non sei se en 1833 estaba pensada para este país, pero demostrouse escasamente funcional.

A pesar de que non lles importe a rexeneración democrática, a pesar, ao mellor, do ton excesivamente vehemente, segue a nosa man tendida para poder chegar neste foro, que é o Parlamento de Galiza, a representación popular de Galiza, a acordos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tabarés, o 1 de marzo de 2009 os galegos e as galegas decidiron mudar esa bancada azul por outras persoas honestas, leais e comprometidas con Galicia. E falando de homoxeneidade, que vostede veña aquí falar dun goberno bipartito homoxéneo... Esa deshomonexidade foi a que os levou a perder as eleccións o 1 de marzo de 2009. E así os galegos seguiron confiando nestas bancadas azuis de persoas honestas, leais e comprometidas con Galicia en 2012, en 2016 e en 2020. *(Aplausos.)* Xa sei que non lles gusta que falemos de gañar eleccións, señor Arangüena, síntoo moito, pero é que vostedes están constantemente insultando o pobo galego porque están practicamente dicindo que os galegos son parvos e que non saben o que votan, porque este goberno o fai todo moi mal e leva once anos facéndoo fatal. Temos aos galegos enganadísimos, non sei, débémolles dar unha pastilla que os adormece e despois votan atontados. Pois non, señor Arangüena, os galegos son máis listos do que vostedes pensan, e por iso non están de acordo coa defensa que está facendo o Goberno de España, cos desprezos que lle fai a Galicia constantemente.

Vostedes sigan así, sigan así, defendendo o Goberno de Sánchez, defendendo os desprezos a Galicia, que lles vai ir igual de mal que aos que estaban aí, nesa bancada, que acabaron caendo e saíndo pola porta de aí. Iso foi o que pasou, o que pasou nas urnas. Lamento que non lle guste o resultado electoral, pero é o que é... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non é autobombo. ¡Home!, non é autobombo, señor Arangüena, é a realidade.

Señor Tabarés, é unha magoa que vostedes agora digan que a Xunta lle estorba ao seu superdeputado en Madrid para conseguir a AP-9. Non se fala doutra cousa en Galicia que do contentos que están os galegos e as galegas que no nadal xa van poder circular gratis pola AP-9 grazas ao Bloque Nacionalista Galego. E agora vai e resulta que a culpa de que iso non



suceda vai ser do Partido Popular, vai ser do Goberno da Xunta de Galicia e do Partido Popular, que lles está estorbando, señor Tabarés. ¡Incríble! ¡Incríble! (Aplausos.) ¡Ata niso temos a culpa! Son vostedes, a verdade, bastante simpáticos.

Mire, señor Arangüena, gañar eleccións non nos dá a razón, seguro que non, pero si que nos imprime a responsabilidade de darlles solucións aos problemas dos galegos e das galegas. E por iso eu lle dixen na miña intervención que aportara vostede algunha. Tivo outra oportunidade para vir aquí e aportar unha soa, unha soa solución, xa non lle digo máis. Vostede, que veu dicir aquí que coñece perfectamente como funcionan os xulgados, que está alí e tal, non aportou nin unha soa alternativa. Non, non... (Murmurios.) ¡Ah! ¿cartos? Está moi ben. O señor vicepresidente non sei se escoitou a súa primeira intervención, pero dixo que leva medio millón de euros, e 710.000 euros a maiores só nestes meses de pandemia. Estamos agardando a que o Goberno de España, tamén porque ten competencias, nos dote de máis xulgados, porque, mire, a axilidade na xustiza tamén ten algo que ver con máis xulgados, porque ter máis xuíces significa ter máis posibilidades de atender máis asuntos. Non sei se iso é unha regra de tres, pero se entran cen asuntos nos xulgados irán máis rápido se hai catro xulgados que se hai tres. Non sei, digo eu; as contas son moi sinxelas.

O que non pode ser é que nos privasen de ter un xulgado do social en Lugo o ano pasado. Vostedes diso non din nada, absolutamente nada, nin aquí nin en Madrid. Agora está outra vez proposto pola Comisión mixta, acaba de dicilo o señor vicepresidente. Eu agardo que iso sexa unha realidade, non só o de Lugo, senón outros máis, porque, mire, quitaron o de Lugo e o de Santiago, o que pasa é que o alcalde de Santiago, que non fai seguidismo ao señor Sánchez, senón que defende os intereses dos santiagueses, pelexou por ese xulgado. Non fixo o mesmo a señora alcaldesa de Lugo. Polo que se ve, ten máis peso no Partido Socialista o señor Bugallo que a señora Lara Méndez, porque o Xulgado do Social de Santiago si que foi unha realidade e o de Lugo, non.

Pero vostedes, todos vostedes, aquí, calados. Mentres Sánchez agravia a Galicia, vostedes están calados, dándolle o apoio para que siga sendo presidente e para vir aquí dicir que teñen un superdeputado que consegue non sei que e que non os estorbemos. Bueno, ¡alá vostedes! ¡Alá vostedes!

Nós cremos, señor vicepresidente, que é fundamental esa colaboración da que vostede falaba coa Administración xeral do Estado e que é verdade que os cartos fan falta para facer as cousas: os 200 millóns do IVE é interesante, é importante, que nolos dean, son nosos; os 100 millóns da formación para desempregados tamén son cartos, que nolos dean, son nosos; os 36 millóns de euros para educación, tamén. É importante que se cumpran os criterios de financiamento autonómico e que non veña o señor Sánchez aquí agora poñer el uns criterios de forma unilateral saltando todos os criterios de financiamento autonómico que hai ata a data, señor Arangüena. Se falamos de cartos, falemos, pero de todos, dos que ten que poñer a Xunta e tamén dos que ten que poñer o Estado, e dos que nos furta o Estado, que son dos galegos e das galegas.

Miren, eu vou rematar cunha cuestión creo que importante, que é seguir tendendo a man. Creo que é fundamental que todos os grupos falemos realmente dos problemas da xente. A



verdade é que na calle non se fala doutra cousa que do franquismo, non se fala doutra cousa que da transferencia da AP-9, non se fala doutra cousa que dos asuntos de Ourense... Aquí non se fala doutra cousa que diso.

Mire, eu na rúa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...escoito falar as persoas que teñen problemas dun ERTE que non cobran, eu á xente escóitoa falar dos problemas que ten o comercio porque non vende, dos problemas que teñen os pais e as nais ao levar os fillos aos colexios, dos problemas que teñen as persoas que queren teletraballar. (*Murmurios.*) Si, si, hai moitos problemas, moitos. Vostedes redúcenos sempre a dous... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), a dous; si, si, redúcenos a dous...

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Prado, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Pois eu téndolles a man para traballar en todos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: Señora Rodríguez Rumbo, eu entendo que estea fastidiada porque a puxeran alá tras, pero eu non teño a culpa de que lle quitaran as portavocías.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu lamento moito que...

O señor PRESIDENTE: Non entre agora en diálogo.

A señora PRADO DEL RÍO: Pero que non fale. Se me interrompe...

O señor PRESIDENTE: Remate, pero remate xa... Mire o reloxo, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Remato xa.

Eu simplemente quero dicir que nós seguiremos traballando con lealdade a Galicia e sen mirar os intereses partidistas que vostedes están mirando todo o tempo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Falen de Galicia e con lealdade a Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da comparecencia, o señor vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas Grazas, señor presidente.

Señores Arangüena e Tabarés, moitas grazas. ¿Danse conta de que así é moito máis fácil? Se empezamos a falar un pouco do que viñamos falar aquí, polo menos danme pé para intentar contestar aos temas que realmente creo que son de interese nunha comparecencia para fixar obxectivos de lexislatura e empezar a discutir. Polo tanto, grazas. É unha pena que na outra intervención máis longa todo isto lles dese igual. Agora, nesta máis curta, algunha alusión fixeron e vou intentar respostala, á parte de comentar algunha curiosa.

Tantos anos despois o señor Tabarés segue tan obsesionado coas eleccións do ano 2009 e volveu a elas nas dúas intervencións, cando vostede di que non falemos de eleccións. Di: «É que vostedes sempre gañan as eleccións e gústalles dicir que a xente os vota. Non digan iso». Bueno, póñanse de acordo polo menos niso.

E, por certo, falando de cambios en consellerías. Se facer cambios indica que as cousas funcionan mal, o seu grupo na anterior lexislatura tivo que ser un desastre vendo os cambios que fixeron. Polo tanto, a ver se nos poñemos de acordo niso. (Aplausos.)

E, señor Arangüena, falaba de teletraballo. Non sei se sabe vostede... Non será por falta de transparencia, intentouse explicar. Primeiro, a Xunta de Galicia foi pioneira en instalar o teletraballo antes da pandemia, e foi recoñecida, ademais, por moitas administracións. Xa había moita xente teletraballando porque cremos que é un sistema que hai que explorar no futuro, e a partir de agora, moitísimo máis. Xa había direccións xerais, as xurídicas e as técnicas que tiñan instalado o teletraballo nunha cantidade apreciable, pero agora moito máis. Chegou a estar teletraballando o 65 % do persoal da Xunta. ¿Por que? Porque había medidas que se foron tomando antes que o permitiron, e os avances tecnolóxicos tamén permitiron que moitísima xente, moitísimos traballadores e traballadoras públicos da Xunta de Galicia, estivesen traballando durante a pandemia. Despois fóronse reincorporando, por suposto, coas garantías sanitarias, de acordo co que dicía o comité clínico —que aquí en Galicia si que existía e, polo tanto, podía dicir cousas, non había que inventar o que dicía— e agora, salvo xente que está nunha serie de circunstancias, están incorporados con todas as garantías, pero preparados para en calquera momento volver ao teletraballo. Dende logo, agora acaba de anunciarse un acordo nesa materia para elaborar unha lei para Galicia e para tamén intentar que sexamos pioneiros nunha modalidade de traballo que estou seguro de que veu para quedar. Pero tiñamos moito traballo feito.

Falaba vostede da presenza do persoal nos xulgados. ¡Oia!, vostede é, efectivamente, letrado, como o señor Tabarés, seino perfectamente, pero por se acaso vostede recordouno, e na organización dos xulgados e das vistas a ver se nos aclaramos como é esta competencia, porque, claro, se non temos claro como funciona a competencia e como funciona o día a día



desta competencia, pois é moi difícil. Agora vostede como parlamentario tamén ten que interiorizar que a Xunta de Galicia ten unhas competencias, que eu lle intentei explicar —a vostede na súa primeira intervención deulle absolutamente igual, agora na segunda volveu un pouco a ese tema, e agradézollo—, pero son as que son. Polo tanto, hai cousas nas que temos capacidade de decisión e outras nas que non; iso si, intentamos axudar sempre, por iso temos esa comisión mixta, por iso temos ese grupo que se reuniu ao que eu fixen alusión na miña primeira intervención durante ese comité de seguimento durante a pandemia e por iso temos esa relación estreita que nos permite facer propostas conxuntas.

E vou agora ao que dicía o señor Tabarés. Dicía que me preguntou polos desta lexislatura. Non, vostede preguntoume, señor Tabarés —xa lla deixo; esquecín deixarlle antes, pero agora lla deixarei—, pola relación de todos os que creamos estes anos. Para este ano, tres. ¿Sabe cantos nos dicía o Ministerio que nos ían corresponder? Un. ¿Sabe o que fixemos? Dicir que un é pouco e que crearemos máis. Todos os que nos dean ímolos abrir, ímolos instaurar, como fixemos sempre. Sempre que se ofreceu a creación de órganos xudiciais, a Xunta de Galicia dixo que a todos os que se lle concederan a Galicia lles íamos dicir que si, e houbo anos que comunidades autónomas gobernadas non polo Partido Popular, senón polo partido Socialista e coalicións do partido Socialista con outros partidos dixeran que non, que non eran prioritarios para eles os órganos xudiciais, pero alí estivo Galicia e dixo: pois, entón, para nós. Houbo anos que puidemos crear moitos máis, e así chegamos a esa cifra que lle dicía, porque sempre que tivemos oportunidade o fixemos, e agora tamén. E perdoe que lle diga que tivemos que chegar ao ano pasado para ver como o Ministerio de Xustiza do Goberno do señor Sánchez, a primeira vez que ofrecía —tivo a ocasión, levaba gobernando dende un ano antes— a creación de órganos xudiciais, apartounos do criterio de Galicia —que era unánime entre xuíces e a Xunta de Galicia—. Sempre crearon os que nós identificabamos, despois de dicirnos o número, ¡sempre, señor Tabarés! Esta vez, inexplicablemente, non; non sabemos por que. Nin sabemos por que se castigou a Lugo durante un ano, coa necesidade que ten e que segue tendo dun xulgado do social, simplemente porque a alguén lle deu a gana no Ministerio de Xustiza do Goberno central. Nunca tivemos ningunha explicación; efectivamente. Santiago —que tamén quedaba sen el— conseguíuno. E nos agradecémolo e dixéronnos: «Rectificamos, a Santiago ímosllo dar». A Xunta de Galicia segue mantendo a súa postura de custealo, porque os custea a Xunta de Galicia, e dixemos: ¡Por suposto! E por iso o puido ter, pero Lugo quedou esquecida completamente, ata este ano, que o imos volver intentar, e espero que non fagan o mesmo porque, ao mellor, volvemos ao mesmo conto. Cando digamos outra vez que Lugo segue tendo esa necesidade, agora aumentada por todo o que pasou este ano, non volvan dicir que non. Polo tanto, eu agardo que esta vez haxa algo de cordura e se siga ese criterio.

Falaba do Minerva en galego. Oia, pídolles que esa capacidade de influencia que teñen vostedes en Madrid a utilicen. Vostede sabe que é un sistema procesual que depende dos códigos fonte do Ministerio. Sempre insistimos en que somos unha comunidade bilingüe e, polo tanto, isto hai que instauralo. Entón, pídolles que nos boten unha man tamén aí con esa enorme capacidade de influencia que teñen para que se dean conta de que Galicia, tamén na Administración de xustiza, é unha comunidade bilingüe.

A Policía galega. Bueno, é coñecida a postura da Xunta de Galicia. Claro, ademais, mentres falamos da Policía galega, así non hai que falar do inmediato que se poida facer xa, que é



completar os 120 efectivos que nos faltan na Unidade de Policía Adscrita ás portas do Xacobeo. Non, non, volvemos tirar por elevación e volvemos falar de cousas que saben que non van ser posibles, polo menos inmediatamente, e a Unidade Adscrita da Policía Autonómica que temos agora mesmo segue perdendo efectivos ante a indiferenza do Goberno central. Por certo, o da Policía galega é como tantas outras cousas, unha cousa é facer proclamas e outra cousa é despois concretalas. Oia, póñanse de acordo co Partido Socialista, que non está de acordo coa creación dunha nova policía con esas características. Polo tanto, se vostedes gobernan e sustentan o Goberno en Madrid non ten ningún sentido que digan isto aquí, cando os seus socios maioritarios non están polo labor en absoluto e votaron en contra sempre que iso se puxo. Entón, esas incongruencias, ao final, lévannos a que esteamos como estamos e non poidamos facer o importante, que é completar a Unidade de Policía Adscrita.

Respecto da transferencia, dixéronnos que deixáramos de estorbar, que xa se encargan vostedes e que se os deixamos tranquilos van conseguir un montón de cousas. Bueno, pois eu sinto que non estea aquí o señor Bará —non está agora mesmo—, que me dicía que non.

Respecto do acordo de investidura PSOE-BNG, xa nos empezou a deslizar aquí —ollo ao dato, e eu chamo a atención sobre isto— que non, que non, que o compromiso era reunir a Comisión Mixta de Transferencias para falar do tema. Fíxense vostedes, levan nove meses e aínda non reuniron a Comisión mixta, e con iso danse por satisfeitos. Preocúpame moito porque o acordo de investidura PSOE-BNG di: «Compromisos con infraestruturas básicas: aprobar no Congreso dos Deputados a proposición de lei do Parlamento de Galiza para a transferencia da AP-9 ao longo do ano 2020». Isto é o que teñen no seu acordo. Polo tanto, señor Tabarés, se tan claro o teñen, se non se senten enganados e todo se cumpre, tic-tac, tic-tac, (*Risos.*) porque van nove meses e quedan tres para aprobar a proposición de lei. (*Aplausos.*) ¡E non nos conten outra historia! (*Aplausos.*) ¡Non nos conten outra historia!

Por suposto, que todo o mundo saiba que se se mantén o que está asinado, garántese como mínimo a bonificación do 100 % da peaxe para os usuarios recorrentes e a gratuidade do tramo Vigo-Redondela, todo isto neste ano 2020. Está asinado e publicado, outra cousa é que agora empecen a dicirnos que non é así; o malo é que é así. Polo tanto, eu alégrome de que saia este tema hoxe aquí, en nome de todos os galegos, porque os representamos a todos, unha vez que somos Goberno, aos que nos votaron e aos que non, e de que queiramos ter esa reunión bilateral para falar deste tema. E vostedes dirannos que non, que non os molestemos porque isto o teñen practicamente pechado no tic-tac, tic-tac, pero quedan tres meses e non temos nin idea do que fixeron ata o de agora. Polo tanto, moita sorte niso tamén. (*Murmurios.*)

Eu, presidente, remato xa volvendo ao espírito da miña comparecencia inicial e ao que eu pretendía inaugurando esta rolda de comparecencias a petición propia, que é explicar o que queremos facer. É un goberno unido que quere facer cousas nunha situación moi complicada, que vai ter esta primeira parte —polo menos, nas miñas competencias— moi condicionada pola situación na que estamos e que a todos nos importa por enriba de todo superala canto antes, primeiro, dende o punto de vista sanitario, e, despois, da reactivación económica; e, se pode ser, todo ao mesmo tempo, que ten que poder ser. Polo tanto, o que ten que ver coa xustiza, o que ten que ver coa Administración local, o que ten que ver coas emerxencias, o que ten que ver con servizos básicos e fundamentais vai seguir sendo prioritario para este



gobierno. E agardo —a pesar do que hoxe escoitamos aquí, sobre todo na primeira rolda das súas intervencións— que para vostedes tamén; polo menos, pídolles un pouquiño de atención. Nós imos intentar dedicarlle o 100 %.

¡Ollo cos fondos europeos!, aos que non se fixo nin unha soa mención tampouco. Non sei se son conscientes de que nos estamos xogando moitísimos centos de millóns de euros neste momento. Non sei se son conscientes de que isto non é algo do PP e da Xunta de Galicia —que, por suposto, tamén—, senón de que isto é algo de todos os galegos e galegas, que seguimos necesitado eses fondos, e tamén dos asturianos. ¡Que pena que os asturianos o teñan moito máis claro que os voceiros do BNG e do PSOE que hoxe falan aquí! ¡Que pena que iso motive unha reunión dos dous responsables de Asturias e de Galicia e que vostedes nin sequera mencionen que agora mesmo dependemos moitísimo do que faga o señor Sánchez en Bruxelas! Agora mesmo dependemos moitísimo desa capacidade de negociación e de que teña moi presente que o noroeste peninsular non pode prescindir deses fondos. ¡Que pena que non se dean conta!, e, se se dan conta, entón, pido desculpas, pero era bo que o exteriorizaran na medida en que tamén supón unha presión que Galicia dependa moitísimo de que o Goberno central neste momento estea á altura, como o Goberno central estivo á altura no ano 2014. Polo menos seguimos expectantes, todo o demais xa o veremos, pero isto é moi urxente e, polo tanto, imos seguir insistindo e imos seguir presionando porque nos xogamos moitísimo.

Teñen a man tendida para todo. Creo que falando as cousas e evitando posturas irracionais se evitan despois resultados como os que acabamos de coñecer hoxe: a sentenza da área metropolitana, lei impulsada pola Xunta de Galicia. Catro anos despois un xuíz acaba de dicir que a Xunta de Galicia tiña razón e que, polo tanto, a postura de non integrar o transporte de Vigo no transporte metropolitano motivou que todo aquilo se fixera mal, que o recurso estaba ben posto e que, polo tanto, se perderon catro anos, ¡e ben que o sinto! Imos intentar evitar esas cousas. Ninguén ten a verdade absoluta, pero creo que dialogando, evitando enfrontamentos e pensando que as cousas ás veces teñen que ser como teñen que ser conséguese resultados.

E como non estamos para perder o tempo, a min non me gustaría que outra vez tivera que ser un xulgado o que dixera que a Xunta tiña razón en cuestións fundamentais, como hoxe acaba de pasar. A min gustárame que discutísemos as cousas aquí, que chegásemos a acordos e que toda a xente que nos poida estar vendo ou que mañá lea os xornais ou vexa os medios de comunicación diga que se está falando dos temas que lle afectan, vexa que realmente se fala dos temas que lle tocan directamente e non doutros temas que, polo menos nesta comparecencia —sinceramente, na miña opinión—, non tocaban.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada

O señor PRESIDENTE: Fago agora unha alteración na orde do día, algo que tiñamos que facer onte, pero que non se puido facer, que é a prestación de promesa ou xuramento de acatar e



gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona Teresa Egerique Mosquera.

Todo iso facémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento. Polo cal, procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía da nova deputada dona Teresa Egerique Mosquera.

Segundo o procedemento, a formula é de contestar «si, xuro», ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia.

Prégolle resposta dende o escano á pregunta que lle vou formular.

Dona Teresa Egerique Mosquera, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Unha vez prestado o xuramento, adquire vostede a condición plena de deputada. Benvida ao Parlamento.

(Aplausos.)

Continuamos coa orde do día. Preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a resposta dada polo Goberno central á demanda da Xunta de Galicia de carga de traballo para Navantia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don José Manuel Rey, do Grupo Parlamentario Popular.

Cando queira.

O señor REY VARELA: Señor presidente, señorías.

Señor vicepresidente, bos días.

Ferrol é unha cidade vinculada ao mar. Naceu dunha decisión do Estado para construír barcos e para albergalos da man da Armada Española. Esta dependencia do Estado pasoulle factura en numerosas ocasións, especialmente tras as mal chamadas reconversións navais socialistas, que máis ben foron unha progresiva deterioración da nosa principal actividade económica e de xeración de emprego.

Señor vicepresidente, Ferrol perdeu máis de 20.000 habitantes nos últimos corenta anos, un 25 % da súa poboación; a única cidade de Galicia que amosa estes datos que se cualifican



por si mesmos. Temos, ademais —permítame darlle moi brevemente tres magnitudes de carácter económico—, unha taxa de paro do 15 %, a máis alta das cidades de Galicia. A taxa de actividade, paralelamente á anterior, é a máis baixa de todas as cidades de Galicia; e, consecuencia destes dous datos anteriores, rexistramos, desgraciadamente, a taxa de risco de pobreza máis alta de Galicia, o 20 %. Coincidirán comigo en que a situación é moito peor da que se rexistraba nesta cidade hai dous anos, pandemia á parte.

Querer a Ferrol é estar orgullosos da nosa historia, do que sabemos facer, e confiar no noso futuro, pero tamén é non mirar para outro lado mentres isto sucede. Temos a obriga de defender o naval e os empregos, dos que depende non xa o noso futuro senón tamén o noso presente, por iso esta pregunta. Tendo en conta que Navantia acaba de entregar o primeiro buque loxístico a Australia, que o Goberno de España non concreta o buque ponte, solicitado unanimemente por este Parlamento, mentres non comecen as F-110, e que non sabemos tampouco nada da planificación real das fragatas máis alá da propaganda, que tampouco sabemos nada do dique seco, clave da transformación do estaleiro 4.0, ¿que resposta deu o Goberno central á demanda da Xunta de Galicia de carga de traballo para Navantia?

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Para a resposta ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rey Varela, grazas por traer a esta Cámara a situación do sector naval galego e, nomeadamente, do sector naval en Ferrol. Lamentablemente, a resposta do Goberno é o silencio. Non hai planificación, non hai concreción, non hai cronograma, e sobre todo estémonos atopando con que o Goberno está abandonando o sector naval ferrolán á súa sorte. Dende logo, dende a Xunta de Galicia non o imos permitir, e somos conscientes de que o Goberno de España ten unha débeda con Ferrol, de que ten unha débeda co sector naval ferrolán, e traballaremos xuntos para que a poida cumprir.

É certo que a entrega do primeiro dos buques loxísticos para a Armada australiana a primeiros de setembro foi unha boa noticia, foi a expresión do saber facer dos profesionais do estaleiro e da industria auxiliar de Ferrol, pero tamén pon de manifesto a situación límite na que nos atopamos nestes momentos; unha situación de urxencia e unha situación na que precisamos que haxa unha reacción inmediata por parte do Goberno.

E voume remitir aos feitos porque creo que a situación é o suficientemente complexa como para falar simplemente de feitos, ou realmente de falta de compromisos e de realidades por parte do Goberno. En primeiro lugar, a ocupación na factoría de Ferrol estase esgotando; en seis meses, señorías, as gradas de Ferrol, do estaleiro de Navantia, estarán baleiras, situación que se coñece dende hai tempo. E dende hai tempo o Goberno comprometeu a construción



dun buque de aprovisionamento pero, lamentablemente, agora o mesmo goberno que se comprometeu está descartando esa realidade.

En segundo lugar, hai un importante atraso na execución do programa das fragatas F-110. O Goberno tería que explicarnos que está pasando coa execución orzamentaria deste proxecto. Dende o ano 2018 hai consignados 250 millóns de euros que se aprobaron no orzamento do ano 2018. A pregunta é: ¿que pasou con eses 252 millóns de euros? ¿Que pasou cos 252 millóns de euros do ano 2019? ¿E que pasou cos 252 millóns de euros do ano 2020? Alguén terá que explicarnos por que non temos unha data de inicio para a construción das fragatas, por que non hai unha axenda de pedidos e, sobre todo, por que non hai nestes momentos ningunha previsión de carga de traballo para Navantia Ferrol.

E seguimos coas realidades do estaleiro. Efectivamente, ese compromiso de transformar o estaleiro de Navantia nun estaleiro 4.0 que lle permita ser competitivo está tamén sen concreción. Non hai ningunha concreción sobre a construción do dique seco e ese proxecto está no caixón do Goberno. E todos sabemos en Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ...que ese proxecto é o que lle pode dar competitividade ao estaleiro de Ferrol de cara ao futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

A ver se podemos facer que nas seguintes intervencións das preguntas apareza o tempo para que os que fan a pregunta e os que contestan teñan unha referencia. Sinto que nesta primeira pregunta non estivese dispoñible, e a ver se nolo poden poñer nas pantallas para a seguinte intervención.

Para o turno de réplica, por dous minutos, ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas.

Señor vicepresidente, dende este grupo agradecemoslle toda a información que nos dá respecto da evolución do sector naval galego, concretamente hoxe do sector naval da ría de Ferrol. Hai un seguimento constante —temos que dicir— por parte do Goberno da Xunta de Galicia e da súa consellería nos últimos anos. Queremos tamén agradecerlle que o naval estea na axenda económica de Galicia e que a Xunta de Galicia apoie no uso das súas competencias a Navantia a través de programas importantísimos de innovación, de formación e de financiamento para a industria auxiliar.

Tamén quería dicirlle que lamentamos ese silencio por parte do Goberno de Pedro Sánchez do que nos falaba. Despois de estar durante anos acusando o Partido Popular de bloquear as



fragatas F-110, agora, que levan máis de dous anos no Goberno, aínda non sabemos nada do que sucede, de cando van empezar, de cal é a súa planificación. O que efectivamente sabemos é o que acaba de dicir o vicepresidente: 252 millóns de euros do ano 2018, do ano 2019 e do ano 2020 que deixou consignado o Goberno en Madrid do Partido Popular e que non se están investindo en Galicia e que non se están investindo en Ferrol. Lamentamos que non se concretase o AOR, que en teoría solicitabamos bastante unanimemente dende este Parlamento. Sen embargo, acábase de encargar un BAM no sur. Lamentamos que non se solicitase a concesión de ocupación nin o estudo de impacto ambiental nin a licenza para o estaleiro 4.0. Por iso queríamos pedirlle, señor vicepresidente, que o sigan trasladando a Madrid e defendendo os intereses do naval galego e do sector naval ferrolán. Hai tres mil empregos en risco e non xa —como dicía— o noso futuro, senón o noso presente. Non o queremos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor REY VARELA: ...máis ca ninguén, pero tampouco menos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rey Varela, creo que a realidade que estamos vivindo en Navantia é unha realidade inédita, de abandono por parte do Goberno de España, e que claramente se ten que reverter. E digo isto con tanta claridade porque estamos falando dun estaleiro, Navantia, e dunha industria auxiliar que están demostrando o seu bo facer. E sobre todo, cando falamos do sector naval, falamos de innovación, falamos de calidade e falamos tamén de cumprir os compromisos.

A Xunta de Galicia está apoiando o sector naval con eses programas de innovación vinculados coa fábrica intelixente e coas unidades mixtas de innovación, das cales se están beneficiando tanto Navantia como a industria auxiliar e que están permitindo o desenvolvemento tecnolóxico do sector; estamos apoiando a través dun plan específico de formación a cualificación dos traballadores, tanto dos ocupados como dos desocupados, e, finalmente, apoiamos a través do financiamento, dotando liñas de préstamos específicas tamén para o sector naval. En total, levamos investidos máis de cincuenta millóns de euros no sector naval nos últimos anos, e de maneira especial apoiando a Navantia —sector público español— nese desenvolvemento do estaleiro 4.0 con fondos da Comunidade Autónoma, con fondos da Xunta de Galicia, que requirirían unha reciprocidade dende o punto de vista do compromiso co propio sector ou co propio estaleiro.

E somos conscientes de que precisamos máis, e por iso queremos demandarlle ao Goberno e queremos demandarlle a Navantia que se utilicen os fondos do Plan de recuperación da



Unión Europea para financiar o dique seco no estaleiro ferrolán. É unha infraestrutura estratéxica para Navantia, é unha infraestrutura estratéxica para o sector naval galego que perfectamente se debe de acoplar e se debe de trasladar a eses fondos do Plan de recuperación da Unión Europea, que suporían unha nova oportunidade para acelerar estes investimentos. No Goberno de España está a capacidade de decidir e, polo tanto, esperemos que o Goberno de España sexa capaz de defender ante a Unión Europea a posición do sector naval, unha posición que lamentablemente este mesmo goberno non está defendendo na situación do *tax lease*. Hoxe coñecemos unha sentenza que prexudica claramente o sector naval, e unha vez máis, lamentablemente, vemos o Partido Socialista en contra do sector naval.

En calquera caso, nós demandaremos claridade a Navantia sobre os prazos previstos para o corte de chapa. Reclamaremos tamén que se executen eses investimentos do estaleiro 4.0, e trasladarei a Navantia, que leva dous anos, ¡dous anos!, para iniciar a tramitación administrativa do estaleiro 4.0....

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ...que creo que Ferrol non merece este trato.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Aprazamento dunha pregunta da orde do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A seguinte pregunta, a 7.3, da señora Presas Bergantiños, foi aprazada e pasamos á 7.4.

Pregunta de D^a María Corina Porro Martínez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os criterios e a finalidade que tiveron as medidas de cribado para a detección da covid-19 realizadas a determinados colectivos nos últimos meses

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidente.

Bos días.

Moitas grazas, conselleiro, por vir aquí á sesión plenaria contestar as nosas preguntas.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión da covid-19 ao nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións na-



cionais e internacionais tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra esta pandemia.

En España o primeiro caso da covid-19 foi detectado no mes de xaneiro, e, desde entón, o número de contaxios aumentou de maneira progresiva a unha velocidade tremenda e deu orixe a unha crise sanitaria sen precedentes, que requiriu a adopción de medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario. O 14 de marzo declarouse o estado de alarma en España e, un día antes da declaración do estado de alarma, o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma Galega, o que obrigou a adoptar unha serie de medidas transitorias dirixidas a garantir ao mesmo tempo a seguridade dos profesionais sanitarios e dos pacientes, mantendo en todo momento o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega.

Unha vez levantado o estado de alarma en España e manténdose en Galicia o de emerxencia sanitaria —e unha vez superada a fase 3 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, que regula, xunto ao citado acordo de declaración de emerxencia sanitaria, as medidas de prevención e control que están vixentes e funcionan hoxe en día na nosa comunidade autónoma— aprobouse o 12 de xuño de 2020 o acordo do Consello da Xunta de Galicia sobre as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19. Unha desas medidas foi a realización de test masivos a colectivos especialmente expostos ao virus; uns cribados que ou ben se localizaron en zonas xeográficas e segmentos de poboación especialmente afectados ou ben se realizaron en todo o territorio galego centrados en colectivos concretos.

Por todo isto, desde a bancada popular hoxe traemos a seguinte pregunta a pleno: ¿que criterios e finalidades tiveron as medidas de cribado para a detección da covid-19 realizadas a determinados colectivos nos últimos meses?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidente, señorías.

Señora Amigo, como vostede sabe, Galicia foi a primeira comunidade autónoma en chegar á denominada «nova normalidade», o día 15 de xuño. Non obstante, seguimos baixo a situación de emerxencia sanitaria e, polo tanto, o noso gran reto é que a recuperación paulatina da vida cotiá e da actividade económica se produza minimizando o risco que representa a pandemia para a saúde da poboación. E estas garantías para a reactivación só se poden dar se dotamos o noso sistema sanitario dun sistema de vixilancia e prevención que posibilite a detección precoz; un sistema para o que é indispensable a realización de probas de detección da infección en determinados colectivos estratéxicos.



É por iso que a Consellería de Sanidade, en coordinación con outras consellerías, está a realizar cribados en colectivos profesionais. Ademais dos propios profesionais sanitarios e das residencias, fíxose o cribado a todo o persoal docente e non docente de educación primaria e secundaria de centros públicos e concertados; aos profesionais de escolas infantís; aos temporeiros de tarefas agrícolas; aos corpos e forzas de seguridade, tanto os nacionais como policía locais e Policía Autonómica, e ao persoal de prevención e extinción de incendios forestais. Por outra banda, realizamos procura activa de casos en grupos de risco da poboación xeral, tanto en persoas máis vulnerables, no caso de usuarios de residencias, como por seren portadores asintomáticos na cadea de transmisión, no caso da mocidade.

¿Como o facemos? Segundo os diferentes protocolos de actuación aprobados no seo do comité clínico e o recomendado polo Ministerio de Sanidade; é dicir, coa seguinte selección de probas diagnósticas: nos casos de cribados a colectivos profesionais, mediante tests serolóxicos con determinación de anticorpos IgG e IgM; e na procura activa de casos, mediante a técnica da PCR. Os resultados dos diferentes cribados reportan no momento actual os seguintes datos: no relativo aos colectivos profesionais antes mencionados, teñen a proba realizada 48.689 persoas, o que supón un 82,2 % do colectivo, cunha porcentaxe de 0,3 % de positivos. No relativo á mocidade, estase levando a cabo a procura nas áreas sanitarias da Coruña e Santiago e tense previsto abarcar máis de 63.000 persoas. No momento actual lévanse realizadas o 40 % destas cunha porcentaxe do 0,6 % de positivos. É importante sinalar que nesta poboación estamos a observar unha resposta menor na convocatoria en relación con outros colectivos, e este é un problema importante que temos que mellorar. Polo tanto, aproveito esta ocasión para falar no Parlamento de facer un chamamento e animar e sensibilizar esta poboación en relación coa pandemia.

Quedo, por suposto, á súa disposición para calquera outra aclaración que necesite. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, conselleiro.

Nós sabemos dos esforzos que se están facendo desde todos os departamentos da Xunta de Galicia, e máis desde a Consellería de Sanidade, para poder combater esta tremenda pandemia. Se nos remontamos a aquel consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020, no que se adoptaron xa medidas preventivas en materia de saúde pública para a nosa comunidade autónoma como consecuencia da evolución da covid e onde ademais se adoptou o acordo de aprobar o Protocolo de actuación para persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia, ata o día de hoxe non se deixaron de adoptar medidas para a loita contra esta pandemia. Iso permitiu que en Galicia os datos sexan mellores que os da media do resto de España.

Nós agradecemoslle e valoramos todos os datos que hoxe nos trouxo aquí. Máis ca nunca somos conscientes de que debemos de concienciar a xente, os nosos compañeiros, os nosos veciños, os nosos amigos, da necesidade de prevención. É unha cuestión de educación e de solidariedade; todos somos responsables dos nosos actos. Estamos vendo moitos contaxios no ámbito familiar, e ademais son moi preocupantes os actos que estamos vendo funda-



mentalmente nos xóvenes, nos nosos xóvenes. Temos que ser conscientes de que esta pandemia nos afecta a todos, e a concienciación e a responsabilidade é fundamental.

A nós gustaríanos agora que nos informase de que propostas ou de que melloras prevé a Consellería de Sanidade nos procesos de cribado que está previsto pór en marcha e de se foi tamén valorada ou se valoran algunha novidade para mellorar a eficacia destes cribados.

Moitísimas grazas de novo, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Peche da pregunta, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidente, señorías.

Efectivamente, señora Amigo, temos que dar novos pasos. Non nos conformamos cos xa realizados e seguimos traballando cos expertos clínicos para tentar adiantarnos á pandemia reforzando os cribados e a procura activa de casos, innovando en tecnoloxía e buscando alternativas de xestión de gromos máis flexibles.

Con esta finalidade, Galicia continuará cribando colectivos profesionais en función das necesidades que xurdan e realizando a procura activa de casos. No caso dos centros residenciais, realizaremos o cribado de todos os profesionais —quince mil quíntos aproximadamente— cada catorce días a través de PCR. Hai que lembrar que dende o inicio da pandemia se realizaron dous cribados nas residencias. A primeira mostraxe comezou o 2 de abril e rematou o 6 de maio; en total detectáronse 1.161 positivos residentes e 460 profesionais. A segunda mostraxe comezou o 22 de xuño e rematou o 22 de xullo, e en total detectáronse dous profesionais con proba positiva de covid-19.

Como novidade, nos novos cribados utilizarase en profesionais a técnica de *pooling*, con recollida de mostra de saliva, o que permite a autotoma e axilizar todo o proceso. Esta técnica permitiranos realizar a procura de casos noutros colectivos de poboación de xeito máis áxil. No caso dos residentes, dada a imposibilidade de recollida de mostra de saliva, farase unha mostraxe aleatoria cada catorce días en todas as residencias de Galicia, que son máis de trescentas. Esta mostraxe baséase nun modelo matemático que incorpora distintos parámetros que obxectivan a incidencia de covid en cada área, e permite modificar o número de mostraxes en función da situación epidemiolóxica.

Con estes cribados sistemáticos podemos previr e vixiar a infección por covid, así como a toma de decisións adaptadas á realidade da poboación en cada momento. Iremos adaptándonos ás medidas que xurdan no día a día e anticipando na medida do posible as estratexias de prevención, seguindo as indicacións establecidas polos organismos internacionais, o comité clínico e o Goberno de España.

Señorías, temos un bo sistema sanitario, temos plans de prevención e control da infección por covid en diferentes colectivos profesionais, temos plans de continxencia, boas infraestruturas



sanitarias, magníficos profesionais e, por suposto, temos bos programas de cribado. E con todo iso seguiremos a traballar adecuándonos ás necesidades da situación epidemiolóxica en cada momento, co fin de proporcionar unha adecuada asistencia á cidadanía. E por suposto tomaremos nota de todo o que de cara ao futuro poida mellorar a nosa asistencia sanitaria.

Quero aproveitar a súa intervención para insistir en algo que vostede comentaba: na conveniencia de extremar as medidas, non só no ámbito laboral, non só no ámbito educativo, senón especialmente no ámbito familiar e de lecer, que é onde estamos comprobando que se producen realmente os distintos brotes e os maiores números de casos hoxe en día. Eu animo a cidadanía a que, aínda que sexa difícil, non relaxe esas condicións que tan ben mantemos nos nosos traballos e nas nosas obrigas cotiás e a que as manteñamos na medida do posible no ámbito especialmente familiar e de amizade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a cifra exacta de rastrexadores existentes na actualidade en Galicia

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro, reciba a benvida do noso grupo. É formalmente a primeira vez que interactuamos neste Parlamento. Que esa benvida sirva para desexar un bo debate hoxe e nos que sucederán. Despois, ademais, da dura, durísima e agresiva pregunta que vén de recibir, vou tentar relaxar un pouco o ton para facilitar un pouco o debate.

Esta é unha pregunta que lle trasladamos pero que en realidade ten que ver coa xestión anterior. Evidentemente, vostede non leva á fronte da Consellería o suficiente tempo como para facerse cargo de todo o que pasou anteriormente. Non somos conscientes de se asume completamente a herdanza recibida —por utilizar un termo—. Se si ou se non xa é unha cousa que lle corresponde.

Plantexamos o dos rastrexadores. ¿Por que a nosa pregunta? A primeiros de maio anunciouse en Galicia que existían uns vinte rastrexadores. A finais de maio xa eran cincuenta, un incremento razoable. En xuño —nin sequera chegou a ser un mes despois— o señor Feijóo dixo a bombo e prato —nada tiña que ver con que houbera eleccións en poucos días— que había 6.108. Nin os pans e os peixes fixeron tanto: de 50 a 6.108. É certo que o señor Feijóo explicou aquí que son rastrexadores todos os médicos de primaria. ¡Claro!, porque meten os datos nun ordenador, no IANUS. Claro, entón son rastrexadores. Polo tanto, a pregunta é quen son os 6.108. Son os médicos de primaria, si, pero ¿son os profesionais de preventiva, os xefes territoriais, as centrais de chamada, os directivos, vostede mesmo? A este paso vai ser rastrexador ata o lateral esquerdo do Rácing de Ferrol. (*Risos.*) Quero dicir que nós levantámonos pola mañá pensando se non nos toca tamén ser rastrexadores. Eu non teño a formación para facelo; se vostedes me están contando, por favor, déanme de baixa.



¿Que é o que din os profesionais de verdade? Que non coñecen eses rastrexadores, que, se eles son os que teñen que facer ese labor, polo menos que llelo digan, que eles o que contrastan é que os contactos dos positivos non os chama ninguén, que moi poucas veces se pode facer ese contacto, que o entenden pero que non se fai, que non se fai seguimento dos illados. ¿Por que o entenden? Porque algunhas persoas que si traballaron nese grupo de cincuenta por turno, aproximadamente, din que non eran máis de cincuenta por turno e que non podían facer milleiros de chamadas nun só día. Igual que os profesionais de primaria, que tampouco poden se teñen cincuenta pacientes ao día, evidentemente, como é normal. Son moi bos profesionais pero aínda non son superheroes, ¡aínda! Aínda que a este ritmo igual teñen que chegar.

Xa non lle vou preguntar, porque non lle corresponde —esta é a nosa promesa de benvida—, polas explicacións sobre a empresa e os lazos da empresa que ten a nave onde están os rastrexadores en Bergondo. Iso podería dar para outro momento, pero non lle corresponde e ademais non é o interese principal da nosa pregunta. Pero é certo que algunha cuestión sobre iso habería que plantexarse.

A pregunta é cantos rastrexadores hai de verdade en Galicia e se é posible saber —se é así como funcionan— se están distribuídos por áreas ou non, onde traballan, quen os contrata, en que condicións ou que formación teñen. Ao final, en realidade, ¿están vostedes salvando unha *boutade* de Feijóo ou hai 6.108 rastrexadores, señor conselleiro? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Si, bo día, presidente.

Señorías.

Señor Torrado, sinto falar de costas pero o micro está aquí diante, desculpe. Á súa pregunta, á que lle dou a mesma consideración que a todas as que me cheguen de calquera dos grupos e que vou responder co mesmo rigor e coa mesma precisión, pois teño que dicirlle sinceramente que non lle podo dar esa cifra exacta se vostede non me dá unha definición exacta do que vostede entende por un rastrexador. (*Risos.*)

E explícome. Eu veño de ser xerente nunha área sanitaria. Podo asegurarlle que na miña plantilla non existiu nunca un posto de traballo denominado rastrexador, nunca. Non está nos cadros de persoal nin en ningún servizo de saúde de España. A situación causada pola pandemia é nova, inédita, e iso obriga os sistemas de saúde a adaptarse e a crear procesos novos co persoal co que conta e con mecanismos flexibles de adaptación. A vostede dicir que seis mil persoas se dedican ao rastrexo no sistema sanitario galego parécelle unha cerimonia da confusión. Pois eu, dende o meu coñecemento, dígolle que non.

E dígolle a verdade. Recén chegado ao cargo, entendo que unha das miñas principais funcións —se non a principal— é a de defender e facilitar o traballo do persoal do sistema



sanitario galego, e por iso non podo facer o que vostede me pide, porque implicaría minusvalorar o traballo de colectivos que exercen un papel extraordinariamente importante neste proceso. ¿Quen quere vostede incluír ou excluír? ¿O persoal dos servizos de medicina preventiva e UPRL de todas as áreas sanitarias que fai o seguimento e control dos positivos hospitalizados e do persoal sanitario estando de garda permanente? A min páreceme inxusto excluílos. ¿O persoal dos servizos de vixilancia epidemiolóxica que segue cada gromo que se dá nunha residencia, nun establecemento de hostalería, nun colexio tamén de garda permanente? Tamén me parece inxusto excluílo. ¿O persoal de atención primaria que fai seguimento dos contaxiados que están no seu domicilio e que ademais ten un papel fundamental en detectar novos casos ou pedir PCR na súa faceta de saúde familiar comunitaria? Eu non podo asumir non ter que contar o traballo deste persoal, de verdade que non.

Se cadra vostede quere unicamente contar os operadores da central de seguimento de contactos, un persoal que foi formado e que foi dotado de protocolos de entrevista para os casos confirmados e para os seus contactos. Por suposto que estes contan. Son agora mesmo un número axeitado, un número que se adapta ás necesidades que se producen en cada área e que traballa de xeito conxunto; non son específicos dunha área, que tamén preguntaba por iso. Primeiro, o seu procedemento está en revisión permanente por parte dun equipo multidisciplinar de profesionais de saúde pública, de medicina preventiva, de emerxencias, etc. —estes tamén contan—. E segundo, están permanentemente asesorados e supervisados por técnicos das xefaturas territoriais dos hospitais, que reciben diariamente a información sobre as actuacións que realizan dende este centro.

En definitiva, señor Torrado, creo que é importante aclarar que o rastrexo non é un oficio, nin unha categoría laboral. O rastrexo sanitario é un proceso, no que tamén participan os xerentes das áreas sanitarias, efectivamente. É un proceso complexo e integrado, e a Consellería de Sanidade e o Sergas poñerá todos os recursos necesarios. Os procesos sanitarios non se miden polo número de persoas que os realizan, senón polos seus resultados. Os resultados de Galicia poden mellorar evidentemente, pero creo que ata agora se fixo un bo traballo no obxectivo de frear as cadeas de contaxios...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Vou empezar polo da cerimonia da confusión. A cerimonia da confusión é anunciar 50 en maio e 6.108 o mes seguinte. Primeiro porque ou os están contando despois ou non os están contando antes. Nun dos dous momentos contaron unha pequeniña mentira. Déixolle elixir cando foi, non teño problema.



Permítame —é que se non o digo, rebento—, a pregunta era para vostede, non para min. (Risos.)

Señor conselleiro —permítame, igual me equivoco—, non creo que eu teña que definir o que é un rastrexador nin cales son as súas funcións. Dígollo de verdade, eu agardaba que vostedes dende a Consellería o soubesen. Preocúpame máis a resposta. Aínda así, imos seguir dando o beneficio da dúbida. Xa que vostede me di que si teñen control numérico de cantas son as persoas que teñen na central de chamadas, olvidouse o detalle de dicir cantos son. Se pode aclararmo na segunda intervención...

A verdade é que estou intentando conterme, porque a verdade é que a resposta é un pouco difícil de asumir. ¿Que é o que contan vostedes por rastrexadores? Porque, segundo esa descripción, ou o que podemos inferir dela, se unha persoa se contaxia por covid, está na súa casa e, facendo ben ese labor, fai a súa memoria de con quen estivo, en que lugares, con quen contactou, con quen estivo máis e menos tempo e chama a esas persoas —«joe, mira, dei positivo, que o saibas!»— tamén é un rastrexador. Entón cóntello a Feijóo, porque xa temos titular para o próximo pleno: hai 2.700.000 rastrexadores en Galicia. Porque tamén é certo que os que non están contaxiados poden chamar e avisar de que non o están. E entón, temos 2.700.000 e xa seríamos os primeiros de calquera cousa.

Señor conselleiro, con toda a bondade, creo que non foi prudente a resposta, se me pode aclarar algún dato na seguinte resposta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Torrado, insisto, resultados. Para que non fale de manipulación, vou utilizar datos do Instituto Carlos III, dependente do Ministerio de Sanidade; datos que se obteñen da Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica. Os últimos que hai son exactamente de hai unha semana.

Galicia está entre as tres comunidades autónomas que detectan máis casos de covid por persoas asintomáticas. A porcentaxe de casos covid detectados en Galicia correspondente ás persoas que non presentaban síntomas é de arredor do 66 %, cando a media nacional é do 53 %. En canto aos contactos identificados por caso, estamos na media nacional, con tres contactos. Sen dúbida podemos mellorar este punto, pero probablemente esta mellora se obteña na revisión continua á que está sometido o proceso de rastrexo, que é —insisto— un proceso. Pero, para iso, insisto en que é fundamental o traballo non só dos profesionais da central de seguimento —que, por suposto, poño en valor, como non pode ser doutro xeito—, que fan as enquisas e o seguimento de eido telefónico durante a corentena, senón tamén —volvo insistir— do persoal de atención primaria, que elabora a valoración clínica deses contactos se observan que manifestan síntomas, e dos técnicos de saúde pública e traballadores sociais que colaboran nos rastrexos.



Se isto non fose un proceso integrado, non teriamos un sistema de vixilancia epidemiolóxico e vixía que está integrado no sistema da historia clínica electrónica e que permite a todos os profesionais sanitarios que traballan no sistema de rastrexo conducir a situación de cada paciente e a evolución das persoas da súa contorna.

Como lle dicía, imos seguir mellorando. Nos próximos días, porase en marcha unha app da Xunta, «Pass Covid», que complementará a Radar Covid do Ministerio. E o persoal da central de seguimento de contactos, cando faga as enquisas cos casos positivos, facilitaralles os códigos de activación para poder introducir nesta aplicación unha alerta de alta exposición dirixida aos móbiles cos que estivo en contacto a menos de dous metros máis de quince minutos.

En definitiva, creo que Galicia amosou en moitas cousas estar liderando a innovación no tratamento desta pandemia, dende o «covid auto» ata o *pooling*, que agora ampliaremos a probas de saliva. Isto só foi posible grazas á implicación de todos os profesionais que colaboran no proceso de detección e rastrexo, que —insisto— é un proceso e non unha categoría ou un profesional, que son moitos e variados pero que están unidos pola súa participación nun proceso integrado e sobre todo tamén por unha excelente profesionalidade. O meu deber é facilitarlles o seu traballo e recoñecelos a todos eles por igual.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os erros que xeraron unha situación de contaxio masivo por covid-19 nas residencias de maiores, como nas do Incio e de Outeiro de Rei

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, antes de nada, quero darlle os parabéns polo nomeamento e sobre todo desexarlle sorte e acerto nas decisións, porque estamos nun momento crítico en Galicia e as políticas sociais serán decisivas.

Tras a primeira onda da pandemia vivimos unha situación sen precedentes. Foi algo para o cal a nosa sociedade non estaba preparada, e o virus fixo visible a realidade e deficiencias no sistema de atención residencial. Neste contexto, as residencias foron a diana do virus e, como consecuencia, os nosos maiores pagaron a peaxe máis cara da covid, con case a metade do total de falecementos neste eido.

Nas últimas semanas estamos asistindo a novos focos masivos e abruptos dentro dos centros de atención residencial, xa que dende o pasado mes a Xunta tivo que intervir xa tres. Preocúpanos cales son os criterios obxectivos para decidir o tempo de reacción por parte da Administración nas residencias intervidas, pero igualmente nos preocupa saber que medidas adicionais se toman naquelas residencias despois da intervención da Administración.



Non parece que exista un criterio obxectivo, o suficientemente áxil, en canto á intervención dos centros afectados. Ademais, estamos observando que cando os brotes saen á luz son, repentinamente, masivos nalgúñas residencias, e isto preocúpanos. Sería importante poder contar con información máis detallada por parte da Consellería. En concreto, sería importante ter os datos concretos por residencia; unha demanda que, como sabe a propia conselleira, vén sendo feita dende hai tempo por parte das familias, as cales, por certo, continuaban mesmo onte a informar de que os datos non lles cadran —incluso falando de trescentas persoas e demais—. Lembremos que é unha cuestión moi importante para as familias, que —repito— están pasando unha situación moi dura. Tendo en conta a falta de contacto coas familias, isto aínda se agrava máis. É urxente e necesario poder contar con máis información e atender as súas demandas.

Tendo en conta o tempo de acción ao longo destes meses e a aprendizaxe do que se presupón que tivemos que adquirir, queremos saber cales foron os erros que se deron nos centros residenciais máis afectados nos últimos meses, como no centro residencial do Incio, no de Outeiro e agora mesmo no novo do Pinar, de Culleredo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados, moi boas tardes.

Moitísimas grazas, señora Ortega, polas súas felicitacións. Eu tamén entendo e agradezo de verdade a súa preocupación pola situación das residencias do Incio, de Outeiro de Rei e tamén pola de Culleredo. Créame de verdade, señora Ortega, cando lle digo que eu comparto profundamente esa preocupación, porque é precisamente o noso deber garantir o benestar e garantir a seguridade dos nosos maiores. É absolutamente algo primordial para este goberno.

E, como xa dixen tamén nesta Cámara en anteriores ocasións, as residencias dos nosos maiores e as residencias das persoas con discapacidade non son espazos illados sen contacto co exterior. Non son como prisións —como dixó nalgúna ocasión o señor Caballero— e, desgraciadamente, tampouco son búnkers. Porque, ao igual que aparecen casos de coronavirus en moitas casas, en moitos fogares, en oficinas e noutras institucións, tamén aparecen casos de coronavirus, desgraciadamente, nas residencias de maiores, onde conviven moitas persoas cada día e manteñen un contacto físico e estreito cos seus coidadores. Dicar que se pode garantir o risco cero nas residencias onde hai contaxios, en todas as partes, en todas as comunidades e en todos os países iso significa mentir. E, ante esta realidade, é a nosa responsabilidade como goberno facer todo o posible para conter a entrada do coronavirus nas nosas residencias, ao igual que o viñemos facendo dende o inicio da nosa pandemia.

Elaboramos protocolos marco e enviámosllos a todas as residencias para que os adaptaran ás súas instalacións. As autoridades sanitarias teñen a tutela permanente de todas as resi-



dencias de Galicia, sexa cal sexa a súa titularidade; e aquelas residencias onde está comprometida a calidade asistencial e sanitaria intervéñense, como o fixemos na residencia de Outeiro de Rei, como o fixemos na residencia do Incio ou como o fixemos agora na residencia de Culleredo.

Dende o inicio da pandemia, a Xunta de Galicia traballou sempre coa máxima transparencia. Os galegos e as galegas contan cunha imaxe fiel da situación; unha imaxe fiel e, ademais, actualizada cada día: o número de contaxios desglosado por centro, tanto de usuarios como de traballadores, os falecementos totais e tamén os que se rexistran en todas e cada unha das residencias de Galicia. E grazas a esa transparencia, señora Ortega, vostede conta con todos os datos que escribiu nesta pregunta parlamentaria. E tamén se conta con outros datos que non se din, como é que o 99 % das residencias de Galicia non contan, actualmente, con ningún positivo, nin entre residentes nin entre traballadores.

En cambio, hai outra información que si sería moi necesaria e que necesitan as familias galegas, que é toda esa información da que dispón o Goberno central, que a Xunta de Galicia lle enviou durante todos os días da pandemia e que aínda hoxe, seis meses despois, non recibimos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Grazas.

Para a réplica, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas.

Señora conselleira, vostede dixo nunha entrevista nos medios que Galicia foi un exemplo de xestión, incluso comparándose a nivel nacional con outras comunidades autónomas, e dixo que neste caso se anticiparon. Penso que non é o momento do autobombo cando seguimos cunha incidencia da covid no ámbito residencial moi preocupante. Temos que ter cautela e máxima prudencia ao falar dun tema tan sensible e deixar de falar doutras comunidades autónomas, xa que falar de toda España significa iso porque as competencias están transferidas ás comunidades autónomas. Penso que isto non é unha cuestión de ránking, de quen o está facendo mellor, senón de mirar para dentro e de actuar xa, porque cada día conta.

Por outra banda, tamén comentaba nunhas declaracións que, nestes momentos, o sector residencial está moito mellor preparado que dende hai uns meses para afrontar a entrada do coronavirus nas nosas residencias. Estas son as súas verbas, e gustaríanos ter máis información ao respecto, e sobre todo coñecer se os centros residenciais aumentaron a ratio do persoal e tamén o nivel da súa cualificación. Isto sería moi importante neste sector. E, por certo, as traballadoras do sector de atención residencial informan do contrario do que vostede está afirmando, segundo o que dixo nos medios. Elas pensan que non están mellor que antes, senón que están peor. Pero nas accións están as claves, señora conselleira, e o propio



presidente da Xunta reconece —e todo o equipo— que non fixeron as cousas ben cando destituíu o director xeral de Maiores.

Señora conselleira, ¿como é posible que nas últimas residencias afectadas polos virus se detectasen nun só día brotes que afectaban practicamente o 90 % dalgúns residentes? ¿Cal é a canle de información que permite a coordinación e o *feedback* que ten que existir entre a Administración e as propias residencias? Somos plenamente conscientes de que neste contexto é normal cometer erros, pero é vital a transparencia e a toma de decisións contundentes e inmediatas, coa maior inmediatez. Cada día conta; debemos de actuar.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: E consideramos que é fundamental...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas.

A señora ORTEGA OTERO: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Para o peche da pregunta, a conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Señora Ortega, a xulgar pola súa resposta, dáme a sensación de que aínda aos galegos e ás galegas nos toca seguir esperando algún mes máis para que o seu excompañeiro de escano, o ministro Illa, co que vostede acudía a esas comisións de Sanidade no Congreso dos Deputados, nos faga públicos os datos do que pasou en todas e cada unha das residencias a nivel nacional, en todas e cada unha das comunidades autónomas. (*Murmurios.*)

A verdade, eu síntoo, e síntoo moito, porque creo que todas as persoas maiores e os seus familiares merecen saber a verdade e que o Goberno central sexa transparente, ao igual que o Partido Socialista nos exige transparencia a nós. Nós publicamos eses datos diariamente; todos os medios de comunicación e todos os cidadáns contan con datos exactos de cada un dos días.

E, mire, non imos actuar xa, nós levamos actuando moito tempo. Levamos proporcionándolles a todas as residencias apoio diario, levamos mandándolles protocolos diariamente e contan nestes momentos con protocolos adaptados ás súas instalacións.

A verdade, a min preocúpame que se utilice esta pandemia para arremeter contra o conxunto das residencias de maiores de Galicia. E de verdade que me preocupa, porque todos estes profesionais de todos estes centros non merecen este trato, nin tampouco merecen que se xulgue o seu duro traballo diario. E tamén me preocupa porque todos os seus usuarios e os seus familiares precisan saber cada día que se atopan nas mellores mans. Se, neste momento, o 99 % das residencias de Galicia está totalmente libre de virus, tanto nos usuarios



como nos traballadores, é porque estas residencias están a aplicar os protocolos facilitados pola Xunta de Galicia, e asesoradas e avaladas por un comité clínico.

Coincidirán comigo en que as persoas maiores, desgraciadamente, son un colectivo vulnerable, e un colectivo ao que azoutou especialmente a chegada do coronavirus. Por iso, como di vostede, a Xunta de Galicia, dende Política Social e dende a Consellería de Sanidade, xa estamos a traballar nun novo modelo de residencias; un novo modelo de residencias que será avalado polas autoridades sanitarias e do que se falará e dialogará co sector residencial de Galicia. Pero tamén estamos a traballar polos nosos maiores, eses que viven sós, por un plan de soidade non desexada, e tamén para darlles cada día máis servizos e de máis calidade na propia casa ás persoas maiores.

Sen dúbida ningunha, sei que esta non é unha tarefa sinxela, é unha tarefa ardua e complexa, por iso eu hoxe lle pido, señora Ortega —a vostede e ao seu grupo—, o seu apoio, a súa colaboración, porque loitar contra esta pandemia é unha cousa de todos, das distintas administracións públicas, do Goberno central, da Administración autonómica e tamén da Administración local, de todos e cada un dos partidos políticos que están nesta Cámara e de todos e cada un dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Acumulación de dúas preguntas ao Goberno para a súa formulación conxunta

O señor PRESIDENTE: Debatesmos agora de xeito acumulado dúas preguntas. Unha correspóndese coa formulada polo deputado José Antonio Armada, do Grupo Parlamentario Popular, e a outra é de Xosé Luís Rivas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Pregunta de D. José Antonio Armada Pérez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da orixe e das causas dos distintos lumes que asediaron a provincia de Ourense na segunda fin de semana de setembro de 2020

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e D^a María González Albert, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión da Consellería do Medio Rural respecto das causas da reiteración dos lumes en Galicia, nomeadamente na provincia de Ourense, e as medidas previstas ao respecto

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta o deputado José Antonio Armada, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor ARMADA PÉREZ: Moi bo día, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados.

Señor conselleiro, a provincia de Ourense sufriu, na fin de semana do 12 e 13 de setembro, varios lumes orixinados en distintos puntos do seu territorio, acadando unha especial ex-



tinción en concellos como Vilariño de Conso, Chandrexa de Queixa, Vilar de Barrio e, especialmente, en Lobios, cunha afección directa no Parque Natural do Xurés.

A evolución dalgúns deses incendios obrigaron a Xunta de Galicia a declarar a situación 2; é dicir, obrigaron a activar os mecanismos de prevención e de protección civil para protexer núcleos poboados, tal e como sucedeu en Cualedro ou Rairiz de Veiga.

A Xunta de Galicia e as administracións locais despregaron neles todos os seus medios persoais e materiais, solicitando tamén axuda á Unidade Militar de Emerxencias, mais as circunstancias climatolóxicas, especialmente o forte vento, fixeron moi difícil conter a expansión do lume. O coñecemento destas circunstancias meteorolóxicas adversas foi, segundo declaracións súas, determinante na orixe destes lumes que a Xunta, a través dos seus equipos de investigación forestal, ve claramente intencionados.

Por todo o exposto, formulámoslle a seguinte pregunta: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia da orixe e das causas dos distintos lumes que asediaron a provincia de Ourense na fin de semana do 12 e 13 de setembro? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

Formula agora a pregunta o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Doce anos desde a Lei de incendios, doce anos desde o único intento serio de rexeneración do rural galego, doce anos na distancia do traballo daquel equipo que, con Suárez Canal á fronte, marcou unha esperanza e o camiño do posible para o campo deste país. Doce anos perdidos.

Doce anos de goberno de Feijóo que marcan o fomento do abandono da actividade agrogandeira, do peche de milleiros de explotacións familiares que pousaban e xestionaban o noso territorio; anos nos que a paisaxe e a xestión do territorio galego, marcados polo aproveitamento de antano, xeraran o mosaico e tiñan desterrado o lume e as feras. E daban vida, repartían vida. E Ourense, aí, sempre aí, territorio marcado, mancado polas políticas do PP secular, do caciquismo orixinario, e as súas feridas que, ano tras ano, reverdecen e se multiplican. Vilar de Barrio: 14 axentes, 34 brigadas, 17 motobombas, 11 helicópteros, 14 avións, 600 hectáreas. Lobios: 1 técnico, 41 axentes, 90 brigadas, 56 motobombas, 13 helicópteros, 8 avións, 3.000 hectáreas.

Ao tempo que o monte arde, faise máis duro o abandono, e os lumes medran, e Ourense repite topónimos todos os anos: Xurés, Cualedro, Montederramo, Rebordechao, Vilariño de Conso, Santoalla do Monte. Este ano, 9.000 hectáreas en cinco interminables días. E vostede sacudindo as pulgas, as culpas, para os do esqueiro fácil, terroristas. Todos os anos o mesmo, a mesma sobada cantilena. ¿Onde estaban os medios aéreos a finais de xuño?, ¿onde as bases do Xurés e do Barco sen helicópteros? As tres brigadas helitransportadas da Xunta, sen helicópteros. ¿Como se pode defender Rebordechao do lume se non pode acceder unha motobomba ao núcleo do pobo habitado?



¿O concello de Cualedro ten convenio de xestión de faixas? Como é do PP, non as necesita, ¿ou? Pero ten piornos de cinco metros nas fincas abandonadas da parcelaria de hai anos. Porque isto sabíano, fixérono público: anuncian chuvia e vai arder onda sempre. ¿Onde están as 31 prazas de axentes ambientais para as brigadas de investigación de incendios que se ían crear, e así aparecían no Pladiga, e este ano xa non están? ¿Saben onde van?

Aínda non aprobaron as axudas ás comunidades de montes solicitadas hai seis meses. ¿Cando han facer as rozas e a limpeza?, ¿despois de que arda? Aquí ninguén ten responsabilidades.

O pobo ourensán non é incendiario, todo isto é un grito de anguria do territorio que reclama atención, reclama xestión, reclama o dereito a ter vida e dar vida. É un arrepío constante, un urro de xeito extremo que pregunta por que abandonaron o rural á súa sorte sen políticas de rexeneración económica, de ordenamento do territorio, de aproveitamento do monte. ¿Que escuros intereses moven o Partido Popular para estas políticas de destrución do rural, de abandono e despoboamento consentido? Porque isto ten unha man negra detrás. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moi bo día a todos e a todas, e a vostede especialmente, señor Rivas, que o teño tamén detrás, como dicía o conselleiro de Sanidade.

Quero comezar a miña intervención expresando unha vez máis o meu máis sincero agradecemento a todos os profesionais que nas condicións máis extremas velan pola nosa seguridade, a do noso territorio e, sobre todo, a das nosas aldeas. Así se demostrou nesa fin de semana do 12 de setembro na que a Xunta despregou de forma extraordinaria uns dous mil efectivos e un total de 38 medios aéreos só na provincia de Ourense, sen descoidar o resto do territorio. Tamén en nome da Xunta de Galicia quero agradecer a cooperación que houbo de todas as administracións, do propio Estado, que aportou medios aéreos e a Unidade Militar de Emerxencias, pero tamén das entidades locais, dos concellos afectados. E aquí quero personificar o meu agradecemento neses alcaldes de calquera cor política que están sempre aí a carón dos cidadáns cando se producen os incendios forestais. *(Aplausos.)* Quero tamén facerlle o agradecemento ao conxunto da cidadanía que participou co servizo, que colaborou co servizo, co dispositivo de extinción.

Por iso, señor Rivas, me gustaría trasladarlle a necesidade de amosar respecto —digo isto como conselleiro do Medio Rural pero tamén como galego—, un respecto que se lle debe ao conxunto do servizo de prevención e extinción dos lumes de Galicia así como a todos aqueles que arriscan a súa vida por defender os nosos bens, os nosos montes e as nosas aldeas; respecto que eu non me canso de exixirlles, dado o encomiable labor destes profesionais. E, miren, falamos de axentes medioambientais, falamos de técnicos forestais, falamos de todos os que compoñen as brigadas, falamos, en definitiva, de todo o servizo de prevención e extinción de incendios da Xunta de Galicia pero, como dicía antes, tamén da Unidade Militar de Emerxencias, das brigadas de reforzo do Ministerio, de Protección Civil, dos bombeiros, de todas as forzas e corpos de segu-



ridade do Estado ou da Policía Autonómica, verdadeiros heroes para o conxunto da cidadanía. Deste respecto carecen as súas palabras, porque nin sequera falou deles.

Mire, señor Rivas, a solución da problemática dos incendios forestais tamén require dun consenso entre as forzas políticas. Tentamos ese consenso na comisión parlamentaria do 2018. Votou a favor o Partido Popular, o Partido Socialista —agradézollelo aos representantes que están hoxe aquí—, e votaron en contra, coma sempre, Bloque e En Marea. O consenso logrouse no grupo de expertos designados polo Parlamento no ano 2019 e querémolo tamén cos membros do servizo de extinción. E para iso están constituídos grupos de traballo coa universidade, para facer unha nova lei de prevención e extinción de incendios de Galicia que recolla solucións estruturais contra esta problemática baseadas na resiliencia do territorio, na planificación preventiva e na anticipación na resposta. E as medidas que imos tomar desde a Consellería do Medio Rural toman como punto de partida esas recomendacións dos expertos e do ditame. E voulle citar tres, porque vostede preguntaba sobre o que estamos a facer.

O plan de prevención recollido no Pladiga do ano 2020 foron 30 millóns de euros que nos permitiron, en primeiro lugar, desbrozar 46.000 hectáreas no territorio e chegar a 5.800 quilómetros de pistas e de carreteras de carácter municipal, autonómico e tamén estatal. Pero, miren, o obxectivo fundamental, cando hai incendios forestais, é a defensa das nosas aldeas. Falaba antes o deputado do Partido Popular desa situación 2 que nos coloca nun ámbito extremo na defensa desas aldeas.

Tamén no marco das recomendacións do ditame se firmou un convenio entre a Fegamp, a Consellería do Medio Rural e a entidade pública Seaga para implantar un sistema público de limpeza das franxas secundarias, o perímetro das aldeas, que aí temos que actuar. Foron outros 7,5 millóns de euros que meteu a Consellería do Medio Rural na loita contra os incendios forestais.

Máis medidas: o reforzo do servizo de extinción. Foi algo que demandamos todos. E fíxose así: incorporamos quiñentas persoas que estaban na entidade pública Seaga e duplicamos, señorías, duplicamos, o tempo de traballo do persoal discontinuo —de tres a seis meses—. Foron 12 millóns de euros anuais.

Pero temos que seguir e temos, probablemente, que traballar tamén na implantación de máis actividade agrogandeira, que actuará como base natural contra os incendios forestais. Agardo que na nova lei que presentaremos proximamente, de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia —que pretende precisamente iso, loitar contra os incendios—, apoien esa posición, porque é importante para todo o territorio.

Pero non podo finalizar sen nomear a causa máis frecuente pola que se orixinan os lumes no territorio galego. Voulle pedir, ademais, que na súa seguinte intervención condene os comportamentos incendiarios, señor Rivas. E respondendo á segunda cuestión que me plantexaba, aquí non estamos a falar de política forestal na orixe, estamos a falar dunha cuestión de orde pública, falamos de delitos incendiarios. Paréceme perigosísimo o que falou vostede do chisqueiro. Falamos de responsables que teñen a consideración de delincuentes porque poñen en perigo vidas de persoas.



E, mire, a intencionalidade quedou claramente demostrada neses días de setembro. Houbo unha extraordinaria actividade incendiaria: 67 incendios dende o 12 de setembro ao 17, e 22 deses incendios empezaron pola noite, cando se sabe que non podían actuar os medios aéreos —a maioría dos grandes incendios forestais de máis de quiñentas hectáreas teñen esas características—. E ademais houbo lumes con varios focos. Polo tanto, hai que seguir investigando e hai que acabar con esta lacra dos incendiarios. E eu quero facer un agradecemento aos axentes ambientais da Xunta de Galicia, que fan esas investigacións, e tamén ás forzas e corpos de seguridade do Estado, porque durante esta vaga foron quen de deter a catro persoas, tres delas collidas *in situ* —e levamos xa máis de cincuenta neste ano—.

Quero finalizar dicíndolles claramente a eses incendiarios que responderán por estes delitos con penas de cárcere e co seu patrimonio —pagarán, co que teñan, os gastos de extinción—. (*Aplausos.*) E ademais gustaríame tamén pedirlle á cidadanía a concienciación, a concienciación que todos requirimos para acabar con esta lacra. Porque máis pronto que tarde estes delincentes serán condenados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor conselleiro.

En primeiro lugar, gustaríame dar o pésame polos dous pilotos finados na extinción dos lumes no Xurés. Recentemente coñeciamos a nova de que un deles faleceu esta mesma semana.

Dende logo que a lacra dos lumes ao que tamén nos empuxa é a agradecer expresamente eses servizos, que citaba o señor conselleiro, de extinción de incendios, tanto os autonómicos como os locais e os nacionais, así como os das forzas e corpos de seguridade do Estado, pero sen olvidarnos tamén da colaboración inestimable dos veciños, dos que viven no territorio e que os sofren directamente. Foron difíciles e complexos eses días, e moita xente puxo en risco a súa vida. Vaia a nosa gratitude. E condenamos firme e contundentemente a todos aqueles que dalgunha forma provocaron os incendios forestais. Para nós non teñen outra consideración que a de criminais.

Dende logo sabemos o difícil que é artellar políticas que equilibren a extinción coa prevención. Ninguén demostrou ser infalible á hora de tratar estes incendios, incluso tendo responsabilidades de goberno. Non é unha loita doada nin moito menos, e fainos falta a máxima implicación de todos. A sociedade, o pobo galego, demándanos respostas a este problema, e o mellor para atopalas é facer unha diagnose real, clara e fidedigna a través da investigación.

Señor conselleiro, pedímoslle que sexa ambicioso na resolución desta lacra artellando, como o están a facer, todo tipo de medidas que nos leven dunha vez por todas á eliminación destes criminais...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ARMADA PÉREZ: ...de todas estas causas, e, dende logo, para preservar o máis...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada, terminou o seu tempo.

(O señor Armada Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo.

(Aplausos.)

Réplica do señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Señor conselleiro, falamos de abandono, falamos dun territorio que sangra cinza e terra polos regatos e ríos.

Nos últimos cinco anos, segundo contempla o Pladiga, Santalla de Montes, 72 lumes e 1.846 hectáreas ardidias; Pentas (A Gudiña), 41 lumes e 256 hectáreas; Sabuguido (Vilariño de Conso), 20 lumes e 4.861 hectáreas, e así podo seguir, sen contar as deste ano.

Temos un problema, e é o abandono. E temos uns culpables, que son vostedes e a súa indolencia e incompetencia. Así de claro. ¿Sabemos as causas dos lumes reiterativos? Porque un lume, cando se repite ano tras ano, ten unha causa que temos que investigar e atallar. Non é soamente quen pon o lume, son as condicións en que se pon lume. ¿Por que se pon lume? Si, si, unhas veces poden ser pastos, outras veces pode ser caza, outras veces pode ser calquera razón, pero hai que atallala porque estamos perdendo cartos.

¿Sabe de que vai aquilo que dicía o grupo de expertos dos comités de distrito? ¿Sabe de que vai? De reunirse todos os sectores implicados e facer unha diagnose de por que arde. ¿Por que todos os anos sentimos «Cualedro»? ¿Por que todos os anos oímos falar do Xurés? ¿Por que, señor conselleiro?

A política forestal do PP condénsanse nas palabras do presidente Feijóo: «A intencionalidade dos incendios en Galicia é un clásico». ¡Patético! É desespero. Renuncian, pois, a darlle solución, renuncian a poñer en marcha políticas forestais, agrarias, ambientais e de recuperación de poboación no rural. É incompetencia, é indolencia ou é mala fe. Ou, se cadra, é algo peor, o máis noxento dos negocios. Pero iso é para outro debate.

Por certo, temos a liquidación das brigadas de Seaga para a xestión das faixas. No canto delas, están agora contratadas privadas. De 140 a 180 euros por traballador e día. Máis caro. ¿De quen é o negocio, señor conselleiro?

E imos ao consenso...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas. Grazas, terminou o seu tempo.



(Aplausos.)

Peche polo conselleiro do Medio Rural destas preguntas acumuladas.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, de novo véxome na obriga de reiterar o que creo que é unha grave falta de respecto. Penso que non é nada considerado vir hoxe a esta Cámara terxiversando a realidade e, sobre todo, señor Rivas —e permítame o símil—, tocando de oído.

Por certo, se falamos de números, falemos das 120.000 hectáreas que arderon en Galicia durante ese marabilloso período de catro anos que foi gobernada polo Bipartito e polo señor Suárez Canal na Consellería do Medio Rural. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* (Aplausos.) ¡120.000 hectáreas, 120.000! Sabían eles perfectamente como resolvelo, e foron 120.000 hectáreas. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Home! Señor presidente, eu non vou dialogar, pero que aquí se diga que foron alcaldes do PP os que tiveron que ver con esas 120.000 hectáreas paréceme unha falta de respecto absoluto. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Rivas, por favor!

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Mire, máis alá do problema endémico que representan os lumes na nosa comunidade, é necesario —volvo repetir— poñer de relevo o recoñecemento expreso ao conxunto do dispositivo de prevención e defensa contra os incendios forestais. É máis, nese recoñecemento temos que afondar, sen ningunha dúbida —e podemos falar e voulle falar de consensos, por suposto, señor Rivas, se queren— na investigación. Temos que potenciar e reforzar esas brigadas de investigación. Pero nós iniciamos ese camiño con medios tecnolóxicos. Pode ser unha postura que vostedes non compartan, para meter máis medios humanos. Nós falamos e apostamos polos medios tecnolóxicos. Puxemos nesa xente, neses axentes medioambientais que se dedican á investigación, drones, puxemos cámaras de vídeovixilancia —que están dando moi bos resultados— e puxemos tamén a mellor tecnoloxía nestes momentos con equipos informáticos que nos van permitir potenciar moito a investigación. Este é, para min, un dos principais eidos nos que temos que traballar, xunto coas forzas e corpos de seguridade.

Pero quero facer un recoñecemento expreso a eses axentes ambientais, que son os que están no territorio e son os que coñecen con máis naturalidade e con máis cercanía os posibles comportamentos incendiarios. Miren, houbo actividade incendiaria na nosa comunidade, aquí non houbo raios, non houbo cuestións naturais. Aquí o que houbo foi unha actividade intencionada claramente amosable. De 67 incendios, como lle dixen, 22 foron en franxas horarias nas que era inviable que actuasen os medios aéreos. E ademais, como ben dixo vostede —non entendo a súa argumentación para darlle a este conselleiro do Medio Rural, a este Goberno—, en parroquias declaradas de alta intensidade incendiaria, o que acredita o que nós estamos dicindo dese comportamento incendiario. En concreto, 12 deles, dos 67, iniciáronse nesas parroquias que vostede mencionou moi ben, parroquias de alta intensidade incendiaria.



Pero, máis aló do magnífico servizo de extinción que temos en Galicia, de todos os esforzos humanos e materiais investidos na defensa dos nosos montes, sigamos atendendo esas recomendacións do ditame da comisión parlamentaria. Vostede estivo nela e, aínda que votou en contra, sabe que vai ben dirixido. Sigamos tamén as recomendacións do grupo de expertos, como a dos avións de carga en terra, que metemos xa o ano pasado atendendo ás súas recomendacións. Trallemos aí, que é o que estamos facendo nós. Nós traballamos, como lle dixen antes, co plan de prevención e tamén co convenio que firmamos coa Fegamp, seguindo esas recomendacións. E, polo tanto, pedimos seguir así.

Dende logo, o que para nós é intolerable é que se cuestione deste xeito persoas que arriscan as súas vidas para garantir a nosa seguridade e a dos nosos bens. Para nós tamén é intolerable que este discurso, señor Rivas —fíxese no que lle vou dicir—, transcenda á sociedade, e que se vivan episodios como o que vivín eu en Vilariño de Conso, onde houbo grupos de cidadáns —aos que, por suposto, desculpo— que me chegaron a dicir que o servizo de extinción non quería apagar os incendios. Os políticos non podemos colaborar en fomentar este discurso coa nosa desunión. É intolerable, señor Rivas e señores do Partido Socialista, que haxa representantes políticos galegos que falen dos incendios forestais sen recoñecer, en primeiro lugar, o traballo do dispositivo de extinción ou sen condenar os comportamentos incendiarios só por facer política. ¡Pero como non podemos condenar eses comportamentos incendiarios! É preciso trasladar a verdadeira realidade acerca do funcionamento do servizo para evitar situacións tan lamentables.

E, mire, nós reforzamos o servizo, pero con cartos, con feitos. Incorporamos, como lle dixen, persoal na empresa pública Seaga, duplicamos o tempo de traballo do persoal fixo-descontinuo. Pero, ¡vamos ver!, 12 millóns de euros no capítulo I ¿non lle parece esforzo suficiente para darlle esa continuidade a ese persoal? E seguimos con investimentos no servizo. E imos continuar, por suposto, porque temos que levalo a onde todos queremos, que é reforzar máis, se cabe, o seu magnífico traballo.

Temos ese punto de partida, señor Rivas, tendamos pontes. É a nosa obriga respecto da cidadanía galega avanzar nesta cuestión, establecer acordos entre as forzas políticas e deixar de focalizar unha dificultade destas dimensións como un mero debate partidista. Sumemos esforzos na loita contra os incendios forestais e busquemos solucións estruturais axeitadas. Esta colaboración ten que vir pola vía de pactos, acordos e apoios directos á adopción de mecanismos que permitan preparar o noso territorio, que esa é a solución estrutural. Prégolles que teñan en conta que vai recollese na Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia a implantación de discontinuidades no territorio por motivos de prevención.

Pero eu non vou finalizar esta miña intervención sen facer o que fixen na primeira, que é facer fincapé no principal axente causante dos lumes en Galicia e apelando de novo á responsabilidade de todos e todas á hora de denunciar estes delincuentes. Nós temos que traballar poñendo todos os medios tecnolóxicos e os medios humanos posibles, e ademais pregamos a colaboración de toda a cidadanía. Vanme permitir que remate, por suposto —como fago sempre que falo de incendios—, dicindo que temos un teléfono anónimo, confidencial e gratuíto, que é o 900 815 085, para denunciar todos os comportamentos incendiarios, porque os delitos dos incendiarios non poden quedar, baixo ningún concepto, impunes.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a consideración polo Goberno galego da posibilidade de reinvestir no propio sector marisqueiro a parte que poida quedar sen adxudicar do orzamento destinado á convocatoria de axudas da Consellería do Mar publicada na Orde do 4 de agosto de 2020

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señora conselleira, antes de nada permítame que nesta miña primeira intervención neste hemiciclo lle desexe en nome do Bloque Nacionalista Galego moitos éxitos no seu labor para os vindeiros catro anos. O seus éxitos, os seus acertos, señora conselleira, serán moi benvidos nun sector que evidentemente está moi necesitado de accións que o favorezan.

Señorías, o sector do mar na Galiza padeceu durante o estado de alarma unha situación ben complicada. No caso do marisqueo a pé caeu a facturación ata un 77 %. E, no entanto, esa caída non foi considerada suficiente polas administracións competentes como para suspender a súa actividade e evitar así, cando menos, unha parte da mingua económica do sector debido á pandemia. Tampouco se considerou un sector susceptible de rebaixa ou de conxelación das súas cotas á Seguridade Social. Malia todos os obstáculos, o peixe e o marisco seguiron chegando ás lonxas e os mercados non se viron desabastecidos en ningún momento.

O Goberno galego, diante das axudas —dende logo insuficientes— convocadas polo Goberno do Estado, non tardou en pedir literalmente que se simplificase o acceso ás axudas, e lamentou que non houbera máis apoio ao sector por parte do Goberno do Estado.

Pois ben, a pesar desas exixencias a outras administracións, a galega, a Consellería do Mar, convocou as súas propias axudas ao sector marisqueiro coas mesmas ou máis grandes eivas aínda que as que tanto criticara. Convocounas tarde, moi tarde —na Orde do 4 de agosto—, e, dende logo, baixo o noso punto de vista, cunhas condicións de acceso que parecen estar pensadas precisamente para que accedan a elas cantos menos profesionais mellor.

Nós entendemos que os máis de 5.200.000 euros destinados a estas axudas da Consellería van quedar, nunha boa parte, sen executar e que os anuncios rimbombantes da Consellería van quedar niso, en simple propaganda. E non está o sector como para que non se aproveiten todos e cada un dos euros destinados a el. Por iso queremos saber, señora conselleira, se está disposta a reinvestir no propio sector marisqueiro, que tantísimas necesidades ten, a cantidade que quede sen conceder desa orde de axudas, deses máis de 5,2 millóns de euros. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Resposta da conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.



Señorías.

Señora Pérez, permítame que en primeiro lugar agradeza de corazón as súas palabras. A verdade é que o único que desexo no meu traballo diario é acertar nas decisións que teño que tomar, porque sei que no acerto desas decisións estará o futuro do sector marítimo-pesqueiro de Galicia.

En canto á pregunta que vostede me fai de maneira concreta, eu quero facerlle unha clara afirmación. E a resposta é que si, é que si con claridade e sen máis manipulación. E é que si por dúas razóns fundamentais: a primeira, porque dende o minuto un, dende o día 16 de marzo, estivemos traballando dunha forma moi dura e moi constante para conseguir convencer as autoridades europeas de que era necesario habilitar o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca para que tamén as mariscadoras a pé puidesen ter acceso a estas axudas; e a segunda razón é que, unha vez que convencemos a Unión Europea, o propio destino dos cartos contidos no Fondo Europeo Marítimo e de Pesca ten que ser ese, o sector marítimo-pesqueiro e, dentro del, os diferentes subsectores, como o do marisqueo, atendendo aos fins e aos obxectivos marcados nos artigos 5 e 6 do devandito regulamento.

Pero tamén hai unha proba máis do referendo desta afirmación que eu acabo de facer, e é a aprobación na pasada comisión de pesca da obriga legal de gastar no sector os cartos do fondo sectorial para os que se pediu o apoio.

Pero vostede fixo unha serie de matizacións na súa intervención que a min me gustaría clarificar. Unha é sobre o que entendemos por axudas, e tamén sobre o que se fixo dende o Goberno central e o que se fixo dende a Xunta de Galicia.

É certo que vostedes nos acusan de que saímos tarde coa nosa orde de axudas e que outros se adiantaron. Mire, as supostas axudas que cobraron algunhas mariscadoras como consecuencia da cotización que fan todos os meses ao réxime especial do mar non son axudas, son prestacións ás que teñen dereito porque precisamente para iso cotizan todos os meses. E iso foi o que demandamos dende o minuto un ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; e ao Ministerio de Sanidade, que declarase que o marisqueo non era unha actividade esencial posto que o seu canal de comercialización se atopaba pechado. Polo tanto, pediamos que se declarase o cese de actividade, cousa que non ocorreu. E o que lle tiveron que dicir directamente dende o ISM ao propio sector é que eu non era competente para declarar ese cese de actividade, e a Orde do 4 de agosto non se puido publicar antes porque era preciso e necesario que antes o Estado publicase o real decreto de modificación do programa europeo para nós poder acollernos á posibilidade de facer esas axudas. Pero fixemos a orde de axudas, e os cartos están aí á disposición de todos, ademais de ter que pelexar para que considerasen...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...que non eran suficientes 50 euros senón unha media de 90 euros para...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Réplica da señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, estoulle moi agradecida por me ter explicado hoxe —ata o de agora non o sabía— a diferenza clara entre axudas e prestacións. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Señora conselleira, vostedes, en xeral —non o digo só pola súa consellería—, teñen o costume de botar balóns fóra. Cando non é contra o Goberno central —que, en fin, é moi lexítimo, evidentemente, nós tamén o criticamos cando hai que crítico— pois é contra o propio sector ou é contra calquera outro axente. Pero vostedes, aparentemente, nunca teñen a culpa de nada.

E, mire, señora conselleira, resulta que as condicións establecidas na Orde do 4 de agosto da Consellería do Mar son establecidas pola Consellería do Mar. Estas condicións foron establecidas por vostedes. E, en primeiro lugar, xa non me vou referir ás incompatibilidades, porque evidentemente suelen ser habituais este tipo de incompatibilidades con outras axudas. Agora ben, a condición, por exemplo, de estar en situación de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar no momento da solicitude e durante a vixencia do permiso de explotación para o 2020, iso é absolutamente inconcebíbel se vostede fala con calquera mariscadora. É practicamente imposíbel que, efectivamente, non teñan algún período de baixa. Se teñen un pequeno período de baixa ou un gran período de baixa, non poden acceder. Pero, ademais, é que son vostedes, dende a Consellería do Mar, os que establecen a media, precisamente, dos días de actividade para facer o cálculo. E establecen —e fáleo tamén coas confrarías das distintas zonas— unha media de días traballados pois especialmente baixa, á que é moi difícil acceder desde gran parte das confrarías ou das persoas que integran o marisqueo a pé nesas confrarías. É moi difícil acceder a esas axudas.

Polo tanto, señora conselleira, agradézolle —insisto— a súa explicación do principio, pero tamén lle agradecería moito que asumise as súas propias responsabilidades e fose consecuente co que vostede dita no *Diario Oficial de Galicia*.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández. Terminou o seu tempo.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peche desta pregunta pola conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Si, señor presidente, moitas grazas.

Señora Pérez, mire, eu nunca fun de botar balóns fóra. Eu asumo as miñas consecuencias e as miñas decisións. E eu non é que queira darlle aquí unha lección maxistral pero vostede ten que entender que o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca se basea nun regulamento que está aprobado polos vinte e sete países membros. E é ese regulamento o que establece as condicións. Non son eu a que digo que nos dous anos anteriores teñan que ter traballados 120 días, é que o di o regulamento. E así se recolle tamén na orde de axudas de parada temporal que publicou o Estado. Aí non podou eu facer ningunha modificación.



En canto a estar de baixa ou non estar de baixa, non confundan a xente, unha cousa é estar de baixa médica —e as mariscadoras teñen dereito a estar de baixa médica e a cobrar estas axudas— e outra cousa é estar de baixa da actividade. É lóxico pensar que non poderán ter axudas as mariscadoras que están de baixa na actividade, o lóxico é que as axudas sexan para as mariscadoras que están de alta na actividade. Son esas as dúas cuestións ás que vostede me facía referencia.

E dígolle máis: se nós pelexamos en Bruxelas para conseguir fondos e nós, como comunidade autónoma, asumimos o cofinanciamento deses cartos que veñen de Bruxelas porque o Estado se puxo de lado e non aportou nin un céntimo para cofinanciar as axudas das mariscadoras, tamén lle teño que dicir que esa vontade que vostede amosa aquí de defender o sector do marisqueo a pé oxalá llela trasladen tamén aos seus grupos representantes en Bruxelas. Porque o Grupo dos Verdes, no que vostedes están integrados, foi o único que rechazou que se fixeran emendas para incluír as mariscadoras a pé porque entendía que co SURE xa tiñan suficiente as mariscadoras.

Polo tanto, o meu compromiso co marisqueo a pé lévoa acreditado nos máis de trinta anos de traballo na Consellería do Mar e seguireino acreditando. Seguirei loitando por elas, como fixen durante toda esta pandemia dende o día 16 de marzo, (*Aplausos.*) momento no que empecei a pedirlle ao Estado que tivesen a consideración e que soubesen o que é o marisqueo a pé, que soubesen que a xente que traballaba nas embarcacións podía desenvolver o seu traballo a pesar da precaria situación na que se atopaban, a pesar de chegar á lonxa e non ter o prezo suficiente por ese peixe que traían todos os días para a terra para que non nos faltase o alimento. Pero pedirilles ás mariscadoras que fosen declaradas actividade esencial sabendo que a maior parte do seu traballo ía destinado ao canal de comercialización que estaba pechado pareceume totalmente inxusto, e así o direi sempre. E por iso sempre defenderei o traballo destas mulleres e buscarei todas as liñas de axudas posibles neste ano e no ano seguinte tamén.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Antes de dar por rematada a sesión, quixera —por favor só é un segundo, non os vou entreter moito máis— darlles as grazas polo desenvolvemento da sesión. Estivo moi ben para ser a primeira. Sigamos así. E, dentro diso, pois quixera facerlles unha petición. Temos contemplado no Regulamento —e diríxome a todos os deputados e deputadas— que aquí dentro do hemiciclo non se poden facer fotos nin gravacións. E pídlles por favor que cumbran isto. Eu non vou ser o detective que estea mirando quen fai e quen non fai, non. Tería que actuar despois —cousa que non quero—. Pero pídllelo tamén polo ben de todos, porque as fotos —de verdade, dígollelo pola experiencia que levo aquí, que son o máis veterano— cárgaas o diablo. Polo tanto, escapemos de facer gravacións e fotografías aquí, porque sei o que pasa. A experiencia témola de lexislaturas pasadas. Por favor, cumpramos isto.

Nada máis, pídllelo por favor.

Moitas grazas.



Remata a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Daniel	(BNG)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pérez López, Noelia	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Porro Martínez, María Corina	(P)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Prado del Río, Paula	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Puy Fraga, Pedro	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Rey Varela, José Manuel	(P)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
18. Cores Tourís, José Manuel	(P)	56. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Fernández Prado, Martín	(P)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	64. Sanz Arias, Cristina	(P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Seco García, Martín	(S)
28. García Martínez, Fabiola	(P)	66. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
31. González Vázquez, José	(P)	69. Torrado Quintela, Julio	(S)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Martínez García, Valeriano	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Vereá Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

